RTVG
Radio Televisión de Galicia

Ano 1 • Número 4 • Marzo • 150 pts. • 180 Escudos

MARIÑEIROS GALEGOS EN CAUTIVIDADE

RAMÓN VILLOT, NOVO DIRECTOR XERAL DA CRTVG

MÁIS DE 100.000 PESCADORES SAIRÁN ESTE MES ÓS RÍOS DE GALICIA

CALENDARIO DE CINE E RETRANSMISIÓNS DEPORTIVAS NA TVG

A metade de Galicia venos...

... e a outra metade fala ben de nós

É lóxico porque sómo-la Televisión de Galicia. Con bos medios técnicos e un extraordinario equipo humano avanzar ás carreiras é fácil.

Tendo unha programación ben estudiada e os temas que lle interesan a vostede, é fácil que vostede se interese por nós, que nos vexa e que nos recomende. Cunhas películas "de cine", cuns deportes "de campionato", cuns informativos de primeira páxina, cuns espacios culturais e divulgativos que darán que pensar. Con todo esto, pronto nos vai ver todo Galicia, e todo Galicia vai falar ben de nós.

Porque sómo-la Televisión de Galicia

Imaxe, Barro&CDP

RTVG Radio Televisión de Galicia

Edita:
Departamento de Comunicacións e Relacións Externas da CRTVG.

Director:
José Manuel Orriols Núñez.

Redactores e colaboradorés:
Manuel Antonio Nieves, Carmiña Blanco, Alberto Avendaño, Narciso García Fernández, Xoán Cuba, Antonio Galan, Pedro Quiroga Gayoso, Xosé Ramón Sanz de Siria, Santiago Pemán, Miguel Anxo Fernández, Xenaro Sánchez Paz, Araceli Filgueiras, Rosa Villacastín, M.ª del Carmen Samartín Cormes, Margarita A. Bustelo, Anxo Carballeira, M.ª Teresa Pérez, José Manuel Delgado, Mayte Suárez, J. L. Valdés.

Fotografía:
Serxio López, C. Quián (Voz Noticias), Foto Lalo, Ángeles Alonso, Arquivo M.A.F., Arquivo M.ª C. Samartín, Carlos Alonso, Pili Prol, Ángeles Martín, Xurxo Lobato (Voz Noticias), Lalo Villar, X. Piñón.

Deseño e maquetación:
Equipo Catro.

Secretaria de redacción:
Lourdes Inza.

Deseño Gráfico: TVG.
Luís Lage, Oscar Canal.

Asesoramiento Linguístico:
X. Antón L. Dobao, M.ª Xesús Vázquez, Xosé M.ª Gómez Clemente.

Xefe Comercial:
Carlos Teruel.

Promoción de publicidade:
Manuel Barros.

Xestión Administrativa Comercial:
Cristina Pérez.

Secretaría Comercial:
Manuela Devesa.

Redacción, Administración, Publicidade e suscripcións:
BANDO (SAN MARCOS)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fotocomposición:
Consulgraf, S. A.
Nicolás Morales, 34, 1.º
Teléfonos: 471 29 08/10
Fotomecánica:
Zescán, S. A.
Nicolás Morales, 38-40
Teléfono: 472 33 12
Depósito legal:
M. 41.962-1989
Imprime:
Gráficas Estella
Ctra. de Estella a Tafalla
km. 2, Navarra.

ANO I ● NUMERO 4 **SUMARIO** MARZO DE 1990

4 Mayte Suárez, esposa de Xesús M. Rosales López, fala dos meses de odisea islámica deste galego capitán da Mariña Mercante, e solidarízase coas esposas dos **mariñeiros galegos secuestrados** en Mozambique, mediante unha carta aberta á liberdade.

10 **HOMBRES G.** Analizan os efectos sociais que tiveron como grupo.

14 Galicia ten na súa poboación estudiantil perfis destacados de **rapaces superdotados** e nenos intelixentes, afeitos a estaren sempre no cume.

20 **A Camelia,** flor de Galicia.

26 A película do mes **«KARATE KID I»**, próximamente nas pantallas de TVG.

32 **Paloma Lago,** unha galega «Moza Bond».

36 **Deportes na TVG.** Este ano están previstas 450 transmisións deportivas.

42 **Os Ancares,** parque natural de Galicia.

50 **Ramón Villot y Villot, novo Director Xeral na CRTVG.**

54 Xaime Fandiño, realizador e director de **VELAI,** lembra os catorce programas que fixeron as ledicias de moitos galegos.

58 O **doutor Barraquer** móstranos-la face humana dunha xeración familiar de prestixiosos oftalmólogos.

62 Todo o **cinema do mes de marzo** na TVG.

66 **TÁPAME-TÁPAME.** A RAG «despecha» a clave dun programa que cada día cumpre cos seus ointes, entre as 12 e as 3 da noite.

70 **Tip e Coll.** A cómica parella confésase.

74 Máis de 100.000 galegos van **pescar** este ano nos ríos galegos.

80 María Moreira. Tendencias Primavera-Verán 90.

83 A xente fina ponse a traballar.

86 **Os pasatempos** e o humor con Xoán Cuba e Antón Galán.

88 **O Sabedoiro** fóra da escola.

90 A Hipertensión Arterial.

92 **O Salmón.** Araceli Filgueira dálle a benvida con receitas para un menú sinxelo e completo.

90 **David Bowie.**

96 O signo zodiacal dos **«Peixes»** e as predicciόns para o mes de marzo.

98 **Santiago Pemán** saúda a entrada da Primavera neste mes de marzo.



Os catro mariñeiros galegos, Felipe Hermo, Xosé Luís Pedrosa, Xosé M. Alonso e Manuel Rivas secuestrados pola Resistencia Nacional de Mozambique (RENAMO).

As mulleres dos mariñeiros manifestaron que a situación é angustiosa, aínda que todas elas teñen esperanza e fé en que todo saia ben.

CATRO GALEGOS NAS SELVAS DE MOZAMBIQUE

O 10 de novembro comezaba como un día máis para os mariñeiros do remolcador Cauderán, embarrancado nunha barra de area nas praias de Quelimane, en Mozambique. Pero, sen embargo, para os catro galegos, Felipe Hermo, Xosé Luís Pedrosa, Xosé Manuel Alonso e Manuel Rivas, ía ser un día especial, porque principiaba para eles unha nova aventura nas súas particulares historias, cheas xa de sustos no mar, de perigos e de incertezas, como calquera dos moitos mariñeiros da nosa terra que navegan por tódolos mares do mundo.

● Por J. M. Orriols. ■ Fotos: Arquivo TVG.



DESQUE en 1974, coa revolución dos caraveis en Portugal, este país se desfixo da práctica totalidade das súas colonias, entre elas Mozambique, este país africano vive en constante guerra civil. O goberno opóñenselle, de maneira sanguenta e mediante a guerrilla, os membros da Resistencia Nacional de Mozambique (RENAMO), que son os que agora teñen no seu poder ós catro mariñeiros galegos, cos que tentan negociar, ou alomenos converter este secuestro nun acto reivindicativo e propagandístico na súa loita contra o goberno marxista.

NO PARQUE DE GORONGOSA

A noite do 10 de novembro, e despois dun tiroteo intenso, os guerrilleiros entraron no remolcador, que levaba xa mes e medio embarrancado, e levaron como reféns cinco mariñeiros, entre eles o capitán Augusto García, a quen despois dunha xornada de camiñada pola selva deixaron en liberdade porque non podía seguir a camiñar porque se lle inflamou unha perna. Os outros catro, todos eles galegos (o xefe de máquinas, o contramestre e dous mariñeiros) seguiron a súa marcha, previsiblemente e a xulgar polas declaracións dos membros da RENAMO en Portugal, ata a zona de Gorongosa, un lugar inexpugnable na selva onde ten o seu cuartel xeral este movemento guerrilleiro, situado a uns douscentos quilómetros de distancia. É probable, por tanto, que lles leva-

CODIGO DE CALIDAD
Este es el Código de Calidad de Caixa Galicia. Un código que representa el compromiso permanente de ofrecer a todos los clientes de la primera entidad financiera de Galicia EL MAYOR NIVEL DE CALIDAD DE SERVICIO.
Un código que usted ya conoce y que supone el empeño constante de una gran organización financiera para mejorar día tras día sus servicios. Para seguir manteniendo el liderazgo en innovación y vanguardismo. Para estar siempre cerca de usted. Para entenderle y atenderle como usted quiere: con un trato afable y personalizado, con eficacia y profesionalidad.
Así es el Código de Caixa Galicia.
CAIXAGALICIA



Mozambique é un país africano que vive en constante guerra civil desque en 1974 Portugal se desfixo desta Colonia.

se uns quince días de marcha. Desde aquela ata hoxe fixéronse xa múltiples xestións para obte-la liberación destes mariñeiros, pero o máis que se conseguiu foi confirmar que están ben de saúde e que a guerrilla ten intención de liberalos proximamente, «cando pasen as chuvias», segundo declarou un voceiro da resistencia, pois esta circunstancia fai imposible o traslado pola selva.

MÁIS DE SEISCENTOS MARIÑEIROS GALEGOS EN MOZAMBIQUE

Máis de seiscentos mariñeiros galegos traballan en barcos marisqueiros nas costas de Mozambique, de augas ricas en lagostinos e gambas principalmente, e en barcos pertencentes ós secuestrados. A situación destes mariñeiros é penosa desque en 1975 comezou a RENAMO as súas actividades, porque a subministración para as compañías pesqueiras é difícil, xa que constantemente se ven afectados os envíos por ataques e saqueos que o goberno daquel país non pode evitar. Por outra parte, as materias primas escasean e os barcos que fondean nos principais portos do país non se poden fornecer doadamente do máis preciso. De calquera maneira, a pesca é abundante e a rendabilidade alta, polo que estas dúas empresas se seguen resistindo a deixar aqueles caladeiros.

As materias primas escasean e os barcos que fondean nos principais portos do país non se poden fornecer doadamente do máis preciso.

UNHA EXPEDICIÓN DO CONCELLO DE NOIA A MALAWI

Unha expedición do concello de Noia, formada polo avogado Manuel Meiriño e Aylin Calvo, trasladouse ó estado de Malawi para poñerse en contacto coa RENAMO e cos secuestradores por medio de misioneiros evanxelistas norteamericanos que viven nas selvas de Mozambique. Os representantes do concello celebraron diversas reunións cos membros do movemento revolucionario mozambicano e mais con xornalistas británicos principalmente, que teñen acceso ó lugar onde están os mariñeiros galegos secuestrados.

Desde a capital Blantyre entraron en contacto cos guerrilleiros. Estes tranquilizaron as familias dicíndolles que os reféns estaban perfectamente e que de alí a poucos días estarían en liberdade pois as negociacións co goberno español, que ó parecer están concedendo diversas axudas ó goberno do FRELIMO, ían por moi bo camiño e xa se conseguiran importantes contraprestacións, e sobre todo ante a posibilidade de que o actual goberno de Mozambique convoque de contado novas eleccións. Actualmente, e despois de diversas accións, entre elas a explosión dun tren e o bloqueo da enerxía eléctrica para a capital, Maputo, a RENAMO parece que adquiriu outra volta un importante protagonismo naquel país.

Pola súa parte, os familiares dos secuestrados manifestaron a «RTVG» que eles desautorizaban esta expedición do concello, xa que incluso podía poñer en perigo a liberación. Teñen promesas e informacións do Ministerio de Asuntos Exteriores de que a liberación está próxima. Púidose saber da Cruz Vermella Internacional que, pasado o día un, calquera día poden volve-los mariñeiros ós seus fogares.

As mulleres dos catro mariñeiros, dous de Noia, unha de Cangas e outra de Poio, temén se xuntaron na casa do Concello para trataren entre todos de buscar unha solución. Manifestaron que a situación é angustiosa para elas e temen que, como xa pasou hai algún tempo, cando o armador pretendeu obte-la liberación ó parecer cun rescate, se poida volver a estraga-la operación, aínda que todas elas teñen esperanza e fe en que todo saia ben, coa tranquilidade das novas chegadas de Malawi de que os seus homes están perfectamente. ●

A odisea islámica do capitán da Mariña Mercante, víctima da súa propia honestidade profesional

XESÚS MANUEL ROSALES, dez meses no cárcere en Irán

● Por: Mayte Suárez. ■ Fotos: Arquivo Mayte Suárez.

Desde hai dez meses, o capitán galego Xesús Manuel Rosales López está preso na cadea iraniana de Bendar Abbás. Está acusado de ter responsabilidade no tráxico accidente de petroleiro «Minab IV», ocurrido o mes de abril de 1989 na badía de Bandar Abbás, que provocou un derramamento de cru refinado. Como consecuencia do derramamento faleceron quince persoas que habitaban en barcazas fondeadas nas proximidades da terminal de carga. Segundo parece, o erro dun marineiro bombeiro, que non pechou unha das valvulas, ocasionou a catástrofe da que se quere facer responsable ó mariñeiro galego, que figuraba como Primeiro Oficial do petroleiro. Mentres o capitán do buque, de nacionalidade alemana, e mailo resto dos mariñeiros fuxían das súas responsabilidades, Xesús Manuel Rosales López caeu víctima de súa propia honestidade profesional. As autoridades iranianas piden pola súa liberdade dez millóns de dólares, uns mil cen millóns de pesetas.

Xesús Manuel confía no seu goberno. Só mediante a intervención diplomática vai obte-la liberdade. Vimos un gran home e un excelente mariñerio afundido moralmente. As pegadas da soidade no seu rostro falan de moitas horas de incerteza e de angustia vividas no interior dunha cela, lonxe do seu mundo, do seu medio. Só lle pido a Deus que non permita que perda a súa estima persoal, porque xa dubida de se paga a pena ser boa persoa».

Como muller de mariñeiro coñezo perfectamente a tristura de vivir na soidade. Por iso, cando tiven a oportunidade de me desprazar ó Irán, en decembro de 1989, o encontro co meu home foi unha simbiose entre a muller a periodista que loita pola defensa dos dereitos humanos dalguén ó que, neste caso, lle foron negados de vez. Procurei darlle azos e facer un borrancho na súa vida de catividade, para lles facer un oco ós minutos de felicidade. Iso foi algo que, en certo modo, non logrei, aínda que resultaba moi difícil facer feliz a un home contra reloxo e cando o seu regreso ó cárcere se producía por motivos de total inxusticia.

A odisea islámica do meu esposo e capitán de Mariña Mercante comezou en marzo do ano pasado, cando foi contratado como Primeiro Oficial no petroleiro «Minab IV», pertencente á Compañía Nacional Iraniana de Petróleos (INTC). Enrolouse por medio da consignataria bilbaina Fullman, por requirimento da empresa estatal iraniana, que coñecía doutras veces a sobrada garantía profesional de Xesús Manuel. A súa vocación como mariñeiro e os seus case que veinte anos de experiencia na ruta do Golfo Pérsico, xunta varios anos de navegación cos iranianos cando a empresa estatal estaba asociada a unha navieira inglesa, avalaban a súa traxectoria profesional. A guerra do Golfo sorprendeu o meu home, e gracias ó seu sangue frío moitos mariñeiros puideron salvarse dun dos mísiles que daquela avisaban cando chegaban ó branco.

Mil cen millóns de pesetas vale a súa liberdade.

Con todo, a nosa traxedia familiar principiou de veras o 13 de maio, cando Xesús Manuel foi preso e encarcerado na cadea de Bandar Abbás, a mil catrocentos quilómetros da capital, Teherán, como único responsable do accidente que lles custou a vida a quince iranianos que vivían nas barcazas próximas á terminal onde se descarga o petróleo. Aquilo era algo incomprensible para a mentalidade europea, pois saltaba tódalas normas internacionais sobre seguridade portuaria.

Tódolos máximos responsables do petroleiro despareceron de Irán, quitado Rosales, que non fuxiu do seu posto, como oficial que dirixía a descarga do petróelo do «Minab IV». O



CARTA ABERTA Á LIBERDADE

Co horizonte como único determinante dun futuro máis prometedor, o home do mar vai tecendo día a día o seu propio destino a golpe de timón, abandonando en cada hora da súa vida unha bagaxe de ilusións e esperanzas perdidas para sempre no ronsel do lento e duro transcorrer da súa adicación profesional.

Desgraciadamente, non todos poden elixi-lo seu destino, e son por foza, cidadáns do mundo coa única equipaxe esperanzadora da volta ó fogar, do retorno ó porto estable da familia, da muller que poida, coa súa comprensión, facer borra-los sensabores da soidade, compañeira inseparable dos que teñen toda a rosa dos ventos como servidume profesional.

Homes varís coa alma da poeta, como foron definidos, que arreo buscan nas dobras das ondas a aventura da mantenza diaria sen sospeitaren que, calquera día negro, poden terminar recluídos nunha escura cela polo único delito de abandonaren patria e familia na prosaica motivación da propia existencia: darlles de comer ós fillos. Só daquela, cando as meniñas dos seus ollos e maila súa alma, afeitas a perspectivas do infinito, afrontan a realidade de catro paredes e uns barrotes carcereiros, só daquela lles é dado espertaren do soño. Bruscamente.

Se alguén dixo que amar é sufrir, poderíase engadir que, desde a miña experiencia personal, tamén é aprender a chorar. A chorar de impotencia por defender a quen leva a vocación do mar na flor da pel, comprobando que desde a realidade burocrática están vendidos, abandonados á súa sorte, completamente indefensos. Chamar ás portas de quen empuña as rendas do poder é unha angueira tan dura como inútil, ata que, tralos iniciais desplantes, se logra toca-la febra sensible dos que teñen a responsabilidade de atender a tódolos cidadáns do Estado español.

Como lembraba a grande poetisa da saudade, Rosalía de Castro, as mulleres do mar, viúdas de vivos, tamén nos imos curtindo cos golpes da vida e aprendemos a pasar do pranto á enteireza, na esperanza de que o retorno non sexa só posible, senón inmediato. ●

seu equipo non foi declarar sequera, nin tampoco non foi o capitán apelidado Sckmidt, que abandonou ó meu marido, quen en ningún momento eludiu a súa responsabilidade como mariñeiro. Os avogados contratados pola Embaixada Española no Irán, aínda que louvan ese xesto, recoñecen a delicada situación en que está o meu home.

REFÉN

Desde o primeiro momento da súa detención consideramos que Xesús Manuel permanecía preso en Bandar Abbás, en condición de refén ou garantía para que as familias das 15 víctimas morais cobrasen as indemnizacións pertinentes. A decisión de procesalo pretende pasar por alto tres feitos fundamentais: a propia imprevisión das autoridades iranianas ó consentiren que os barcos fondeen preto dos petroleiros; dáse por supuesto que a supervisión das manobras de descarga por parte do capitán Rosales é argumento suficiente para asegura-la súa culpabilidade; ademais, procésase soamente un mariñeiro do buque, e quedan en liberdade o máximo de responsables de calquera continxencia, entre os que estaría o capitán alemán. A tripulación estaba formada por seis europeos, e o resto eran iranianos, paquistanís e hindús.

Juan Antonio Samaranch, presidente do COI, pediulle ó presidente da República Islámica a liberdade do mariñeiro galego.

O seu encarceramento preventivo foi ordenado por un tribunal perante o que compareceu Xesús Manuel sen intérprete nin avogado. Estaba totalmente só, coa súa palabra contra a do avogado da compañía armadora, e fronte a unha peculiar investigación do accidente por parte da INTC. Como nos dicía nas poucas horas que vivimos xuntos en Bandar Abbás, «soamente empecei a ve-la luz da esperanza coa visita dos técnicos do Instituto Social de Mariña, Pedro Contreras e Vicente Gurrea, depois de seis meses de silencio». A administración española ataba tódolos cabos, pero non atopaba a forma de atacar definitivamente o problema.

Por fortuna, a idea do suicidio desapareceu da súa mente cando, sen máis explicacións cá da importancia ante a súa defensa, lle encerraron cos presos comúns no cárcere de Bandar Abbás, cando lle raparon a cabeza e cando lle tomaron as pegadas dactilares como a un vulgar delincuente. Viuse danada toda a ética dunha persoa e, con esa mesma impotencia, dicíanos: «Que pasou... vin a este país a traballar e agora estou no cárcere...».

A pesada e angustiosa maquinaria burocrática e diplomática española púxose en marcha despois dos seis meses de tentar un problema internacional cun galego preso no Irán e sen trazas de solución. O Ministerio de Asuntos Exteriores, xunta o de Transportes e Comunicacións e equipos de avogados en dereito internacional, puxéronse a traballar nun tema «prioritario para o Ministerio de Asuntos Exteriores e para Embaixada de España no Irán», segundo o propio ministro, Francisco Fernández Ordóñez. E un equipo de expertos que só pensa en libera-lo capitán Rosales; pero xa transcorreron dez meses, e a lentitude na resposta das autoridades iranianas e da Compañía Aseguradora, a Steamship Mutal an Retig Asociation Ltd., pesa como unha lousa no tempo. ●

O grupo está agora nun novo camiño, que, sen significar un cambio total, quere ser algo máis intimista.

David Summers non quere ser un rebelde sen causa

HOMBRES G

«CANTAMOS PARA TODO TIPO DE XENTE, PARA AS RAPAZAS E PARA OS DE 50 ANOS»

● (FI)/CIBELES ANDRADE
Fotos: C. Quián (VOZ NOTICIAS)

Eles non presumen de cantar ben nin de ser extraordinarios, pero teñen toda a forza que lles dan múltiples mozos que arrasan por velos facer de rebeldes sen causa. David Summers —o ídolo consentido do grupo—, Javier Molina, Rafa Gutiérrez e Dani Mezquita esperan a actuación como rapaces rebuldeiros, imaxinando baladas máis suaves e serias para dárense a coñecer mellor ó seu público fiel. *Hombres G* é a imaxe idónea dunha mocidade que asalta os problemas cunha forte dose de diversión. Así o parece reflexa- lo seu último LP *Voy a pasármelo bien*, aínda que David Summers se adianta a dicirlles ás mociñas quincelas «que non pensen que só somos catro rapaces burlegos».

HOMBRES G

Disque **Hombres G**, desque se formou o grupo no ano 84, non paran de pasalo ben facendo música, lembrando mensaxes que a xente nova necesita ós seus anos. No seu tempo gravaron o primeiro LP, *Hombres G*, e temas como «La cagaste Burt Lancaster», «Estamos locos o qué» ou «Agitar antes de usar» (1988). Agora, *Voy a pasármelo bien* parecería o cumio do divertimento. Sen embargo, para **Hombres G** chegou a hora de busca-los matices, de entrar en certo intimismo para conectar doutro xeito co público, como fan, por exemplo, co terceiro disco recentemente editado, *Te quiero*, que é unha balada.

Este é un novo camiño para o grupo, que non se decidiu a procurar un cambio total de imaxe. Como explica David Summers, «agora os temas son algo máis serios, sen quereren ser serios; hai baladas... pero non lle queriamos poñer ó LP o título dalgunhas das composicións máis serias porque tentamos, por riba de todo, mante-la imaxe do grupo: un grupo sen problemas e xuvenil».

Esta certa dúbida do grupo arredor do propio nome do seu último LP lévaos a manifestar que non están moi de acordo coa imaxe que expresa, «porque este disco está moito máis maduro cós anteriores; ten moi bos arranxos e acompañamentos musicais... ten peso», segundo di un deles. O que pasa é que, como eles confesan, «sempre fomos un grupo que demos unha no cravo e outra na ferradura, aínda que nos identificaron mellor polo noso aspecto divertido». David Summers é en realidade o máis xeitoso do grupo, e eles ben o saben, e non se molestan porque son coma un fato de bos amigos. Pero, ademais, o máis famoso dos **Hombres G** tamén reúne contradiccións vitais sobre a imaxe do cuarteto. «En realidade somos así: rapaces que o queren pasar ben. Dende logo, non andamos de existencialistas».

O que nos deixan moi claro os **Hombres G** é que non queren amaña-lo mundo. Así e todo, eles admiten estar nun tempo de evolución, porque é inevitable. As letras mudan para máis intimistas. «Antes,

por exemplo, falabamos de situacións exteriores, e agora falamos desta profesión, das viaxes, de aprender a caer antes que a voar... queremos amosar un pouco que non só somos catro nachos cachondos, senón que temos actitudes, pero sen amarganros», segue a explicar David Summers, que ten moito interese en que a xente saiba como son de verdade, «porque non todo vai ser xolda; agora queremos entregarnos á xente».

O grupo lembra o impresionante que foi iren grava-la corda e as voces a Londres: «os estudios son coma un museo vivente». Agora xa pensan na próxima viaxe a Porto Rico e ós E.U.A. «Habemos levar unha sorpresa, porque imos coa esperanza de contenta-la xente de alí, a ver se é certo o que nos contan daquel país, pero non imos como triunfadores para ataca-lo mercado». Tras este principio de humildade, David precisa que en América aínda non son moi escoitados os grupos de pop-rock en español, «e eu penso que o noso rock, o que se fai en España, ten un matiz moi especial».

Gustarlles a tantas mozas é algo que os **Hombres G** levan con fachenda «porque sempre foi así, mesmo con Elvis Presley. Non temos por que rexeita-las "fans", pois elas son as que fixeron posible o noso éxito. Tódolos grupos soñan cun público coma este, un público sempre fiel».

O **Hombres G** analizan os efectos sociais que tiveron como grupo «que andaba de normal e sen disfraces, dirixido a toda a xente, a todo tipo de mozos, non só ás rapazas de boa familia, porque tamén recibimos cartas de rapazas de barrios marxinais. Algo que non se di nunca é que lles gustamos moito ós de 50 anos».

O apelido famoso de seu pai non lle parece afectar moito a David, aínda que a xente si que fale diso. «Penso que é ó revés; ás veces prexudícame a sona de meu pai. Nalgunhas radios non nos poñen porque pensan que somos de dereitas... o que tampouco son é un rebelde sen causa, porque non podemos amaña-lo mundo. Está mal e hao estar sempre». ●

Desque naceu, *Hombres G* presentouse como un grupo xuvenil e algareiro.

Os catro mozos están moi orgullosos das súas «fans» porque «tódolos grupos envexan un público así».

Os irmáns ALBERT E MARTA, de 11 e 9 anos respectivamente, son un dos poucos casos coñecidos de rapaces superdotados galegos: el ten 140 de coeficiente de intelixencia e ela 149.

ALUMNOS BRILLANTES DESCOÑECEN O SEU COEFICIENTE DE INTELIXENCIA

RAPACES SUPERDOTADOS GALEGOS

● Por: Carmiña Blanco Leira. ■ Fotos: C. Quián (Voz Noticias), Serxio López, Carlos Alonso, Lalo, Pili Prol.



IGNACIO PÉREZ, de Ourense, coñece o seu alto coeficiente gracias a unha psicóloga que lle fixo as probas na escola. Cre que os superdotados están mal atendidos.

Unha das rapazas, «Premio Especial de Bacharelato de Galicia», MARÍA DO MAR FORNOS, de Vigo, di non ir de «Sabida».

O rapaz, o neno estudiante, descubriu un día, a son de espertador, un silencio natural ó seu redor que deixaba a todos cheos de admiración e inexpresivos. Descubríu que hai unha amada pero fría soidade que o prime e o eleva felizmente ó limbo. Os pais calan ou prodigan a marabillosa fábula do fillo avantaxado que se recosta practicamente nos instrumentos do saber. Eles son fillos sobresaíntes, brillantes e intelixentes; algúns superdotados, e todos rexidos por unha norma: pasaren desapercibidos. O culto á discreción fai destes mozos galegos modélicos un luxo aprazado.

Igual que nos preguntamos de onde sae o cariño poderiámonos preguntar de onde sae o sentido do deber, a responsabilidade case innata ou esa proeza de amor propio que fai dos estudiantes uns seres modélicos, cando non feitos doutra materia. Poderíase respostar que a intelixencia ou un favorable ambiente familiar dotado de bo nivel e apoio moral son, sen dúbida factores que reforzan que certos fillos sexan vistos como pezas únicas dun museo académico.

Non é un caso á marxe Galicia no feito de ter na súa poboación estudiantil perfís destacados de rapaces intelixentes, afeitos a estaren sempre no cume: as mellores notas en toda a súa traxectoria de escola e instituto, xente responsable e aparentemente non problemática, aínda que non estean moi de acordo coa norma. Xente nova establecida nos primeiros postos das clases e da intelixencia, a grande maioría deles descoñecendo se ademais pertencen á categoría dos superdotados, aqueles que teñen o *privilexio* de estaren máis aló do 110 de Coeficiente de Intelixencia (CI).

Algúns deles din non ter interese en sabelo ou térlle-lo mesmo; este *desprezo* é xerado pola falta de atención individualizada ou pola discreción que envolve o ambiente familiar e académico do alumno avantaxado. Ou simplemente porque ó existir esta motivación implica leva-lo rapaz a realiza-las probas de medición ata Valladolid ou Barcelona, únicos lugares cos que conta o Estado español. Desta pouca realidade coñecida dos alumnos galegos temos constancia cando xorde desde a iniciativa oficial premia-lo esforzo e o traballo, como os pasados Premios Extraordinarios Bacherelato de Galicia, convocados pola Consellería de Educación.

Foron 19 os rapaces premiados de distintos institutos de Galicia, de 142 inscritos e 133 presentados, que tiñan que reuni-la condición dunha media de 8,5 nos tres cursos de BUP. A case todos os segue un mesmo denominador común que é o principio da normalidade, porque din non lles mudou a vida tralo recoñecemento oficial do premio. Sen embargo, tras ese afecto á normalidade vive un forte sentimento de autoprotección ante o que se supón un privilexio porque o medio social o ve como *reino dos elixidos.* Ademais, en Galicia coma noutras partes, dáse unha especial atención ós casos que non chegan ós minimos establecidos. Este sentimiento inconsciente están na mente de todos

Palacio de Oriente®

Las buenas conservas son así

e dótaos dunha artificial normalidade a pesar da súa aparencia.

Veñen de ambientes familiares diversos, xeralmente da clase media, pero a todos os caracteriza un acentuado sentido do deber, do estudio, e son alumnos non problemáticos adaptados ó sistema educativo. Declaran que os pais non exercen presións sobre deles á hora do estudio, e posúen múltiples afeccións que os leva a ser polifacéticos (arte, deporte...). Esta diversidadade de aplicacións protéxeos dos arriscados desequilibrios emocionais a que están expostos.

O tempo de estudio destes rapaces non é, pois, o intensivo que puidese parecer, pero teñen unha grande vocación por todo aquilo que fan. Un dos poucos premiados que sabe o seu Coeficiente de Intelixencia, de 145, é Igncio Pérez, do *Instituto Las Lagunas*, de Ourense.



GONZALO FREIRE, da Coruña, pensa que o importante non é só a intelixencia, senón saber adaptarse ó sistema.

Presentouse ó premio por satisfacción persoal e currículo: *«Sácoo todo ben, con facilidade, pero non me obsesionan as boas notas, anque recoñezo que serven para o futuro».*

Ignacio, que quere facer Medicina, pensa que os superdotados están mal atendidos polo sistema educativo: *«Con 11 anos, unha psicóloga díxome que tiña 145 de Coeficiente de Intelixencia, pero eu non lle dei importancia».* De nai funcionaria, estudia ademais inglés, xoga nun equipo de balonmán e recibe clases de baile de salón. Di que amigos de verdade ten poucos.

De semellante xeito opina María Luísa Carpente, do Instituto de Pontedeume, filla única de pai albanel e nia ama de casa: *«Os superdotados non son aceptados moi ben e, por outra parte, sacar boas notas tampouco está moi ben mirado. Eu procuro lareta-lo menos posible».* A María Luísa non llen inculcaron o estudio seus pais, pero agora están moito máis ilusionados co premio. Ela non sabe que coeficiente de intelixencia ten, pero gustarialle: *«Pola parte positiva, porque podo saber se hei seguir así con éxito; pola negativa, levaría unha desilusión».* María Luísa cre que as compañeiras pensan dela que *«son máis perfecta do que son».* Polo de agora, a súa meta é facer matemáticas.

As claves da intelixencia

Pero, ¿sabemos realmente falar de intelixencia? Esa cualidade tan apreciada e tan relativa de aplicar confóndese ás veces co máis alto sentido do deber, cunha virtuosísima vontade que o alumno pon a punto para sacar un alto rendemento. No seu senso estricto, fálase de tres tipos de intelixencia: un primeiro **tipo A,** que é a intelixencia xenética ou xeral coa que se nace; un segundo **tipo B,** que é aplicación de intelixencia **A** á resolución dos problemas no medio social práctico («ser intelixente»), e un terceiro **tipo C,** que é o coeficiente de intelixencia cuantificado, é dicir, a medida exacta da intelixencia xeral.

Os pais de HILDA SOUTO, agricultores que agora viven en Santiago, sempre llen inculcaron o estudio.

Xa hoxe en día, enténdese que a persoa ten un *factor xeral,* e xunta el diversos factores específicos nos que pode haber diferente nivel de intelixencia: *«Hoxe é difícil que un individuo con coeficiente alto non teña unha manifestación exitosa en tódolos campos, en circunstancias normais, e á inversa, unha persoa moi brillante nalgún deses campos posiblemente teña un factor alto de intelixencia»,* explica Augusto Bruyel, do Gabinete Psicopedagóxico da Consellería de Educación.

Por tanto, chegar ó concepto de superdotado cada vez se flexibiliza máis, xa que habería que ter en conta, amais da medida do coeficiente (aquel que teña un **CI** a partir de 120-125), unha serie de logros como o nivel de notas escolares, capacidade imaxinativa, habilidades xerais (plástica, deporte, etc.), ou éxito nas tarefas. E a todo isto hai que lle engadi-lo factor de porcentaxe dentro da poboación total.

A pesar desta nova adecuación do termo, o feito de ser superdotado non garante o éxito na etapa escolar. Hai demasiados casos nos que o alumno chega mesmo a ir moi mal: *«O motivo principal é a falta de estímulo e a incomprensión de profesores e alumnos, que dexenera nun illamento negativo. As solucións teñen que vir dun tratamento conxunto entre o sistema escolar e a familia, e dun tratamento ó desenvolvemento emocional e social que precisa o neno»,* puntualiza Augusto Bruyel.

Falar de superdotados chega a ser mesmo marxinal dentro do

MARÍA LUISA CARPENTE, de Pontedeume, cre que sacar boas notas non está ben mirado: «Procuro lareta-lo menos posible».

RAPACES SUPERDOTADOS GALEGOS

mundo occidental segundo o experto *«porque se ten un sentido de "inxustiza" respecto ó infradotado, e na educación téndese a compensa-las desigualdades; pero este sector de avantaxados tamén ten as súas necesidades e precisa dunha atención especial. O problema é xeral en Europa, e por tanto aquí: na nosa sociedade predomina a angustia fronte ós casos de superdotados, que rompen os esquemas da educación familiar escolar. Non hai experiencia que valla»*.

O peor de todo é que, como consecuencia do dito, non hai programas de atención ó superdotado porque tampouco hai vías para investiga-los posibles casos. O que debería ser visto como un ben social é vivido como un grave problema. Un óptimo equilibrio emocional é fundamental para estes rapaces que rebordan as previsións.

Non somos máquinas

Os irmáns Marta e Albert, de nove e once anos respectivamente, sacan as mellores notas a pesar de que *«na escola non avisan dos exames»*, por tanto a meirande parte do traballo realízano na clase. Marta, despois das probas de medición que lle realizaron en Valladolid, resultou cun coeficiente de 149, mentres que seu irmán deu algo menos: 140 de CI. Seus pais observárono e non dubidaron en facela viaxe.

Marta le moitos libros e prefire as matemáticas e as ciencias naturais. Ten verdadeira paixón polos experimentos: *«Mirar polo microscopio e inventar cousas, como os colorantes. Unha vez saíu unha colinia que ó sol semellaba zume de uva»*. Seu irman quéixase porque os rapaces da clase pensan que está todo o día a estudiar: *«Eu son un neno normal coma os máis, non son unha máquina. Sorprendeume o que me dixeron do CI. Eu non llo dixen a ninguén porque non quero que me sinalen»*.

Albert, que estudia cada día, pero que tamén sae a xogar, le moito, sobre todo libros de animais e algo de historia. Tamén ten algo entre as mans; terminar de escribi-lo conto O Pirata Malasombra no ano 2000.

Só leva dous anos estudiando en Santiago, pero Hilda Souto, do Instituto Xelmírez II de Santiago, que veu de Lugo con seus pais, labregos, non notou o cambio, e segue a sacar sobresaíntes. O Premio de Bacharelato sorprendeuna, e recoñece que a anima moito. Os pais anímana a estudiar e ela quere facer Telecomunicacións: *«Non creo ser mellor có resto; penso que o premio foi cuestión de sorte»*.

Sorte na intelixencia, pero tamén unha boa formación mental é o que reúne Anxeles Salgado, do Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, que acadou o premio coa mellor puntuación. Estivo na TVG, e a súa vida cambiou tralo premio: *«Quéroo esquecer todo, porque foi moi abafante, e a xente parábame polas rúas...»*. Anxeles, de pais profesores, cre que ser listo significa ter unha habilidade propia, non adquirida, e que estudiar é unha obriga *«non para ser mellor, senón para saber»*.

Tamén se considera moi normal, pero Alvaro Manuel, do Alvaro Cunqueiro de Vigo, coñece as súas posibilidades porque, ademáis, traballa moito e sempre foi bo estudiante. Sacar boa nota motívao porque quere

ÁNXELES SALGADO, de Lugo, sacou a máis alta puntuación nos premios de Bacharelato. Está un pouco cansa da súa popularidade despois de saír na TVG.



O feito de ser sobresaínte non lle impide a ÁLVARO MANUEL practicar ciclismo tódolos días.

entrar en Telecomunicacións: *«Hai unha imaxe falsa do* chapón, *xa que se supón que non sae nunca. Eu, no canto de ir ás discotecas, practico o ciclismo, unha media de dúas ou tres horas diarias, e xogo ó xadrez. Na casa están orgullosos polo premio, pero non me dan regalos porque iso é un engano».* Alvaro, moi crítico, di que hai un exceso de memorización e unha falta de adecuación entre os estudios e as saídas profesionais.

Ten fama de se-la lista da clase, pero María do Mar Fornos, de Vigo, nunca lles amosa as notas ás amigas *«porque elas non as levan tan boas coma min, aínda que algunhas pensan que se me subiron os fumes».* Mar recoñece que na súa casa non hai disciplina e que mesmo os irmáns suspenden. *«Non é bo crer que un é listo de máis... na miña casa non din anda diante de min».*

Na casa de Gonzalo Freire, do Menéndez Pidal da Coruña, é xa coma unha tradición, pois seu irmán tamén foi Premio Extraordinario de Bacharelato. De pai catedrático de Lingua e nai subinspectora da Facenda, ten o ambiente propicio para desenvolver unhas cualidades que o fan *se-lo mellor: «Non me gabo de estudioso nin me gusta presumir. Gustaríame triunfar no traballo, e para iso os premios axudan e motivan».* Gonzalo cre que saber adaptarse ó sistema é fundamental, máis que te-la intelixencia. Admite *«te-la sensación de que podería estar a dar máis do que se me esixe».*

Inadaptados

Pero non todos se saben adaptar ó sistema, como é o caso dun rapaz da Coruña, de 13 anos, que está en sexto de EXG despois de pasar por un total de seis escolas. Cando tiña seis anos xa superaba os resultados propios dun rapaz de catorze anos. Cando tiña seis anos xa lía novelas, xogaba ó xadrez e facía pasatempos. Era un neno moi espelido que comezou moi acelerado e que agora leva o retraso propio que orixina ser adiantado ós seus anos e, por riba, ser epilético.

Foi considerado como un caso especial de deficiencia cando se descubriu, na realidade, o contrario. Hai probas nas que podería pasar dos 140 CI, sobre todo en funcións de percepción e relación, e tamén no nivel de expresión verbal. Sen embargo non ten ben desenvolta a concentración que precisa unha operación práctica como escribir ou estudiar un libro. O tempo ha dicir se os nenos prodixio han ser tamén fillos no cume da intelixencia. ●

COMO DESCUBRIR UN FILLO SUPERDOTADO

Aprender a descubrir se se ten un fillo superdotado na casa non é tarefa difícil de se afina-la observación. Para empezar, hai unha estadística curiosa: resulta máis doado detecta-los nenos cás nenas, porque aqueles dan máis *pistas* co seu comportamento externo (son máis inquietos cás nenas, segundo os psicopedagogos). Os trazos típicos dun neno ou dun rapaz superdotado son:

LIDERADO: adoitan ser organizados; gústalles ser escoitados e poñerlles normas ós xogos.

PREGUNTAS SORPRENDENTES: en temas que non lles corresponden polos seus anos: morte, política, filosofía, etc.

AFECCIÓN Á LECTURA: collen calquera libro con suma facilidade.

LOGROS ESCOLARES: adoitan levar bos resultados, pero tamén poden sacar malas notas se non están ben adaptadas.

AFECCIÓN DESMESURADA: a unha habilidade especial.

DESPISTADO: parece estar distraído todo o tempo.

INQUIETUDE E CURIOSIDADE: ante calquera cousa.

CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE.

ANDAR PRECOZMENTE.

FALAR PRECOZMENTE E CON VOCABULARIO RICO.

ILLAMENTO: prefiren xogar sós.

Calquera aspecto observado como excepcional e do que se poida deducir unha intelixencia superior.

No Estado español só hai tres sitios de atención e de análise do superdotado; un en Valladolid e dous en Barcelona: **CREDEYTA, institución privada (en Barcelona e Valladolid) e EUROTALENT,** institución europea (Barcelona). O prezo da proba é de 15.000 pesetas e ten apartados de intelixencia, aptitude, madureza emocional, personalidade, creatividade, e máis unha entrevista cos pais.



C. Eugenia de Montijo.

A CAMELIA, FLOR DE GALICIA

A ela adicoulle García Lorca un dos seus máis fermosos versos

● Por: M.ª del Carmen Samartín Cornes.
■ Fotos: Arquivo de M.ª del Carmen Samartín Cornes.

Cando as frecuentes brétemas ocultan e envolven a paisaxe galega e nos seus campos verdes todo é desolación, aparece a camelia, espléndido e luminoso adorno invernal que colorea os xardíns dos nosos invernos cinsentos. ¿Qué é e de onde procede esa romántica e delicada flor, proclamada xa flor das Rías Baixas e de Galicia enteira?

1889

1989

100 Años

CUMPLIENDO

Han transcurrido ya cien años desde aquel 11 de septiembre de 1889, en que se abrió la primera tienda familiar, origen de la empresa actual. En este momento tan especial, Supermercados Claudio quiere hacer llegar su gratitud a clientes, proveedores, personal y, en general, a todos aquellos que, con su cariño y entrega, hicieron posible esta realidad.

claudio

SUPERMERCADOS CLAUDIO

Mathotiana Mariñán.

C. Sinensis.

C. J. Flamingo.

A camelia é unha planta pertencente á familia *Theaceae,* á orde das *Theales* e ó xénero que lle dá o seu nome: *Camellia.* A súa orixe é antiquísima, remóntase ata o período xeolóxico *cretácico.* Este feito está confirmado por achados fósiles.

O xénero *Camellia* é un conxunto moi heteroxéneo de plantas que ofrece grande variación nos caracteres florais das distintas especies, todas elas orixinarias do leste asiático. Abrangue unha ampla franxa que se estende desde 85° a 150° de loxitude leste, e de 37° de latitude norte a 10° de latitude sur. Dentro desta área, as especies non están distribuidas de maneira uniforme. Os focos de maior concentración están en Yunnan, Guandong e Guanqxi. As condicións climáticas e edáficas desta zona, caracterizada por unha xenerosa humidade ambiental, calor moderada e chan acedo rico en *humus,* propician o desenvolvemento deste mítico vexetal cun dobre atractivo: a beleza da súa flor e a persistencia da follaxe verde.

As cameliás cultivábanse xa en tempos do Emperador Chinq-Ming 2.000 anos antes de Cristo. Os monxes contribuiron ó seu espalamento ó levaren nas súas viaxes sementes e plantas centenarias que aínda hoxe se ven nos xardíns dos templos.

A historia da chegada da Camelia a Occidente, máis concretamente a Europa, é o resultado dunha amálgama de poder a aventura chea de interese científico e de non poder e aventura chea de interese científico e de non pouca audacia. Aló polo século XVII, poderosas flotas creadas na grandeza dos imperios sucaban augas orientais desenvolvendo con estes apartados países un comercio activo e atractivo. Mercadores, homes de ciencia, aventureiros e buscadores de plantas que navegaban nestes barcos descubriron entre os exuberantes bosques de azaleas e rododendros as magníficas flores das plantas chamadas *tsubaki* no Xapón, algunhas das cales introduciron en Europa despois de apartárenas do seu mundo natural. Lembrémo-lo cirurxián Kaempferm, quen coñeceu entre 1690 a 1692, na illa de Chusan, a *camellia sasanqua,* aínda que non foi ben identificada. Tamén en Chusan, outro médico, o escocés Cunninghan, recolle un interesante herbario do que James Petiver, en 1702, describe e debuxa, por primeira vez, a planta *tsubaki.* Rawes, capitán mercante, introduciu en Inglaterra (1820) unha bela camelia reticulata, semidobre, que leva o seu nome: *Captain Rawes.* Debémoslle ó apaixonado buscador de plantas, Robert Fortune, as moitas sementes que enviou a Inglaterra; unha delas é a magnífica *Flore Pleno,* flor encarnada contraza de rosa, chamada tamén *Camellia Robert Fortune.*

... E a Galicia chegou tamén cunha procedencia dubidosa; de Francia, Inglaterra, Italia, ou máis probablemente de Portugal, nunha longa viaxe desde o país de Fusang. Non importa demasiado a orixe inmediata da súa presencia entre nós. Moi atinadamente, Torrente Ballester considéraa «un feliz resultado da curiosidade e da audacia dos nosos avós que andaron polo mundo e trouxéronnola». As semellanzas climáticas e do chan da zona orixinaria das camelias coas de Galicia propiciaron a aceptación desta flor que forma parte xa da alma da paisaxe galega, incorporada á nosa terra desde hai case que dous séculos.

¡Que ben están aquí as camelias, nun mun-

do de suaves matices e onduladas formas...!, di Alvaro Cunqueiro. O merlo pasa en negro coa súa frauta e elas espertan, coloradas ou brancas, doces miradas nun mundo que dorme ata abril...

¿Por que o nome de Camelia?

Para honra-lo Padre Xesuíta Jorge Joseph Kamell, médico e misioneiro nas Filipinas, creou o grande naturalista sueco, Carlos Linneo, o nome xenérico *Camellia.* Kemell se cadra non coñeceu esta flor, pero mereceu tal distinción como honra e premio á súa grande obra botánica.

Se camelia é nome de delicada flor que matiza a paisaxe coa súa crónica finura, tamén o é do arbusto ou mato semprevivente que substenta flores terminais que levan o seu nome. Antón Fraguas describeas co seu peculiar estilo: *«señorial camelio de clásica figura, sempre engalanado co seu traxe verde, expoñendo unha a unha a singular beleza da flor e tamén ponderadamente o seu harmonioso conxunto. Valioso feixe de óptimas calidades que resaltan a fermosura de calquera estempa florida, do máis nobre ou do máis humilde xardín».*

Se ben o xénero *Camellia* supera as duascentas especies, citamos só as que máis abundan en Galicia e que destacan polo seu valor ornamental.

Camellia sinensis: chamada antes *Thea sinensis,* é unha das que primeiramente se coñeceron en Europa. Das súas suaves follas obtense a infusión chamada *té.* Ten grande significación nas culturas chinesa e xaponesa.

Camellia sasanqua: ofrece delicado perfume e magnífica e abundante floración. Moi cultivada desde vello no Xapón, onde é moi apreciada e popular. En Galicia aumenta parques e xardíns contémplanse as temperás *Mikuniko Rosea, Barão de Soutelinho* ou *Baronesa de Soutelinho.*

Camellia saluenensis: especie atopada na China por Forrest o ano 1924. E de grande importancia para a obtención de híbridos por cruzamento con outras especies. Son famosos os híbridos *Camellia x williamsii.* Tivemos lugar de recoñecer entre outros a fermosa semidobre *Brigadoon,* a delicada *Caerhays, Galaxie,* o primeiro híbrido xaspeado, *J. C. Williams, Glenn's Orbitt, Debbie,* etc.

Camellia reticulata: a Nan-shan-cha dos chineses, que quere dicir *«camelias das montañas do sur».* Conquista pola irresistible beleza das súas flores, consideradas volvoretas do mundo das camelias. Foi descuberta nativa por Forrest en Kunming, e é a máis vella supervivente de entre as camelias cultivadas. As súas flores chegan a 20 cm. de diámetro. En Galicia atopámo-la *Robert Fortune* ou *Pagoda,* a de forma de volvoreta *Mayetiechich,* a magnífica *Buddha,* a desafiante e espectacular *Dr. Clifford Parrks,* a sinxeleza da *Inspiration,* a atractiva *Mouchang,* a xeometría perfecta de *Valentine Day* e a bela *Arch of Triumph,* entre outras. *No pazo de Oca, A estrada (Pontevedra), plantado xunta a súa capela, hai un exemplar histórico da reticulata Captain Rawes, considerado o máis antigo de Europa.*

Para un galego resulta entrañable o híbrido *Rosalía de Castro,* cruzamento de *reticulata* por *iaponica,* creada por Moreira da Silva e doada e plantada ó pé da súa Casa-Musei, en Padrón.

Camellia iaponica; é a especie que máis arraizou entre nós. Conta con miles de variedades, polo que resulta dificultoso o seu coñecemento e a súa clasificación.

Para formas de flor, atendendo o número e a disposición dos pétalos, a *Royal Horticultur Society* de Londres establece seis clases: sinxela, semidobre, forma anémona, forma peonia, dobre incompleta e dobre formal.

A cor primitiva dos pétalos da especie *Camellia iaponica* é a encarnada, que se puido transformar por cruzamento en variedades de alegre e mixto colorido, ata chegar a un branco radiante. Só a reproducción vexetativa perpetúa as variedades seleccionadas polos floricultores.

Outras especies, como *Camellia granthamiana*, impresiona pola beleza e polo tamaño da súa flor. A *Camellia cuspidata, Camellia pitardii, Camellia rosaeflora*, etc., son interesantes pola miniatura e fragancia dalgúns dos seus híbridos.

A camelia, aínda que é planta moi sa, débesa coidar, pois diversos insectos, fungos e virus que buscan nela substento provócanlle danos que a privan da súa enteira beleza. Tamén o frío, a pedra e maila chuvia pesada poden ferila e afecta-la súa parte máis delicada: a flor. Non así a caricia do suave orvallo que parece facelas florecer aínda na noite, «semellando luciñas de cor».

Como poucas flores, a camelia está chea de lenda, mito e, ¡como non!, de inspiración. Non moi abundantes, pero si fermosos, sonos fragmentos literarios e os poemas dalgúns autores galegos cando fan alusión a ela. Emilia Pardo Bazán describe a marabillosa paisaxe que vía desde o seu señorial Meirás: *«Melancólica e fermosa paisaxe ó anoitecer, cando se alza tralos negros soutos o globo de lume da lúa, pero risoño como poucos de día cando se ve entre as camelias e as iucas a fuga precipitada dun exército de parrulos húmidos.»*

García Lorca tamén fixo verso a flor romántica galega:

«Chove en Santiago
meu doce amor
camelia branca do ar
Brilla enfebrecido o sol»

Anualmente, desde 1965, as cidades de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía celebran a *Festa-Concurso-Internacional da Camelia*, que esperta crecente interese para o seu coñecemento e cultivo. Este solemne acto terá lugar, sobre improvisados taboleiros alfombrados con verdes e húmidos musgos. Varias especies e numerosas variedades, chegadas de moitos puntos de Galicia e mesmo do estranxeiro, esperan ser premiadas ou, alomenos, admiradas por un entusiasmado público, que sen dúbida ha gozar dun indescritible espectáculo ateigado de beleza e policromía.

Nós habémolas aplaudir, e con Filgueira Valverde, no seu poético «Cortexo da Camelia» dicimos:

«¡... Festexámo-la Camelia
as que dan celos á neve
e as que se acenden en cha-
[mas...!» ●

C. Japonica Sta. Cruz.

Kárate Kid O COMEZO

DUNHA SAGA MILLONARIA

Todo comenza cando Daniel coa súa nai, unha muller que loita soa para manter e educa-lo seu fillo, van a vivir a California para tentar reface-la súa vida: novo ambiente, novo colexio, e... quen llo ía dicir, novos horizontes na súa vida, e un gran amigo: Miyagi, un xaponés que parece miudiño de corpo e espiritu pero que agacha un gran home.

Na súa nova cidade, Daniel coñece a Alí, unha moza que xa fora noiva do xefe dunha banda de barrio, «Os cobras». Os celos do antigo noivo fanlle a vida imposible





● Por: Miguel Anxo Fernández.
■ Fotos: Arquivo Manuel Calvín.



Emisión: Telecinema. Venres 16 de marzo ás 22,00 horas.

AEROGENERADOR AWEC-60. CAMARIÑAS (LA CORUÑA)

Con otro aire.

El AWEC-60, el mayor aerogenerador de España —con 1,2 MW.—, es un proyecto incluido en los programas de I + D de la Dirección General XII de la Comunidad Europea. Unión Fenosa ha sido la empresa elegida para su construcción y puesta en marcha, así como para los estudios de viabilidad de este prototipo.

EMPRESAS Y ENTIDADES PARTICIPANTES EN EL PROYECTO.

ASINEL
IER-CIEMAT
UNION FENOSA
MAN TECHNOLOGIE
C.E.E. D.G. XII
BMFT
OCIDE-PIE
M.º INDUSTRIA Y ENERGIA



UNION FENOSA

tanto no colexio coma fóra del; pero en contra de todos, Alí ponse da parte de Daniel, e nace dese xeito unha fermosa historia de amor.

Coñece tamén a Miyagi un home digno e compasivo, cheo de grandeza interior, que interpreta un personaxe tan profundo e complexo que case parece sinxelo. Entrámbolos dous establécese unha fermosa relación de afecto que medra entre o fillo sen pai e o vello solitario. Miyagi mentalizará a Daniel para que se adestre arreo e acada confianza en si mesmo, triunfará ante atrancos aparentemente invencibles.

Daniel quere aprender kárate como ferramenta de vinganza para loitar contra dos seus enemigos, pero Miyagi rexeita ensinarlle con esas intencións. Só cando Daniel acada a madureza e o equilibrio, tanto espiritual como físico, Miyagi estará disposto a mergullalo nos segredos do kárate, unha disciplina que non só consiste en loitar por vinganza.

Só dese xeito Daniel estará en condicións de enfrontarse ó brutal campión rival nun torneo no que, tal como lle advirten, «poden acontecer accidentes»...

Domesticando a violencia

Cando no veran de 1984, «Kárate Kid» chega as carteleiras norteamericanas poucos apostaban polo nacemento dunha das sagas máis endables do cinema norteamericano dos anos oitenta. En 1986, e en 1989, vol-

JOHN G. AVILDSEN

Realizador norteamericano. Naceu en Oak Park, Chicago (Illinois), en 1936. Cando tiña dez anos foi vivir coa súa familia a Nova York. Estudiou na universidade desa cidade, en clases nocturnas ó tempo que traballaba nunha axencia de publicidade durante o día. Dirixe películas industriais para compañías como IBM e Clairol. Traballou tamén como axudante de operador, xefe de producción asistente de director e productor. Despois de responder a un anuncio publicado na prensa, dirixiu a súa primeira película en 1969 «Turn on to love» de baixo presuposto. Nas súas primeiras películas foi tamén o seu propio fotógrafo.

A súa filmografía discorrería con regularidade, ata que en 1976 dirixin un dos moiores éxitos económicos do cinema norteamericano dos anos setenta, «Rocky», co que ademáis acadou o Oscar ó mellor director. Foi tamén presidente de Sindicato de Cine IATSE en Nova York, e tamén catedrático de cinematografía na Universidade de Columbia.

FILMOGRAFÍA

1969: TURN ON TO LOVE. OKAY BILL. **1970:** GUESS WHAT WE LEARNED ON SCHOOL TODAY? JOE. **1971:** CRY UNCLE. **1972:** THE STOOLIE. **1973:** SALVADE O TIGRE. **1975:** UN CARADURA SIMPATICO. FOREPLEY. **1976:** ROCKY. **1978:** DANZA LENTA NA GRAN CIDADE. **1980:** A FORMULA. **1981:** OS MEUS LOUCOS VECIÑOS. **1983:** A NIGHT IN HEAVEN. **1984:** KARATE KID. **1986:** KARATE KID II. **1987:** HAPPY NEW YEAR. **1988:** FOR KEEPS. LEAN AND ME. **1989:** KARATE KID III.

Kárate Kid



FICHA TÉCNICA

Director	John G. Avildsen
Producción	Jerre Weintraub
U.S.A. 1984	
Guión	Robert Mark Kamen
Productor executivo	R. J. Louis
Fotografía	James Crabe
Dirección artística	William J Cassidy
Montaxe	Bud Smith, Walt Mulconery, John G. Avildsen.
Música	Bill Conti
Productor asociado	Bud Smith
Efectos especiais	Frank Toro

FICHA ARTÍSTICA

Ralph Macchio	Daniel
Noriyuki «Pat» Morita	Miyagi
Elizabeth Shue	Ali
Martin Kove	Kreese
Randee Keller	Lucille
William Zabka	Johnny

coren

Alimentos de Galicia

DELEGACION DE ORENSE:
Polígono Industrial de San Ciprián de Viñas
Telfs.: 988 / 223532 - 241210

DELEGACION DE LA CORUÑA:
Calle Gutemberg. Polígono de Bens - Telf.: 981 / 257247

DELEGACION DE PONTEVEDRA:
Avda. de las Corbaceiras, 54 - Telf.: 986 / 856231

DELEGACION DE VIGO:
SARDOMA - Calle Lameiro, s/n. (Tras Seminario)
Telf.: 986 / 423211

DELEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:
Av. de Gutemberg. Polígono del Tambre. Telf.: 981 / 587136

DELEGACION DE OVIEDO:
Carretera de Santander, Km. 8 - Granda - Siero
Telfs.: 985 / 792985 - 793364

DELEGACION DE LEON:
Ctra. de Zamora, Km. 7,8. Onzonilla - León
Telfs.: 987 / 215999 - 215911 - 215955

DELEGACION DE CANTABRIA:
Polígono de Elegarcu, c/. Central, s/n.
Telfs.: 942 / 252525-336822. Cacicedo - Camargo - Cantabria

DELEGACION DE MADRID:
Calle Primera Valportillo, 12 - Pol. Ind. Alcobendas A
P.D. 36225 Madrid - Telfs.: 91 / 6522525 - 6522526

DELEGACION DE VIZCAYA:
c/. Ramón de Carrera, 4 - San Miguel de Basauri
Vizcaya. Telf.: 94 / 4407611 - Fax: 94 / 4407891

LUIS CARBALLO/VIGO

verianse filmar dúas novas entregas deste novo personaxe, sempre co mesmo equipo técnico e artístico, nun raro exemplo de continuidade e de coherencia para o que acostuma a frívola mecánica hollyvoodense. Aquela primeira película recadaría nos Estados Unidos e no Canadá, a nada desprezable cantidade de 91 millóns de dólares, e pasaraía a estar entre as dez películas máis rendables na historia da compañía productora, a mítica Columbia Pictures. Dous anos despois, «Kárate Kid II» aumentaría os ingresos ata os 115 millóns de dólares.

A idea do personaxe central de Daniel, chegoulle ó productor Jerry Weintrau despois de escoitar unha reportaxe da televisión dos Anxeles sobre un neno de 9 anos que pesaba pouco máis de trainta kilos e que estaba amedrentado polos mangallóns do colexio, polo que lle pediu ós seus pais que o ensinaran a defenderse. Ocorréuselles levalo a unha academia de Kárate, e co tempo chegou a ser cinto negro nesa especialidade deportiva, o propio Weintraub lembra que cando o entrevistador lle preguntou ó mozo que pasou depois, contestoulle que xa non tivera necesidade de loitar.

«Xa non tivo que loitar porque todos sabían que o podía facer di o productor. E coma o caso da URSS e dos Estados Unidos. Nós temos gran cantidade de armamento e eles temen, dese xeito ningún dos dous desexa loitar, e esa foi a primeira impresión que tiven». Para o persoaxe do vello Miyagi, o guionista Robert Mark Kamen, que estudiou kárate Goju de Ikinawa durante veintecinco anos, recolleu as súas lembranzsas do seu vello profesor. «Xurdiu indulxente e bondadosa que nos poida protexer e que teña as respostas axeitadas a todo o que nos poida xurdir na nosa vida», opinou Kamen.

En todo caso, «Kárate Kid» foi recollida pola crítica europea con moitas reservas polo xiro conservador que estaba a toma-lo cinema chegado desde Hollywood, e particularmente sensibilizado pola liña política dura que estaba a desenrola-lo vello «falcón» Ronald Reagan desde a Casa Branca. A idea de entende-lo Kárate como parte da cultura oriental da vida, pero amosando como un producto occientalizado ó servicio das necesidades actuais, molestou os estudiosos do cine que tampouco compartían a debilidade argumental do filme, sostido sobre un rapaz de orixe modesto pero asoballado polos mozotes do barrio, ata que recorre ó coñecemeto da violencia para usala no seu propio beneficio.

A idea de introducir un experimentado ancián na trama como punto de equilibrio emocional ós impulsos agresivos do mozo, foi un dos grandes acertos de saga cara ás súas continuidades. Nesta primeira ocasión, Miyagi, actúa como substituto do pai; na segunda vai se-lo atento confidente do protagonista; e xa na terceira serán dous homes cara a cara unidos ante unha ameaza común.

Kárate Kid



Avildsen xa demostrou, en 1976 coñecelos recursos da montaxe cinematográfica na realización de «Rocky», outra historia de héroe deportivo que vain «in crescendo» ata unha hábil, efectiva e espectacular secuencia final, que sentará escola para os filmes de temática deportiva facturados posteriormente. Esa capacidade para controla-las emocións do público, dosificando o clímax narrativo, volve estar presente en «Kárate Kid», nos diferentes combates que se desenrola durante o filme ata ese esperado enfrontamiento final que deixa literalmente cravado ó espectador na súa butaca.

E a iso engadímo-la habilidade dun guión no que hai lugar para o sentimentalismo doado, e para a mensaxe moralizante, non pode estrañar que a película causase furor entre a mocidade occidental e trouxese como lóxico efecto retardado un maior interese ata as artes marciais.

Mención especial merece a partitura musical recreada para o filme por Bill Conti, compositor oscarizado en numerosas ocasións e que usa como principal recurso o metal e a percusión para reforza-la mensaxe das imaxes recollidas por Avildsen co que xa colaborara no exitoso «Rocky», película que acadou un notable éxito taquilleiro nos Estados Unidos no ano 1976, exportándose ó longo do mundo. ●

RALPH MACCHIO

Actor norteamericano. Naceu en Suffolk Country (Nova York), en 1962. Desde moi neno adicouse á música e ó baile, e actuou posteriormente en producións teatrais locais. Nunha desas actuacións, na Universidade de Hofstra, foi descuberto pola axente Marie Pastor, que o contratou para face-los seus primeiros traballos no cinema e na televisión. Comenzou no cinema en 1980 con «Up the Academy». Posteriormente entrou na serie «Con oito basta».

En 1983 chegaríalle a súa gran oportunidade con «Rebeldes» de Francis Coppola, da que pasaría o personaxe máis importante, o Daniel que enterpretaría en tres ocasións para a saga de John G. Avildsen, «Kárate Kid». Está considerado actualmente como unha firme promesa do cinema norteamericano para a década dos noventa, e acadou incluso un sólido prestixio como actor de teatro.

FILMOGRAFÍA

1980: UP THE ACADEMY. Robert Downey. **1983:** REBELDES. Francis Coppola. **1984:** KARATE KID. John G. Avildsen. **1985:** PROFESORES DE HOXE. Arthur Hiller. **1986:** KARATE KID II. Jonh G. Avildsen. **1986:** ENCRUCILLADA DE CAMIÑOS. Walter Hill. **1987:** DISTANT THUNDER. **1989:** KARATE KID III. John G. Avildsen.

A MELLOR MODELO ESPAÑOLA DE 1989

PALOMA LAGO

UNHA GALEGA «CHICA BOND»



● Por: M. A. Nieves
■ Fotos: Foto Lalo

Elixida mellor modelo española do ano pasado, modelo europea dos anos noventa, e considerada como unha das mellores do mundo, Paloma Lago é, ós seus vinte anos, a máis belida imaxe, o máis fermoso soño en forma de muller da Galicia dos noventa.

Aínda máis; esta ferrolá de talle escultural e agarimosa mirada, disputada por xaponeses e americanos e candidata elixida como próxima «Chica Bond», conta tamén cunha especial atracción e unha forte personalidade.

Paloma, do ballet e do deseño a sére-la vindeira «Chica Bond» e unha das mellores e máis cotizadas modelos do mundo. ¿Qué parte do éxito se debe a esta educación especial?

—Esa primeira adicación ó ballet significou para min un achegamento ó mundo da arte. Para min foi realmente fácil, xa que eses cinco anos de ballet chegaron da man da miña familia; das dúas irmás maiores que se adican a iso.

—Non imos falar de nomes, pero téñocho que preguntar. ¿Hai algún home na túa vida?

—Sempre hai alguén; na vida de toda muller sempre debe haber un home.

Mira para min con sorriso cómplice, pero non solta nin chío.

—Unha persoa ideal, ¿alguén en quen confiar e con quen compratilo todo?

—Unha persoa que comparta os proxectos e as metas dun. Gústanme os homes atractivos. Se te refieres a un modelo de home, penso en alguén como Gregory Peck. Síntome mesmo máis identificada co seu tempo que co tempo que nos toca vivir.

—Se puideses escolle-la túa parella para o papel de Bond, ¿con quen quedarías?

—A Thimoty Dalton, sincera-

SAN LUIS DA CONFIANZA

y más ventajas

TARJETA DE CREDITO SAN LUIS todo ventajas.

—Crédito abierto hasta 300.000 ptas.
—Facilidades de pago de 3 meses a 3 años.
—Sin recargo alguno 3 pagos después de la compra.

GARANTIA TOTAL por 3 años.

3 AÑOS Garantía Total

Nuestra garantía es única en el mercado.

Cubre los costos de mano de obra, piezas y desplazamiento; así como la sustitución de cualquier pieza o componente averiado por defecto de fabricación.

Servicio de distribución propio con mayor rapidez y profesionalidad.

Nuestro servicio de entrega e instalación es inmediato.
Como sabemos lo importante que es para Vd. la solución de cualquier avería o problema que pueda surgir en su aparato. **ESTAMOS PREPARADOS.**
Llámenos y solucionaremos su problema a la mayor brevedad.

2 horas de PARKING GRATUITO

en el aparcamiento PLAZA DE PONTEVEDRA JUANA DE VEGA.

Atenciones personales, soluciones profesionales.

SAN LUIS cuenta con un equipo de buenos profesionales que le atenderán personalmente y le asesorarán en cualquiera de nuestras secciones: VIDEO • HI-FI • TV COLOR ELECTRODOMESTICOS • MUEBLES DE COCINA E INFORMATICA

Nuestro objetivo: CLIENTES SATISFECHOS

Los mejores precios y condiciones de pago inmejorables.

Nuestras ofertas mensuales son más novedosas e interesantes.

Nuestro sistema de financiación es el más cómodo y ventajoso. Vd. puede utilizar nuestro crédito (300.000 ptas.) cuando guste y pagarlo en un plazo que va de **3 meses sin recargo alguno, hasta 3 años.**

PHILIPS confía en SAN LUIS

Atenciones personales soluciones profesionales

PLAZA DE PONTEVEDRA - Teléfono (981) 21 39 11 (3 líneas) - LA CORUÑA

G&C

PALOMA LAGO

mente, no o vexo como o candidato ideal. Se cadra é porque o personaxe de Bond é absolutamente peculiar, moi especial. Creo que Sean Connery encarnou este papel mellor ca ninguén. É máis, era el por excelencia.

—Falabamos ó primeiro da túa capacidade de adaptación, a capacidade de aprendizaxe persoal e profesional.

—Eu sonche como unha esponxa, enchóupome de todo o bo que atopo ó meu redor. Refírome ó feito de premer tódalas ensinanzas, todo aquilo que algunhas persoas excepcionais que sempre tiven a sorte de coñecer lle pidan proporcionar a un. Esta é, en realidade, a mellor cousa que ten a vida; a posibilidade de aprender. Se se quere un alimentar só de amor ou de sentimentos, nunca atopa o que busca.

—Tamén haberá outra parte, a outra cara triste da moeda.

—Non é o meu caso, pero nesta como noutras profesións hai quen orienta a súa personalidade cara ó mundo dos sentimentos e non colle máis que desenganos e frustracións. Entre afectos e profesión hai que escoller, non se pode abranguelo todo. Eu escollo a adicación plena á miña profesión como o mellor xeito de equilibrio e harmonía persoal.

—Non esquezámo-los proxectos. A finais de marzo vas para Os Anxeles, ¿e despois?

—Durante a última semana de marzo, nos Anxeles, como convidada para a entrega dos óscares, o 26 ou o 28. Alí tamén se vai falar da película e do proxecto dunha serie para a televisión do que non che podo dar máis datos. Despois todo depende do que xurda e dos compromisos.

—Eu non teño dúbida, pero, ¿ti veste no papel de «Chica Bond»?

—Ninguén sabe exactamente ata onde pode chegar. Penso que unha persoa con dotes interpretativos pode ser sensual, sofisticada ou «sexy», segundo a súa capacidade para traballa-lo personaxe. No meu caso deixareino para a interpretación persoal de cadaquén. Eu non cambiei, cambiou a xente que me rodea.

Nos USA falarase da película e dunha serie de TV.

—¿Nunca te-la sensación de vivir nun mundo irreal?

—Nunca me pasou pola imaxinación. Este é un momento toda miña vida que teño que aproveitar, un intre afortunado no que teño que enfoca-la miña vida profesional.

Eu non cambie i...

—¿En que cambiou a túa vida?

—Teño menos tempo libre, síntome con máis responsabilidades e máis madura. Unha ten que planea-la vida doutro xeito, porque tamén son diferentes as persoas coas que agora ten que tratar. Eu non che cambiei, cambiaron as persoas que me rodean.

—A tenacidade, por que non dicilo, é unha certa e lóxica ambición. ¿Fixoche renunciar a moitas cousas?

—A tenacidade é parte da miña personalidade, da que me sinto máis satisfeita; cando quero facer algo non paro ata que o dou feito. Aínda coa ambición, esa certa ambición á que fas referencia, sempre procurei e procuro non lle facer dano a ninguén. Canto a renunciar, se tivese que pagar un prezo demasiado alto, non estaría aquí. Quitadas a familia e as cousas máis queridas e máis próximas, o demais pode agardar.

—Entre tanta mirada, ¿nunca te-la sensación de seres obxecto de desexo, non tes ningún complexo de cobizada larpeirada?

—Si, iso éche inevitable. A min ocórreme menos porque tento que o meu atractivo persoal, a miña personalidade, relegue a un segundo plano o meu físico. Realmente é moi pouco satisfactorio sentirse desexada e non ter algo máis fondo que proporcionar.

—¿Algún punto feble?

—Todos témo-lo noso punto feble, o meu non cho digo, nin llo digo a ninguén. Sempre que se descobre un punto feble, a xente vai a por un.

—Os cabalos, sen embargo, son a túa debilidade.

—Os cabalos son, en efecto, a miña maior debilidade; ¡éche tan bonito cabalgar por unha parra! É a mellor evasión, sobre todo para unha persoa coma min, que os coñece de sempre. Meu pai adicase no seu tempo libre á cría de cabalos.

—De non seres Paloma Lago, ¿qué che gustaria, que querías ser de pequeniña?

—Sempre quixen ser viaxeira; sempre pasou pola miña cabeza voar, coñecer mundo. Sempre me fascinou o personaxe de Xulio Verne, unha persoa cunha asombrosa capacidade de imaxinar, de crear outros mundos para os demais. ●

Eu sonche como unha boa esponxa, enchóupome de todo o bo que atopo ó meu redor.

Este ano están previstas 450 transmisións deportivas

OS DEPORTES NA TVG

Os programas, as transmisións deportivas, ocupan unha destacada parcela da grade de programación da TVG. Xusto é pois que nesta ocasión lle adiquémo- la atención que por outra parte se merecen.
De tódolos bos afeccionados galegos é sabido que a canle autonómica adica sempre unha atención preferencial á puntual información e ó espectáculo; ó deporte como parte integrante e fundamental dese mesmo espectáculo audiovisual que sempre se asocia ó medio televisivo, que sempre se identifica co mundo da televisión.



Fernando Madriñán, redactor-xefe de Deportes.



Segundo nos apunta Fernando Madriñan, redactor-xefe de deportes, trataríase de compensa-lo número de transmisións entre os grandes acontecementos deportivos de interese xeral e os deportes que se están a facer aquí, ou os que teñen lugar na nosa comunidade.

O grande número de transmisións deportivas (unhas 400), efectuadas ó longo do pasado ano 89 falan por si solas do grande esforzo informativo que a TVG leva realizado nestes últimos doce meses. As previsións para o ano en curso son doutras 450, un grande desafío para o que se conta cun amplo despregue de recursos técnicos e humanos.

Acordos e medios técnicos

Para facer fronte con éxito ó reto que supón un servicio tan amplo de transmisións deportivas, a TVG levou adiante este últimos anos unha oportuna política de acordos, ben en solitario ou da man da Federación de Televisións Autonómicas, que supoñen unha garantía de continuidade para este e os vindeiros anos.

Deste xeito, o contrato coa Liga Nacional de Futbol Profesional asinado o pasado ano pola Federación de Tvs Autonómicas, garante a transmisión de partidos de Liga Nacional de Futbol ata o ano 94. O acordo coa Asociación de Clubes de Baloncesto, permite, desde o verán do 88, a transmisión de partidos de baloncesto ata o verán

O desplegue informativo da TVG conleva un grande esforzo humano.

Grupo inter Mobil

Grandes Ventajas para la compra de sus muebles

INTER MOBIL es una organización internacional del mueble, de la que forman parte 120 establecimientos de primera línea, unidos para conseguir las *MEJORES VENTAJAS PARA VD.*

La organización está sustentada por más de 2.500 profesionales con un alto nivel de formación y especialización en las distintas ramas de *DISEÑO, SELECCION DE MATERIALES, FABRICACION, VENTAS, TRANSPORTE, INSTALACION, ETC.*



INTER MOBIL cuenta además con un departamento de expertos en diseño, que visitan todas las ferias nacionales y extranjeras *para que Vd. se encuentre mejor informado al realizar sus compras.*

Desde ahora estamos muy cerca de Vd.
¡Venga a conocernos y compruebe como son las ventajas que INTERMOBIL va a ofrecerle habitualmente!

Teremos transmisións deportivas que abranguen dende futbol ata o hoquei.

do vindeiro 91. Outros acordos máis puntuais con clubes e asociacións de clubes coma é o caso do asinado co RC Celta, o Deportivo, o Liceo, a ATP ou a Organización da Volta Ciclista a Galicia, permitirán a retransmisión dun moi interesante abano de acontecemientos deportivos, desde os deportes de masas coma o futbol, ata outros máis minoritarios como o hoquei, o tenis ou o baloncesto. Noutros casos, coma o acordo cos clubes de segunda B galegos, permite, ós numerosos afeccionados locais, a tódolos galegos en

Para facer fronte con éxito ó reto que supón un servicio tan amplo de transmisións deportivas, a TVG levou adiante estes últimos anos un gran esforzo.

xeral, seguir puntualmente o desenvolvemento dos encontros de futbol dos sete equipos galegos da citada división; escollendo, en cada caso, os máis interesantes ou os de maior rivalidade de local. Os datos de audiencia, un punto de referencia obligado para saber do que se fala en televisión, amosan unha moi boa posición xeral do conxunto dos programas e retransmisións deportivas, chegándose a acadar «picos» máximos dun 43 por cento de audiencia acumulada para algunna retransmisión futbolística. ●

CALENDARIO DE TRANSMISIÓNS

Xoves 1 marzo:

18,00 h.: **«Tempo de xogo».** Copa de Europa de Baloncesto: Lech Poznan-F. C. Barcelona.

Venres 2 marzo:

«Cuadrilátero». Semifinal Campeonato Mundial (Lixéiros Junior): John John Molina-Lupe Suárez.
Campeonato Mundial (Supermedios): Lindell Holmes-Frank Tate.

Sabado 3 marzo:

«Tempo de xogo». Futbol 2.ª División (pendente negociación).
Castilla-Deportivo A Coruña.
«Súper Sport»: N.B.A.

Domingo 4 marzo:

12,30 h.: **«Tempo de xogo».** Final Copa do Rei de Hoquei a Patins: Volkswagen Dominicos-Reus Deportivo.

18,00 h.: **«Todo basquet».** Liga ACB: Fórum-Barcelona ou Mayoral-Real Madrid.

Xoves 8 marzo:

20,45 h.: **«Tempo de xogo».** Copa de Europa de Baloncesto.
F. C. Barcelona-Maccabi Tel Aviv.

Venres 9 marzo:

«Cuadrilátero». Campeonato Mundial (Pesos Cinceiros): Carlos León-Jonny Nelson.

Sábado 10 marzo:

20,00 h.: **«Tempo de xogo».** L.N.F.P.: Osasuna-Valencia.
«Súper Sport»: N.B.A.

Domingo 11 marzo:

12,00 h.: **«Tempo de xogo».** Semifinais Torneo Internacional de Tenis de Indian Wells.

Grupo inter Mobil

MUEBLE JUVENIL
NUEVO AMBIENTE
Ronda de Nelle, 94. LA CORUÑA

CASANOVA
Cruce Ramil, s/n - Telf. (982) 21 53 69 - Telefax: (982) 21 31 85 - LUGO

DISMÓBEL
DISEÑO / DECORACIÓN / FÁBRICA DE MUEBLES
Carretera de Peinador a Redondela, 76 A. Telf. 48 66 66
Telefax: 48 70 73 - VIGO

mr muebles rial, s.l.
Taragoña: Telf. 86 10 55.
Riveira: C/. Alcázar de Toledo. Telf. 87 39 06
Telefax: 86 28 28 - CORUÑA

CENTRO COMERCIAL
JUVIOL
PONTEVEDRA
El Marco (Pontevedra). Teléfs. (986) 853215 / 853216
Telefax: 847519
PONTEVEDRA

MUEBLES ENRIQUEZ
Galicia, 14 / Cervantes, 15 / Avda. Zamora, 15
Telfs. 22 22 45 - 22 72 99
ORENSE

18,00 h.: **«Todo Basquet».**
Liga A.C.B.: Real Madrid-Estudiantes/ou Caja San Fernando-Clesa.
«En xogo».
Inclue final Torneo Internacional de Tenis de Indian Wells.

Xoves 15 marzo:

20,45 h.: **«Tempo de xogo».**
Copa de Europa de Baloncesto:
F. C. Barcelona-Philips.

Venres 16 marzo:

«Cuadrilátero».
Vindeiros Campeonatos Mundials.

Sábado 17 marzo:

16,00 h.: **«Tempo de xogo».**
Futbol 2.ª División: Lalin-C. D. Lugo.
«Súper Sport»: N.B.A.

Domingo 18 marzo:

12,30 h.: **«Tempo de xogo».**
Liga Acehpa: Fase final.

18,00 h.: **«Todo Basquet».**
Liga ACB: Caja de Ronda-Joventud/ou CAI-Real Madrid.

Xoves 22 marzo:

20,30 h.: **«Tempo de xogo».**
Copa de Europa de Baloncesto:
Limoxes-F. C. Barcelona.

Venres 23 marzo:

«Cuadrilátero».

Sábado 24 marzo:

20,00 h.: **«Tempo de xogo».**
L.N.F.P.: F. C. Barcelona-Atlético de Madrid.

Parte do equipo de redacción e producción de deportes.

«Súper Sport».
N.B.A. e Torneo Internacional de Tenis de Lipton e Cayo Vizcaíno.

Domingo 25 marzo:

12,00 h.: **«Tempo de xogo».**
Liga Asobal: Teucro Caja Pontevedra-Navarra e Semifinais Torneo Internacional de Tenis de Lipton e Cayo Vizcaíno.

18,00 h.: **«Todo Basquet».**
Liga ACB: VI xornada-II fase.
«En xogo».
Inclúe finais Torneo Internacional de Tenis de Lipton e Cayo Vizcaíno.

Xoves 29 marzo:

20,45 h.: **«Tempo de xogo».**
Copa de Europa de Baloncesto:
F. C. Barcelona-Commodore dem Holder.

Venres 30 marzo:

«Cuadrilátero».

Sábado 31 marzo:

18,00 h.: **«Tempo de xogo».**
Futbol 2.ª División: R. C. Deportivo Español-
R. C. Deportivo A Coruña.
«Súper Sport»: N.B.A.

Domingo 1 abril:

12,30 h.: **«Tempo de xogo».**
Liga Acehpa.

18,00 h.: **«Todo Basquet».**
Liga ACB.

OS ANCARES
PARQUE NATURAL DE GALICIA

● Narciso García ■ Fotos: Serxio López, R. Vilaplana



Vintesete anos despois da celebración da I Festa Monteira que anualmente organizaba o Clube Ancares e que, a pedimento de diversos grupos ecoloxistas, deixou de se celebrar, volvemos a percorrer boa parte dos Ancares, Parque Natural de Galicia. Pero nesta ocasión fixémolo máis cómodamente, non só coa comodidade que nos ofrecía o vehículo no que realizámo- la viaxe, senón porque as vías de comunicación que nos levan ó Parque Natural melloraron notoriamente, e mesmo hai nove quilómetros menos de percorrido ata Degrada, auténtico pórtico dos Ancares.

SUBASE
A NUESTRO BUS
Llevamos la mejor dirección.
Tenemos hombres y sistemas
trabajando en equipo para conducirle,
con potencia y velocidad,
hacia el futuro.
IBM
Concesionario Autorizado
Centro de Sistemas
GEF
INFORMATICA
VIGO • LUGO • LA CORUÑA

OS ANCARES

O noso anfitrión foi Alfredo Sánchez Carro. El é o auténtico señor dos Ancares, amador e valedor a todo trance deste Parque Natural de Galicia. El, precisamente, foi quen o potenciou e proxectou coa súa xestión persoal e coa súa pluma, ata facerlle acadar unhas cotas de popularidade e de engado turístico soamente comparables á altitude dos seus cumes máis altos.

ELECCIÓN DA RUTA

Desde Becerreá, na **N-VI,** a 42 quilómetros de capital da provincia luguesa, tomámo-la estrada **LU-722,** con dirección a Navia de Suarna. Nove quilómetros máis adiante topamos coa encrucillada de Liber, na que se ofrecen dúas opcións: acceder pola estrada **LU-723,** das Pontes de Gatín a Ambasmestas, na provincia de León; ou ben seguir ata a encrucillada da estrada que leva a San Román de Cervantes –algo menos dun quilómetro máis aló de Liber–, por onde podemos chegar a Degrada pola estrada máis alta de Galicia, na que as cotas están por riba dos 1.400 metros. Tras unha pousa para fotografia-la fermosa ponte romana nas Pontes de Gatín, retornamos á encrucillada de Liber para, despois dunha pequena pousa no abeiro dos pescadores de San Román, continuármo-la nosa marcha ascendente cara a Cervantes, capital do concello do mesmo nome. Alí puidemos aprecia-los indubidables progresos urbanísticos dunha villa na que conflúen un importante número de vías de comunicación magníficamente asfaltadas, que nos permitiron a elección da ruta. E case que estreamos novo e ben realizado firme pola

Sobre estas liñas vista do Parque, á dereita fermosa ponte romana nas «Pontes de Gatín».





Albergue dos Ancares. Palloza museo de Piornedo. Escudo heráldico en «Cabanas Antigas». Vista panorámica da serra dos Ancares.





Feitura impresionante do castelo medieval de Doiras.

estrada que nos levou a San Pedro, para volvermos toma-la **LU-723,** que xa non habiamos deixar ata chegar a Degrada.

EN DOIRAS, EN DEGRADA E NO ALBERGUE DO 'CLUBE ANCARES'

Tras regalármo-los nosos ollos coa feitura impresionante do castelo medieval de Doiras, que parece estar unido pola natureza á montaña onde foi construído e coa que se fonde nun curioso mimetismo, fixemos unha pousa no núcleo de poboación de Doiras, que ofrece dous mesóns magníficos, cunhas posibilidades hoteleiras que na nosa visita anterior non existían.
Continuámo-la nosa viaxe admirando vales e montañas ata chegarmos a Degrada, Campa da Braña e, naturalmente, ó albergue do Clube Ancares, onde collemos folgos de descansamos despois dunha activa xeira matinal. O frío era intenso pero puidémonos abeirar a carón da cheminea do albergue sempre acompañados por Sánchez Carro e coa grata sorpresa de reunírmonos co doutor López Buíde, directivo do Clube Ancares, tirador consumado e amante da natureza. Falamos do engado turístico dos Ancares e latricamos saborosas anécdotas. O tempo apremaba e tiñamos que segui-la viaxe cara ó Piornedo.

PALLOZAS E MESÓN

O teixo centenario é o indicador de estarmos no Piornedo. Directamente imos para unha das pallozas que aínda están habitadas. Luzdivina e mailo seu home Xosé recibennos con satisfacción porque o noso introductor, Sánchez Carro, coñéceos de vello e, precisamente, o día do ano novo foi un dos comensais que acompañou ó actual Presidente da Xunta

de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, e compartiu mesa e mantel con este matrimonio humilde que nos fai eloxios afervoados do ilustre visitante e, sobre todo, da súa sinxeleza. A verdade é que a palloza da familia Perdigón é impresionante. Arredor da lareira tomamos café acompañados sempre da familia, do gato e máis do traste «Whiski», un cadelo do que nos custou logra-la confianza, pero que a demos conseguido ó cabo.
Polas ben lastradas corredoiras do Piornedo chegamos á Palloza-Museo, producto dunha idea excelente da xove psicóloga Isolina Rodríguez López, plasmada na presentación e conservación de aparellos típicos e tradicionais de todo tipo que alí se amosan moi ben catalogados, formando un conxunto sorprendente de veras.
É verdade que daquella a palloza estaba especialmente engalanada con grandes restras de chourizos, botelos e androllas que os propietarios tiñan a curar, sometidos ó contacto do fume da lareira, constantemente acesa.
Quixemos chegar á linde da provincia e a poucos metros topamos coa de León. O vento forte e o frío intenso fixéronnos recuar, non se antes facernos unha pousa no novo Mesón-Hostal que se constrúe á entrada do Piornedo. É unha magnífica edificación na que xa funcionan a cafetería, a cociña e un comedor espléndido, ambiciosamente proxectado e mellor realizado, á espera de principia-la división da planta alta para convertela en zona do que han ser cuartos magníficos. Coa posta en servicio deste Hostal, chegar ó Piornedo ha se xa menos arriscado e máis atractivo, con ou sen neve.

Narciso García e Sánchez Carro nunha das Pallozas que aínda están habitadas.

OS CUMES, A FLORA E A FAUNA

As cimas de Cuíña (1.987 metros), de Penalonga, Mustallar, Pica Lanza, Corno Maldito, Tres Bispos, escoltan o noso retorno a Degrada. Nese traxecto tivemos lugar de ver unha parella de corzos que andaban polas proximidades de Vilarello e, máis adiante, un bo bando de perdices, unha demostración de abundancia de caza desta reserva na que se protexen outras especies para evita-la súa extinción, como a pita do monte.
A flora é variada e abundante nalgunhas especies, variedade de verdes e tonalidades que se aprecian coa súa maior forza na primavera. Esta é unha visita que nos prometemos antes e despois das neves.

Galicia, país branco

LEYMA

Galicia, o país branco porque produce o mellor leite da península.
Galicia, o país verde porque a nosa paisaxe é inconfundíbel.
Os prados que dan cór á nosa paisaxe son os mesmos que alimentan ás nosas vacas. Os mesmos que fan posíbel que o leite producido na Galicia sexa máis cremoso, máis rico, máis fresco.
En LEYMA levamos 25 anos producindo, preparando e comercializando toda a gama de productos frescos que teñen como orixe común a mellor das nosas materias primas: Leite de Galicia.
Por iso, cando se trate de leite, queixos, manteigas..., pense sempre na Galicia.

PENSE EN LEYMA. PRODUCTOS FRESCOS DE GALICIA

LEYMA

Ramón Villot y Villot, novo director xeral da CRTVG

O GOBERNO NON REGATEARÁ ESFORZOS PARA QUE A RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA SEXAN O MELLOR INSTRUMENTO DE APOIO Á NOSA IDENTIDADE E A NOSA CULTURA

VICTOR MANUEL VÁZQUEZ PORTOMEÑE, CONSELLEIRO DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E VOCEIRO DO GOBERNO

Diferentes momentos da toma de posesión do recente director xeral da CRTVG.

O pasado 23 de febreiro tomaba posesión do seu cargo, o novo director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Ramón Villot y Villot. Neste acto, estiveron presentes o Conselleiro de Relacións Institucionais e voceiro do Goberno, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe; o director xeral de Medios de Comunicación, Rafael Valcarce; o presidente do Consello de Administración, Manuel Estévez Mengotti;o equipo directivo sainte, e outras personalidades.

FALOU no primeiro lugar o director xeral saínte, Abilio Bernaldo de Quirós, quien fixo unha emotiva evocación destes últimos anos de traballo na TVG, «unha televisión que acadou a súa maioría de idade e que conta actualmente cunhas altas cotas de credibilidade e aceptación popular».
Recabou, asemade, o director saínte, o apoio das institucións nun momento en que o déficit endémico da CRTVG o fai máis ca nunca preciso, e salientou, finalmente, o esforzo e adicación dos profesionais da casa; louvou ó seu sucesor, co que se enorgullecía de manteren unha vella amizade de máis de 23 anos e ó que calificou coma un gran profesional, e excelene compañeiro.
Pola súa banda, Ramón Villot, suliñaría, no seu discurso de toma de posesión, a gran responsabilidade, unida á emoción do regreso despois de case de vinte anos de ausencia. Recoñeceu, o labor profesional do director saínte e salaientou a súa disposición e o seu compromiso de levar adiante o vello soño dunha radio e televisión públicas ó servicio da sociedade galega, que estimulara e potenciara os seus sinais de identidade, a súa lingua, a súa cultura e realidade presente. Tomaría tamén a palabra, o presidente do Consello de Administración, Manuel Estévez Mengotti, quen fixo referencia ó seu especial agradecemento ó labor do director saínte, con quen, a pesar das súas notorias discrepancias, mantén unha inmellorable relación, e louvou o seu traballo do que dixo que só o tempo xulgará con equidade.
Finalmente, tomou a palabra o conselleiro Voceiro, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, quen falaría en ton cordial do mimetismo forzoso de tódalas intervencións, incluída a súa, nas que, por forza, se incluían agradecementos polo traballo desenvolvido e o servicio a Galicia, que debería servir como constante para todos. Falou tamén da radio e da televisión públicas galegas como instrumentos ó servicio de Galicia, a prol de tódolos sinais de indentidade que lle son propios.
Remitiuse tamén o conselleiro ás esperanzas que se abren neste país, prometendo o apoio e colaboración das institucións autonómicas a prol da radio e televisión públicas galegas. Salientou a necesidade de dotalas tecnolóxicamente e económicamente; dotalas de tódolos medios que precisen para o apoio a esa identidade e a cultura propias de Galicia. Son os obxectivos prioritarios para os que foron creados e para os que ningún esforzo se ía escatimar. •

RAMÓN VILLOT Y VILLOT

**Nado en Vigo, en 1933, está casado e ten cuatro fillos.
Estudiou o Bacharelato no Instituto Santa Irene e no colexio Apóstolo Santiago.
Licenciado en Dereito pola Universidade de Barcelona.
Exerceu a avogacía no despacho vigués de Valentín Paz-Andrade, e participou, como colaborador, na fundación da emisora «La Voz de Vigo» (1957), que dirixiu entre 1966 e 1971.
Foi tamén director de Radio Oviedo e da Cadea REM.
En outubro de 1974 incorporouse a Radio Nacional de España como director de programas, e desempeñou sucesivamente as responsabilidades de director de Radio 1, director das Emisoras Territoriais, director adxunto e director da Rede de Emisoras de RNE.
Ata agora, era director de Cooperación Internacional.
Participou en numerosos seminarios, conferencias e grupos de traballo españois e estranxeiros sobre a problemática dos medios de comunicación audiovisuais e, desde 1983, preside a Semana Internacional de Estudios sobre a Radio, encontro profesional patrocinado pola Unión Europea de Radiodifusión e organizado por RNE.**


deseños
do
Galicia
Artesanía contemporánea
"99"
PORCELANAS
galos
pg
Apartado 1.104 / 32080 OURENSE
TELF. (988) 22 56 79 / FAX (988) 22 56 53
TELEX 88443 ORGA-E
Fábrica: BARBADAS (Ourense)

UNHA RADIO-TELEVISIÓN PÚBLICA Ó SERVICIO DA SOCIEDADE GALEGA

SINTO, neste intre, o peso dunha gran responsabilidade, pero tamén a emoción do regreso á casa, logo de case vinte anos de ausencia; un regreso que non é o camiño doce a prol do descanso do guerreiro, senón a ruta que conduce a unha batalla nobre en defensa da miña terra e das nosas xentes.
Sinto a impaciencia de quen aspira a converter, canto antes, un soño en realidade: un soño duha radio-televisión pública ó servicio da sociedade galega, potenciadora dos seus sinais de indentidade, da súa lingua, da súa cultura, da súa realidade presente, do seu futuro, do seu progreso.
Sinto a necesidade imperiosa de facer público o meu compromiso con esta idea, e de chamar a todos cantos queiran axudarme a mantela en pé, cada un desde a súa particular responsabilidade. Esta é unha tarefa de moitos, unha obra en marcha, unha tarefa á que me incorporo agora para segui-los vieiros dos que me precederon. É xusto, por tanto, que eu exprese o meu recoñecemento a Abilio Bernaldo de Quirós, polo seu traballo destes anos. A nosa antiga amizade avala este sentimento sincero e afectuoso, que fago extensivo a tódolos que colaboraron con el.
Sr. Conselleiro: rógolle que transmita ó Sr. Presidente da Xunta a miña vontade firme de cumprir e facer cumpri-la lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, coa axuda —que agora recabo formalmente— do Consello de Administración; e a promesa, empeñada no meu nome e no de cantos traballemos aquí, de servi-los intereses desta terra e das súas xentes con ilusión, honestiadade e sen límite de esforzo.

Ramón Villot y Villot, director xeral

mas

Manuel Abad Sabucedo, S.A

PARA LLEGAR A LO MEJOR...

EN BAÑOS

CERAMICAS Y MATERIALES DE CONSTRUCCION

Con las más prestigiosas firmas nacionales e internacionales

Avda. Marcelo Macías, 74 - Teléfono: 221140. ORENSE

XAIME FANDIÑO: REALIZADOR E DIRECTOR DE "VELAÍ"

"NUNCA QUIXEMOS CREAR SITUACIÓNS HUMILLANTES"

● Por M. Antonio Nieves
■ Fotos: X. Piñón-Arquivo e documentación da TVG.



Xaime Fandiño, director e realizador do programa.

«A toda máquina», outro programa na traza de Xaime Fandiño.

Vai para dous meses que *Velaí*, o programa máis tolo da TVG rematou a súa gratificante andaina televisiva. Os niveis de audiencia e aceptación popular acadados polo programa non son, sen embargo, a única razón pola que hoxe lle adicamos estas liñas. O dato que nos trae outra volta a actualidade do programa fala que aínda o está a ver polo país adiante unha audiencia entre entretida e relaxada.

Non se enganen; non estamos a falar dunha segunda ou terceira canle da TVG, senón das particulares emisións que de programas xa emitidos se está a facer en bingos, locais sociais, mesmo nalgunha liña de autobuses. É unha audiencia en diferido pero, ó cabo, é un dato que nos lembra a aceptación que o programa tivo durante a súa emisión regular.

O deseño intemporal de *Velaí*, entre a comedia de situación do «Servicio de urxencias» e o humor imprevisible da «Cámara oculta», leva dando resultados como esquema exitoso de traballo nesta e noutras canles máis experimentadas da televisión. Para Xaime Fandiño, realizador e director do programa, todo ten unha explicación.

—Catorce programas de *Velaí*, unha fórmula coa que se acadou unha moi boa aceptación. Aínda hoxe, a dous meses da última emisión, a xente lémbrao. ¿Cal é a fórmula?

—Non che hai unha fórmula máxica, hai un esquema de programa cun engado moi forte, como é a «Cámara oculta», que á xente lle encanta pola comicidade e polo insó-

Una Caja siempre abierta a Galicia



Hay una Caja siempre abierta al futuro de los gallegos: Caixavigo. Una Caja volcada totalmente en Galicia para fomentar su desarrollo económico y social.

Una Caja en contínua evolución que sabe ofrecer soluciones profesionales a las necesidades de la empresa. De cualquier empresa.

Una Caja cercana a la familia. Al fin y al cabo, Caixavigo lleva más de cien años ofreciendo seguridad y rentabilidad a miles de gallegos.

Una Caja siempre abierta a la cultura y las señas de identidad gallegas y que para su expresión ha creado y realiza una gran obra social y cultural para Galicia.

Hay una Caja abierta a Galicia, a toda Galicia: Caixavigo

CAV

Caixavigo

Una Caja siempre abierta

Ecovigo



O equipo do programa ó completo.

O tolo equipo médico de «Servicio de urxencias».



Sergio Pazos, o actor de «Cámara oculta».

lito das situacións. Temén se incluíu unha comedia de situación, que era a primeira experiencia da TVG con actores galegos, escrita e pensada en galego.

—Falabamos da «Cámara oculta». Moitos preguntaranse como é posible agachar unha cámara e amañar unha escena máis ou menos chocante sen que a xente se decate de que todo é unha montaxe.

—Traballar cunha cámara oculta é moito máis doado do que moitos ponen imaxinar. Chega cunha pequena furgoneta a unha distancia prudente, e con montar unha escena minimamente crible. De calquera maneira, eu teño que decir que, quitados casos excepcionais, o normal é que a xente pique. Eu tragaría nunha cámara oculta.

—Habería, alomenos, atrancos especiais, situacións comprometidas. ¿Nunca tivestes que chamar polo «Servicio de urxencias»?

—Nalgunhas ocasións tivemos problemas por cousa do tempo; días, mesmos semanas de espera para facer unha gravación. A Serxio, o actor que «atacaba» a xente, chegaron a recoñecelo pola voz nalgún momento. Canto a situacións comprometidas de veras, lembro unha «Cámara oculta» de *A tumba aberta* na que se escenificaba un simulacro cun cadaleito cheo de droga. Tivemos case que saír a fume de carozo.

—Tamén habería momentos ben cómicos, momentos nos que de veras resultase difícil manterse no sitio.

—A un dos actores de apoio, en realidade un axudante de cámara noso, ocorríalle que non podía aguanta-lo riso. Pois ben, malia isto a xente picaba o mesmo. Houbo algunha situación en que os membros do equipo que a presenciaban abalaban coas risadas a furgoneta dende a que se gravaba. Por outra parte, teño que dicir que todo se fixo dende o máis estricto respeto. Contamos, posteriormente, coa aquiescencia da xente e nunca quixemos crear problemas nin situacións humillantes. Moitas veces custábanos traballo convence-la xente de que todo fora unha montaxe.

—No «Servicio de urxencias» temén toparíades con situacións chocantes.

—O «Servicio de urxencias» contaba cun numeroso grupo de actores secundarios, con extras de nenos e vellos, pois estes dous tipos practicamente non existen dentro do cadro de actores galegos. Cun destes vellos recordo un caso ben simpático cando escenificábamos unha operación; Cipriano (Morris) facíalle acenos para explicarlle que o ían deixar coxo, e ó vello entroulle tal ataque de riso que rompeu a chorar, e ó cabo rematamos todos escachando coa risa.

—Segundo teño entendido hai máis proxectos sobre o tema.

—Arestora estouche a traballar neste mesmo proxecto con novos recursos dramáticos. Cunha maior escenografía é co que se pensa aumentar e mellora-la infraestructura dramática.

***—A tumba aberta, A toda máquina, Velaí,* son algúns dos exemplos de programas moi na traza de Xaime Fandiño. ¿Teñen algo en común?**

—Dentro da estructura de cada programa mantense un ritmo moi vivo. Cómpre non esquecer que dous dos casos citados, *A tumba aberta* e *Velaí*, incluíuse a cámara oculta como recurso dun fresco e espelido humor no que están algunhas das claves de cada programa. ●

Estivo na Televisión de Galicia
respondendo as preguntas dos telespectadores

DOUTOR BARRAQUER

A DOAZÓN DE OLLOS É UN ACTO SUBLIME

O doutor Barraquer é un home satisfeito ó saber que se está axudando ós pacientes.

O doutor Joaquín Barraquer Moner nace en Barcelona o 26 de xaneiro de 1927. Forxado precozmente xunta seu pai, Ignacio, nos temas oftalmolóxicos, doutórase en Medicina en Madrid no ano 55.
En 1956 o profesor Barraquer idea varios modelos de querapróteses e lentes acrílicas, así como diversos instrumentos para a microciruxía ocular. Responsable directo dos grandes adiantos experimentados pola investigación oftalmolóxica en España, o profesor Barraquer foi nomeado responsable da primeira Cátedra de Ciruxía Ocular no Estado, adscrita á Universidade Autónoma de Barcelona, na que desempeña o cargo de Catedrático Numerario desde o 30 de novembro de 1972.

● *POR: ALBERTO AVENDAÑO*
■ *FOTOS: SERXIO LÓPEZ*

No profesor Barraquer conflúen tres xeracións de personaxes que prestixiaron os estudios da medicina ocular: Neto de don José Antonio Barraquer Roviralta, eminente oftalmólogo, colaborador iniciático nos estudios da retina con don Santiago Ramón y Cajal. Fillo do investigador e humanista don Ignacio Barraquer y Barraquer. Irmán de don José Ignacio Barraquer Moner, fundador do Instituto Barraquer en Bogotá. Casado con dona Mariana Compte, ten na actualidade tres fillos: Mariana, María Elena e Rafael. Dous deles seguen os seus pasos, proxectándose nunha cuarta xeración de oftalmólogos. María Elena está nestes momentos e, tras pasar polos máis prestixiosos Centros de Oftalmoloxía dos Estados Unidos, exercendo na localidade italiana de Turín. E Rafael é profesor na Universidade de Barcelona.

—Profesor Barraquer, son catro xeracións de oftalmólogos. Seica isto imprime carácter.

—Imprime carácter; pero eu mesmo diría que existe unha predisposición xenética. Porque é pouco frecuente que se siga unha traxectoria familiar de catro xeracións. Pero incluso no que respecta ós meus fillos esta

EL PÓRTICO DE LA GLORIA
Viña Costeira
RIBEIRO
1987
VIÑA COSTEIRA
RIBEIRO
DENOMINACION DE ORIGEN
COOPERATIVA VITIVINICOLA DEL RIBEIRO

xeración está dobrada, xa que a miña filla Elena casou cun oftalmólogo italiano e traballan xuntos. E o meu fillo Rafael casou cunha oftalmóloga iugoslava e traballan xuntos tamén en Barcelona. E así que conto con catro fillos oftalmólogos dentro da nosa organización.

—Sen embargo, vostede quería estudiar enxeñería cando era novo.

—Sempre me gustou todo o relacionado coa mecánica e a inclinación cara á enxeñería tiña que ver con ese aspecto. Pero dentro da profesión de médico-oftalmólogo témo-la parte da cirurxía, que ten moito de artístico-mecánica; á parte a ciencia e todo o que a Medicina inclúe. Daquela sería unha vocación parcialmente satisfeita.

—Neste sentido hai que dicir que seu pai adoraba os oficios manuais, como a ebanistería ou a cerrallería. El afirmaba que axudaban a un cirurxían.

—A cirurxía ocular é unha cirurxía de moito detalle e ten que ser realizada con moita precisión. E un traballo de precisión é aquel de pulir unha madeira ou axustar unha engranaxe. E non hai que esquecer que, á parte de ter delicadeza e habilidade manual, hai que posuír tamén un cerebro que dirixa o que tes que facer e que tome decisións no momento axeitado. Porque traballamos cun ollo que lle pertence a un ser humano.

—Falando de cirurxía, ¿qué opina vostede das novas técnicas, como a queratotomía radial, pola que se reduce a miopía?

—A queratotomía radial comeza nos anos cincuenta cun xaponés de nome Sato e, ó meu xuízo, é unha operación moi discutible. Nós non a practicamos. Porque, pretendendo corrixir unha miopía de tantas dioptrías, derrámase a córnea cos cortes realizados nela.

A queratotomía radial consiste nuns cortes na córnea, é dicir, na primeira lente do ollo. Esta lente ten unha curvatura especial e coa operación destrúese a arquitectura normal da bóveda da córnea. Se a isto lle engadimo-los riscos de complicacións, como perda na calidade da visión ou mala tolerancia ás gafas, non podo aconsellar este tipo de cirurxía.

—Profesor, sabe vostede que se practica en moitas cidades de España a cirurxía ambulatoria. Disque se pode un operar de cataratas ou miopía sen internamento. É decir, o tempo da operación, e o paciente marcha para a casa. Sabemos que vostede tampouco é partidario deste sistema.



Unha operación de cirurxía ocular é unha cirurxía de moito detalle e ten que ser realizada con moita precisión.

Pertencer a unha das catro xeracións de oftalmólogos imprime carácter, eu mesmo diría que existe unha predisposición xenética.

—Non. Eu non digo que non se poida facer. Pódese realizar unha queratotomía radial da que falabamos antes e á media hora manda-lo paciente para a casa. E pódese operar unha catarata e logo dunhas horas o paciente pode estar na casa. Pero, por exemplo, no caso das cataratas os pacientes adoitan ser maiores e precisan dunha asistencia e dunha vixilancia que só poden recibir nun centro médico. Operar unha catarata non é sacar unha moa e os coidados postoperatorios non hai que infravaloralos.

—¿Qué opinión lle merecen as lentes intraoculares?

—A lente intraocular para a cirurxía de catarata está teoricamente moi ben indicada e realizada correctamente pode dar unha boa recuperación. A primeira lente intraocular colocouna no ano 1949 un oftalmólogo inglés que se inclinou polas lentes de plástico, xa que vira como os feridos de guerra con fragmentos de plástico das carlingas dos avións toleraban eses fragmentos tamén no ollo. Agora existen novas xeracións de lentes que se aplican na cámara posterior e que para determinados casos poden ir moi ben. No noso caso, e despois de vinte anos avaliando tódalas complicacións, reiniciámo-la cirurxía de cataratas con lentes intraoculares o pasado 13 de setembro.

—Falando de descubrimentos, fálenos, profesor, do que sentiu vostede cando descubriu algo tan importante como a Alfaquimotripsina.

—Explicareille de que se trata o descubrimento e do que un sentiu despois. A catarata é o cristalino que se fai opaco, e o cristalino é a lente do ollo. Para saca-la catarata hai que facer unha incisión no ollo, retirala e cose-la incisión. Como a catarata está suxeita no ollo por un ligamento que se chama zónula, saca-la catarata non sempre era fácil, especialmente en pacientes relativamente menos vellos. Había que estirar forte e corríase o risco de que rompese, coas conseguintes complicacións. O descubrimento ó que vostede se refire data de 1957 e consistía en que un fermento chamado Alfaquimotripsina, que se obtén do páncreas da cucha, colocado durante a operación no interior da cámara posterior do ollo en contacto coa zónula, facía a acción dun bisturí que cortaba suavemente este ligamento sen afectar outras partes do ollo.

O que un descubrimento coma este implicou para min foi sobre todo a satisfacción de saber que se está axundando ós pacientes.

E iso é un ben para a humanidade.

—E humanidade parece ser que é o que desprende a saga dos Barraquer. Seu pai fundaba en 1962 o Banco de Ollos para o tratamento da cegueira. No ano 1965 seica é cando falecía e el mesmo doara os seus propios ollos a este Banco. Sen embargo, semella que non estamos mentalizados os españois en xeral e os galegos en particular sobre o tema da doazón de ollos.

—Realmente isto é así. A verdade é que meu pai deu un exemplo á sociedade. Eu mesmo tiven que cumpri-la súa derradeira vontade e, unha vez que morreu, ó cabo dunha hora, saqueille os ollos para, aquella mesma tarde, practicar con éxito transplantes de córnea nunha paciente que era a muller dun albanel de Toledo e noutro paciente que era un mestre de escola. Ambos quedaron en perfectas condicións. Resulta tremendamente emocionante cando volvo ver estes pacientes despois de tantos anos. Penso eu que a mensaxe sería que pensemos que, despois de mortos, os nosos ollos se van converter en pó, mentres que, se facemos este acto sublime de asinar un boletín de doazón, poderemos darlle alegría e devolverlle a vista a outro ser humano. ■

CALENDARIO DE CINE



VESTIDA PARA MATAR

Titulo orixinal: **«Dressed to kill»**. USA. 1980. Cor. **Suspense.** 105 mtos. **Director:** Brian de Palma. **Intérpretes:** Michael Caine, Angie Dickinson, Nancy Allen, Keith Gordon, etcétera. **Guión:** Brian de Palma. **Música:** Gary Weist. **Sinopse:** Unha muller morre no ascensor dunha consulta psiquiátrica. Descóbrea unha prostituta que resulta acusada do crime ó atopárenlle na man a navalla homicida...

COMENTARIO: Brian de Palma é un confeso admirador de Alfred Hitchcock. Tanto é así que nalgunha ocasión foi saudado pola crítica como o sucesor do gran mestre do suspense. Actualmente, despois dunha aguda crise creativa a comenzos da década dos oitenta, está a pesar considerablemente entre os mellores creadores do cinema norteamericano actual, sobre todo despois do seu éxito con «Os intocables de Elliot Ness» e o máis recente de «Casualites of war». Foi elixido para levar á pantalla a novela de Tom Wolfe «A feira das vaidades».

En 1980 fixo «Vestida para matar», ambicioso producto de suspense no que as homenaxes a Hitchcock son ben evidentes, incluso con referencias explícitas á famosa secuencia da ducha de «Psicose». A súa trama xira arredor do asasinato dunha muller no ascensor dunha consulta psiquiátrica e da acusación que sofre unha prostituta que atopa o cadáver. A demostración da súa inocencia será o motor do desenlace.

De Palma fai concesións conxunturais ó cinema en voga por eses anos, polo que non aforra efectistas secuencias de terror no mellor estilo do subxénero italiano, e incluso algunhas doses de erotismo na figura da veterana Angie Dickinson. Michael Caine e Nancy Allen completan o reparto principal.

EMISIÓN: Telecinema. *Venres, 2 de marzo, ás 22,00 horas.*

O DÍA DO GOLFIÑO

Titulo orixinal: **«The day of the Dolphin»**. USA. 1973. Cor. 100 mtos. **Director:** Mike Nichols. **Intérpretes:** George C. Scott, Trish Van Devere, Paul Sorvino, Fritz Weaver, Jon Korkes. **Guión:** Buck Henry. **Música:** Georges Delerue.

COMENTARIO: Jake Terrel botou catro anos sen destacarse, desenvolvendo unha linguaxe de traballo entre o home e o golfiño. Os seus experimentos pasaron desapercibidos polo de agora. Ata o momento, ensinoulles ós mamíferos xentís e intelixentes a entenderen e responderen as ordes verbais e simbólicas. Malia servir concienciudamente ós intereses da ciencia, poida que, sen sabelo, selase o destino do presidente dos E.U.A. A intrusión, ó primeiro, do mundo exterior no proxecto de Terrel non é nada sospeitosa. Os executivos da Fundación que proporciona a subvención para o seu centro de investigacións pide probas da apertura comunicativa entre as especies. Terrell, a súa muller e mailo seu pequeno equipo de estudiantes voluntarios mostran os seus logros, primeiro ós patrocinadores e despois, polo pedimento da fundación, a un grupo de *homes de negocios.* Pero o orgullo logo lle dá paso ó terror; os *homes de negocios* teñen programas sinistros para o proxecto, benigno e humanitario. Terrell e o seu grupo vense inmersos nun pesadelo de intriga política, chantaxe, violencia e morte. No medio e medio da trama está Terrell.

EMISIÓN: Cinema de tarde. *Sábado, 3 de marzo, ás 15,15 horas.*

PSICOSE

Titulo orixinal: **«Psicosis»**. USA. 1960. Branco e negro. **Suspense.** 109 mtos. **Director:** Alfred Hitchcock. **Intérpretes:** Anthony Perkins, Vera Miles, Janet Leigh, John Gavin, Martin Balsam, John McIntire, etcétera. **Sinopse:** Unha fermosa muller desaparece e tódalas pescudas rematan nun solitario motel rexentado por un estraño mozo que di vivir coa súa nai, morta realmente xa hai máis de dez anos...

COMENTARIO: «Psicose» é unha das grandes películas da historia do cinema. Realizada en 1960 polo mestre do suspense, Alfred Hitchcock, está considerada unha peza clave na evolución do cinema fantástico e de terror ata chegar a exercer unha forte influencia na filmografía posterior do xénero. A secuencia da ducha, de obrigada análise para os estudiantes de imaxe; a vella casa de estilo gótico californiano construída nos Estudios Universal, conservada para curiosidade de turistas e ben aproveitada por Hitchcock como peza clave da trama do filme; a interpretación de Anthony Perkins coma o mítico e freudiano Norman Bates... son algúns dos elementos deste clásico que o propio Hitchcock definiu ironicamente como «unha película divertida».

Tal foi o seu éxito, reforzado co paso dos anos, que na febre padecida polo cinema norteamericano dos anos oitenta de facer continuacións de vellos éxitos do cine, «Psicose» xa tivo dúas, dirixidas por Richard Franklin e o mesmo Anthony Perkins, que tamén retomou na pantalla o seu personaxe dun psicópata asasino posuidor de dúas personalidades, a súa propia e a de súa nai, morta moitos anos antes. Ningunha delas acadou o impacto da versión de Hitchcock, na que ademais hai unha maxistral banda sonora de Bernard Herrman, unha eficaz fotografía de John L. Russell e uns atractivos títulos de Saul Bass, todos eles habituais na nómina de Hitchcock como productor.

«Psicose» completa o seu reparto con Vera Miles, Janet Leigh, John Gavin, John McIntire e Martin Balsam, entre outros; e foi filmada, ademais de nos Estudios Universal, en Arizona e California.

EMISIÓN: Longametraxe. *Mércores, 7 de marzo, ás 22,30 horas.*

MASACRE EN ROMA

Titulo orixinal: **«Massacre in Roma»**. Italia-Francia. 1973. **Bélica.** Cor. 98 mtos. **Director:** George Pan Cosmatos. **Intérpretes:** Richard Burton, Marcello Mastroianni, Leo McKern, John Steiner, etcétera. **Sinopse:** O ataque da Resistencia a un destacamento nazi nas rúas de Roma provoca unha sanguenta represalia na que morrerán dez italianos por cada alemán morto no atentado.

COMENTARIO: «Masacre en Roma» estivo prohibida en España pola censura franquista e non se estrearía ata 1976, xa que amosaba os vencellos do Vaticano coas forzas do Eixe na Segunda Guerra Mundial. Realizada en 1973 polo director de orixe grega George Pan Cosmatos, reproduce fielmente un feito ocorrido en Roma a comenzos da ocupación nazi, cando un comando da Resistencia preparou un atentado contra un destacamento alemán, e provocou varios mortos entre a tropa. Consecuentemente o alto mando preparou unha forte represalia pola que fusilarían a dez italianos por cada alemán caído. Parece que está demostrado o papel pasivo que adoptou a Igrexa neste sanguento asunto.

A textura dramática do filme está lograda e a presencia de Richard Burton e Marcello Mastroianni, dous veteranos actores de estilos e traxectorias ben diferentes, engádelle un atractivo suplementario a esta recreación histórica, tratada cun guión que tenta ser obxectivo e desapaixonado en beneficio do rigor histórico. Pan Cosmatos está considerado un profesional solvente, capaz de visualizar calquera historia nuns aceptables baremos de corrección, como faría posteriormente noutros filmes seus como «A ponte de Cassandra» ou «Rambo II», entre outros.

EMISIÓN: Telecinema. *Venres, 9 de marzo, ás 22,00 horas.*

NO MES DE MARZO

HIBERNATUS
(Hibernado)

Título orixinal: **«Hibernatus».** Francia-Italia. 1969. **Humor.** Cor. **Director:** Eduard Moulinaro. **Intérpretes:** Louis de Funes, Claude Gensac, Olivier de Funes, Bernard Alane, Martine Kelly, etc. **Fotografía:** Marcel Grignon. **Productor:** R. Sussfeld, R. Debelmas. **Sinopse:** Unha familia pasa por serios apuros provocados pola resurreción do avó, que estaba «conxelado» desde 1900.

COMENTARIO: O popular cómico Louis de Funes, unha institución en Francia, tivo a finais dos anos sesenta o seu recoñecemento como un dos grandes actores cómicos europeos sobreviventes dunha época na que o xesto e o aceno eran marca de estilo no humor cinematográfico.

Bastaba a súa presencia para que o *'gag'* menos afortunado arrancase do público latino as gargalladas máis sonoras, provocando que os seus filmes —artisticamente modestos— se convertesen inmediatamente en grandes éxitos de público, sobre todo no seu país, que acolleu como xornada de loito a súa morte, hai xa algúns anos.

En «Hibernatus» encarna a un avó «conxelado» desde 1900 e que de súpeto «resucita» para pasmo da familia. Realizado por Eduard Moulinaro, realizador francés que ía para promesa da «nouvelle vague» e escorou ata o cine comercial, en 1969, é unha burla do cinema de ficción, científica polo vieiro do humor máis brando e fácil que cabe supoñer, cos resultados esperados para o lucimento do actor. «Hibernatus» é un resume claro das constantes do seu estilo de comicidade, baseado no xesto e o *'gag'* visual, doadamente captado polo gran público e ceibo doutro tipo de consideracións.

EMISIÓN: Cinema de tarde. Sábado, 10 de marzo, ás 15,15 horas.



SALVATORE GIULIANO

Título orixinal: **«Salvatore Giuliano».** Italia. 1962. Branco e negro. 93 mtos. **Suspense. Director:** Francesco Rosi. **Intérpretes:** Pietro Cammarata, Frank Wolf, Salvo Randone, Max Cartier, etcétera. **Sinopse:** No ano 1950 o bandido siciliano Salvatore Giuliano, antigo coronel separatista e posteriormente enfrontado ó goberno italiano, apareceu morto a tiros na praza pública...

COMENTARIO: Francesco Rosi sorprendeu á crítica internacional co seu terceiro filme, «Salvatore Giuliano», realizado en 1962 con actores practicamente descoñecidos, fotografado en branco e negro e cunha estructura narrativa sen semellanzas con calquera outro filme anterior da historia do cinema. Non se trata dunha biografía nin dunha tópica película política.

A orixinalidade de Rosi consistiu en retomar un tema moi presente na opinión pública italiana, como foi o da misteriosa morte do bandido siciliano Salvatore Giuliano en 1950, que levaba algúns anos enfrontado ó goberno italiano e ó seu exército. Para chegar ata aí Rosi e tres guionistas máis, Suso Cecchi D'Amico, Enzo Provenzale e Franco Solinas, recolleron abundante información e testemuños, que axudaron a artella-los diferentes puntos de vista que, a xeito de enquisa, baralla o filme.

A man de Rosi, autor preocupado polo docudrama e pola situación política do seu país, déixase adiviñar na construcción de determinadas secuencias dun vigor e dun ritmo narrativo inusual, aínda que sen tomar partido ningún no seu desenlace. Sobre este mesmo personaxe histórico, Michael Cimino dirixiu en 1987 un filme de gran presuposto, «O siciliano», que axudou a eleva-los méritos do filme orixinal de Rosi.

EMISIÓN: Longametraxe. *Mércores, 14 de marzo, ás 22,30 horas.*

SESIÓNS CONTINUAS MARZO

De luns a venres ás 15,00 horas

XOVES, 1
• **Millie, unha rapaza moderna** (Throughy moder Millie). 1967. USA. Cor. 138 mtos. **Comedia. Director:** George Roy Hill. **Intérpretes:** James Fox, Julie Andrews, Mary Teler Moore, Jo Gavin.

VENRES, 2
• **Un tiro polas costas** (Un tiro por la espalda). 1964. Esp. Cor. 83 mtos. **Intriga. Director:** Antonio Román. **Intérpretes:** Ivonne Bastien, Alberto de Mendoza, Manuel Arbo, Gerard Tichy.

LUNS, 5
• **O deserto dos tartaros** (Le desert des tartares). 1976. Italo-francesa-alemana. Cor. 129 mtos. **Aventuras. Director:** Valerio Zurlini. **Intérpretes:** Vittorio Gassman, Giuliano Gemma, Helmut Griem, Philippe Noiret, Jacques Perrin, Fernando Rey, Ber Nota.

MARTES, 6
• **Chocolat** (Chocolat). 1988. Franco-alemana. 105 mtos. **Director:** Claire Denis. **Intérpretes:** Isaac de Bankole, Giulia Boschi, Francois Cluzet, Jean-Claude Adelin, Laurent Arnal, Donatus Ngala.

MÉRCORES, 7
• **O baile da colleita** (Square dance). 1986. USA. Cor. 112 mtos. **Drama. Director:** Daniel Petrie. **Intérpretes:** Jason Robards, Jane Alexsander, Winona Yder, Rob Lowe, Deborah Richter.

XOVES, 8
• **Fuxida a Burma** (Escape to Burma). 1955. Cor. 83 mtos. **Aventuras. Director:** Allan Dwan. **Intérpretes:** Robert Ryan, Bárbara Stanwyck.

VENRES, 9
• **O meigo** (The wiz). 1978. USA. Cor. 128 mtos. **Musical. Director:** Sidney Lumet. **Intérpretes:** Michael Jackson, Diana Ross, Ted Roos.

LÚNS, 12
• **A perla do pacífico** (Pearl of the south pacific). 1955. USA. Cor. 83 mtos. **Aventuras. Director:** Allan Dwan. **Intérpretes:** Dennis Morgan, Virginia Mayo, David Farrar.

MARTES, 13
• **Taur o poderoso** (Taur; il della forza bruta). **Aventuras. Director:** Arthur Miller. **Intérpretes:** Rod Steiger, Valerie Perrine, John Marley, Jack Cassidy.

MÉRCORES, 14
• **W. C. Fields e mais eu** (W. C. Fields and me). 1976. USA. Cor. 105 mtos. **Director:** Arthur Hillerr. **Intérpretes:** Rod Steiger, Jack Cassidy,.

XOVES, 15
• **Período de axuste** (Perid of adjustment). 1962. USA. Branco/negro. 112 mtos. **Comedia. Director:** George Roy Hill. **Intérpretes:** Tony Franciosa, Jane Fonda, Jim Hutton, Lois Nettleton.

KÁRATE KID I

Titulo orixinal: «**Karate Kid**». 1984. USA. Cor. **Acción. Director:** John G. Avildsen. **Música:** Bill Conti. **Intérpretes:** Ralph Macchio, Noriyuki «Pat Monta», Elizabeth Sue, Martin Cove.

COMENTARIO: «Kárate Kid», «o momento da verdade», non é só a historia dun rapaz fronte ós que lle fan a vida imposible, senón o proceso de como se está a converter nun home.

Todo comeza cando Daniel (Ralph Macchio) e sua na nai Lucille (Randee Helles), unha muller que loita soia por manter e educar o seu fillo traslándanse a vivir a California para comezar de cero: novo ambiente, novo colexio, e... quen llelo ía a dicir, novos horizontes na súa vida, e un gran amigo: Miyagi, un xaponés que parece insignificante pero que é un gran home.

Na sua nova cidade coñece a Ali (Elizabeth Sue), unha rapaza que fora noiva do cabecilla da banda, e lle fan a vida imposible tanto no colexio onde estudiaban coma fóra del; por contra de todos Ali ponse de parte de Daniel co que se produce un romance moi fermoso e doce entrámbolos dous.

Coñece tamén Daniel a Miyugi, un home con dignidade e compasión cheo de grandeza interior. Daniel quere aprende-lo kárate como medio de vinganza para loitar contra seus enimigos. Miyagi non quere ensinalo neses términos. Soio cando Daniel chega ter a madurez e o equilibrio, tanto espiritual coma fisico, Miyagi está disposto a ensinarlle que o kárate non é soio loita, e que buscar soio a vinganza é cavar dúas tumbas.

Soio entón Daniel estará preparado para desafiar o brutal campeón nun torneo onde, segundo lle advirten «poden acontecer accidentes».

EMISIÓN: Telecinema. *Venres, 16 de marzo, ás 22,00 horas.*

A GUNGIGHT

Titulo orixinal: «**A Gnfight**». USA. 1970. Cor. 90 mtos. **Western. Director:** Lamont Johnson. **Intérpretes:** Kirk Douglas, Johnny Cash, Karen Black, Raf Vallone, Jane Alexsander. **Guión:** Harold Jack Bloom. **Música:** Laurence Rosenthal.

COMENTARIO: Dous famosos pistoleiros teñen un duelo á morte por cousa dos cartos.

EMISIÓN: Cinema de tarde. *Sábado, 17 de marzo, ás 15,15 horas.*

LADY ICE

1973. USA. Cor. 90 mtos. **Director:** Gries Tom. **Guión:** A. Trustman e H. Clemens. **Música:** Perry Botkin jr. **Intérpretes:** Donald Sutherland, Jennifer O'Neill, Robert Duval, Patrick Magee, Eric Braeden, Jon Cypher. **Sinopse:** Un detective privado persegue unha banda de ladróns de xoias contratado por un consorcio de seguros.

COMENTARIO: Para a realizacións deste filme utilizáronse xoias por valor de varios millóns de dólares; broches de esmeraldas, diamantes, rubís, perlas..., etc. Por se isto fose pouco, utilizáronse así mesmo algúns dos coches máis caros do mundo.

Os dous actores principais, Jennifer O'Neill e Donald Sutherland, actuaron tamén nesta ocasión como extras. Moitas escenas de persecucións fixéronas eles mesmos.

EMISIÓN: Longametraxe. *Mércores, 21 de marzo, ás 22,30 horas.*

LEPKE

Titulo orixinal: «**Lepke**». USA. 1974. Cor. 105 mtos. **Gangsters. Director:** Menahem Golam. **Productor:** Menahem Golam. **Intérpretes:** Tony Curtis, Anjanette Comer, Michael Callan, Warren Berlinger, etcétera. **Guión:** Wesley Lau, Tamar Hoffs. **Sinopse:** Un xudeu residente en Nova York nos anos trinta chega a converterse nun poderoso mafioso que se enfronta por igual ós seus rivais Anastasia, Luciano e demais e á propia policía.

COMENTARIO: Formado baixo o patrón do cinema independente, principalmente traballando con pre-

supostos pequenos, o realizador Menahem Golam deixou Israel en 1974 para aceptar unha oferta da multinacional Warner Bros e filmar un achegamento biográfico ó gangster de orixe xudía, coñecido como Lepke, que chegara a enfrontarse a coñecidos xefes criminais da época, como Lucky Luciano ou Anastasia, polo control de amplos sectores urbanos de Nova York. O resultado foi o filme «Lepke», realizado cun presuposto medio pero sostido sobre un convincente traballo de Tony Curtis, decidido a apostar polos rexistros dramáticos despois dunha dilatada traxectoria no eido da comedia.

A trama céntrase fundamentalmente nas dificiles relacións que o gangster mantén coa lei e coa policía que finalmente acaba sendo detido e xulgado por un xuíz que fora amigo da súa mocidade.

Golam, posteriormente popular pola súa asociación co seu compatriota Yoram Globus na productora Golam-Globus, limítase a narrar con fidelidade ós esquemas tradicionais neste tipo de filmes. Unha boa factura técnica, certas doses conxunturais de violencia e erotismo, como correspondía a aqueles anos setenta de aguda crise cinematográfica, e unha particularmente boa acollida por parte do público español son caracteristicas desta correcta película.

EMISIÓN: Telecinema. *Venres, 23 de marzo, ás 22,00 horas.*

PERRY MASON, CASE OF THE MURDERED MADAM

Titulo orixinal: «**Perry Mason, case of the murdered madam**». **Suspense.** USA. Cor. **Director: Intérpretes:** Raymond Burr, William Katt, Bárbara Hale, etc.

COMENTARIO: Os vellos episodios do serial «Perry Mason», que nos anos sesenta acadaron moito éxito entre os televidentes norteamericanos e europeos, están a ser coloreados e emitidos novamente no contexto dunha ampla operación comercial de revitalización dos grandes éxitos da pequena pantalla na que se inclúen outros seriais populares, como «O fuxitivo», «Bonanza», «A familia Monster», «Embruxada», etcétera.

Así mesmo, novos guións do avogado detective, cunha metraxe longa –arredor dos noventa minutos– viñéronse filmando desde 1985 co mesmo actor, Raymond Burr, multimillonario na súa vida privada gracias á boa acollida deste personaxe, que agora está acompañado de actores tamén populares na televisión, como son William Katt e Bárbara Hale, que interpretan ós seus axudantes no bufete de investigadores, a cotío metidos en casos dificiles nos que sempre hai un misterioso asasinato.

As televisións autonómicas están a ofrecer regularmente estas novas entregas de «Perry Mason» no formato estándar cinematográfico, aínda que tamén están a comercializarse no mercado videográfico español con lanzamentos periódicos.

Baseándose no respecto ás regras do suspense, os casos de Perry Mason –creación da literatura popular norteamericana ideado por Erle Stanley Gardner– sosténense sobre o carisma do seu corpulento actor e manteñen equilibradamente as súas doses de entretemento nas que hai sempre un recuncho para o humor e para a ensinanza exemplarizante.

EMISIÓN: Cinema de tarde. *Sábado, 24 de marzo, ás 15,15 horas.*

FIRECREEK

Titulo original: «**Firecreek**». USA. 1967. Cor. 104 mtos. **Western. Director:** Vicent McEveety. **Intérpretes:** James Stewart, Henry Fonda, Inger Stevens, Gary Lockwood, Dean Jagger, etcétera. **Productor:** Philip Leacock. **Fotografía:** William Clothier. **Guión:** Calvin Clements. **Música:** Alfred Newman. **Sinopse:** A chegada a unha vila de granxeiros dunha banda de fuxidos provocará un estoupido de violencia.

COMENTARIO: En 1967, cando as carteleiras europeas estaban a ser invadidas polo spaguetti-western, o público xa non aceptaba o cinema do oeste de producción recente, se non contiña os mesmos elementos de violencia e sadismo do pseudoxénero italiano e español. De aí que «Firecreek» non só tardara tres anos en estrearse en España, senón que ademais pasou sen pena nin gloria. Afortunadamente o tempo colocou as cousas no seu sitio e agora xa se pode recoñece-lo clasicismo contido neste western dirixido en 1967 por Vicent McEveety e interpretado por dous grandes do xénero, James Stewart e Henry Fonda, que traballarían xuntos noutras ocasións.

Aínda sen ser unha película extraordinaria, a presencia do veterano William H. Clothier na fotografía e do compositor Alfred Newman son engadidos positivos a este «Firecreek» de claras influencias de «Só ante o perigo», pero do que poden goza-los amantes do western. O argumento dunha vila amedrentada pola presencia dunha banda de fuxidos e a decisión do veterano sheriff de enfrontarse a eles sen a solidariedade dos demais non é nova, pero James Stewart aporta ó seu rexistro matices novos en relación a personaxes semellantes na historia do xénero.

EMISIÓN: Cinema de tarde. *Sábado, 31 de marzo, ás 15,30 horas.*

O HOME DAS MIL CARAS

USA. 1957. Branco e negro. 115 mtos. **Director:** Joseph Pevney. **Intérpretes:** James Cagney, Dorothy Malone, Jane Greer, Marjorie Rambeau, Jim Backus, Robert J. Evans.

COMENTARIO: Non está moi clara a data do nacemento de Joseph Pevney. Unhas fontes sitúana en 1913 e outras en 1920. Nacido en New York, adicouse primeiro á danza e ó canto, para pasar a interpretar no cinema despois da Primeira Guerra Mundial. A partir de 1950 asinaría un contrato en exclusiva como director na Universal.

Unha das súas obras máis famosas foi «O home das mil caras», dirixida en 1957, sobre a biografía dun dos grandes actores da sétima arte, Lon Chaney.

Chaney, nacido en Nova York en 1886 e morto ós corenta e catro anos, foi o primeiro mito do cinema fantástico e de terror. A súa experiencia teatral serviulle para dominar plenamente a expresividade na difícil etapa do cinema mudo.

Será unha estupenda ocasión para cinéfilos, cinéfagos e espectadores curiosos de descubrir non só o particular mundo deste actor cunha facilidade pasmosa para cambiar de faciana cando a arte da maquillaxe e os efectos especiais eran aínda puro rudimento, senón tamén para saber un pouco máis sobre o interior do cinema e o seu mundo.

No filme de Pevney, maxistralmente interpretado por James Cagney, que encarna a Lon Chaney, a quen acompañan Dorothy Malone e Jane Greer, reconstrúense fielmente as rodaxes de dous dos filmes máis famosos do homenaxeado: «A fantasma da ópera» (1926) e «O chepudo de Nosa Señora» (1925).

EMISIÓN: Longametraxe. *Mércores, 28 de marzo, ás 22,30 horas.*

CALENDARIO DE CINE MES DE MARZO

VENRES, 16

● **O home orquestra** (L'homme orchestre). Cor. **Humor. Director:** Serge Korber. **Intérpretes:** Louis de Funes, Noelle Adams, Oliver de Funes.

LUNS, 19

● **Il boia di Venezia. Director:** Luigi Capuano. **Intérpretes:** Lex Barker, Guy Madison, Sandra Panaro.

MARTES, 20

● **Chinesse boxes. Acción. Director:** Chris Petit. **Intérpretes:** Will Patton, Gottfried, John Adelheid, Robbie Coltrane, Beate Jensen, Susanne Meierhofer.

MÉRCORES, 21

● **O país onde veño** (Pays d'ou je viens; le). 1956. Fr. **Director:** Marcel Carne. **Intérpretes:** Gilbert Becand, Francaise Arnoul.

XOVES, 22

● **Tell me a riddler.** 1980. USA. Cor. 90 mtos. **Director:** Lee Grant. **Intérpretes:** Melvyn Douglas, Lila Kedrova, Dolores Born, Born Elross, Jon Harris.

VENRES, 23

● **Cortina rasgada** (Torn curtain). 1966. USA. Cor. 122 mtos. **Intriga. Director:** Alfred Hitchcock. **Intérpretes:** Paul Newman, Julie Andrews, Wolfgang Kieling, Aludwing Donath, Lil Kedrova, Tamara Toumanova.

LUNS, 26

● **A hause doll's.** 1973. Inglesa. 95 mtos. **Director:** Patrick Garland. **Intérpretes:** Claire Bloom, Anthony Hopkins, Ralph Richardson, Denholm Elliott, Anna Massey, Edith Evans.

MARTES, 27

● **Alguén matou o seu marido.** 1978. Cor. 97 mtos. **Director:** Lamont Johnson. **Intérpretes:** Farrah Fawcet-Majors, Jeff Bridges.

MÉRCORES, 28

● **A casa das sombras.** 1983. Gb. Cor. 92 mtos. **Fantástico. Director:** Peter Walker. **Intérpretes:** Vicent Price, Christhopher Lee, Peter Cushing, John Carradine; Desi Arnaz jr. Richard Tood.

XOVES, 29

● **Toca con xeito ese tambor** (Bang the drum slowly). 1973. USA. Cor. 96 mtos. **Director:** John Hancock. **Intérpretes:** Robert de Niro, Michael Moriarty, Vincent Gardenia.

VENRES, 30

● **O gran restaurante. Intérpretes:** Louis de Funes.

● **O círculo bermello** (Le cercle rouge). 1970. Fr. It. Cor. 128 mtos. **Intriga. Director:** Jean Pierre Melville. **Intérpretes:** Alain Delon, Yves Montand, Bourvil, Jean Maria Volonté.

O Equipo de Tápame-Tápame nas instalacións da RAG. Como eles din, «o programa transcorre pola banda horaria prohibida para os namorados de Morfeo. As veces hai que recorrer ás frases feitas como: «Querer é Poder».

Tápame, tápame

O cultivo da fantasía coa práctica dos sentimentos

● Por: J. L. Valdés. ■ Fotos: Lalo.

«¿Ás doce da noite?», dicía a voz que se escoitaba a través do teléfono. Non limitándose a mostrar sorpresa, esgrimía argumentos para non facilita- la gabanza que trataba de facerlle chegar Luís Silvoso na súa, ás veces, ingrata tarefa de producción.

Ben, de acordo, estou alí ás doce menos cuarto. Terei que quedar en Santiago..., aínda que, pensándoo ben, podo aproveitar para resolver un asunto pendente.

—Gracias, non o esqueza... ás doce menos cuarto.

Conversas coma esta, limitadas polo propio teléfono, pola propia distancia, acontecen cada día cando se trata de podéreste achegar a TÁPAME, TÁPAME, programa que transcorre pola banda horaria prohibida para os namorados de Morfeo. O peor non é que pincipie ás doce: é que remate ás tres. Ás veces hai que recorrer a frase feitas como «querer é poder».

Cando a luz do día cede ante a fondura da escuridade, favorecendo a premeditación, a aleivosía e a nocturnidade, van aparecendo, un a un, os compoñentes do equipo. Victoria fixa os ollos no texto da fotocopia que pendura do taboleiro: «Traballar na radio é estar de vacacións». Cada quen que o interprete como lle pete pero o certo é que o traballo, cando gusta, é lecer.

Antes de que faga a súa entrada triunfal na redacción, adivíñase pola voz que o que vai aparecer pola porta será o furacán de Nacho Lema, inconfundible pola súa vitalidade e bo humor, que adopta unha pose de discreción no seu papel de Sereno, calando cando as circunstancias o requiren e contestando cando se lle pregunta. Sabe que é unha profesión que se extingue e que, calquera día, non terá máis remedio que se despoxar do feixe de chaves, pero, men-

tres.... mentres... ¡AS DOCE E SERENOOO! Lilian de Celis insinúaselle ó ointe, estamos no ar, cantaruxando sen recato... Tápame, tápame.

¡Atención...! ¡Xaa! Alguén dixo un día: «Se queres coñocer un home sen soños, presentareiche un home morto». Victoria fai unha pausa, Lilian teima... *«Tápame que tengo frío».*

O ambiente sementado de nerviosismo; sorrisos de complidade cando a incógnita se resolve coa chegada daquel rapaz que fai acenos e tenta desculpa-lo atraso. Déixase de olla-lo reloxo con intranquilidade: inevitablemente principia o tempo da palabra.

DE SOÑAR NINGUÉN CANSA. Recoñece Victoria que é unha frase roubada a Fernando Pessoa.

Os vasos mesturan o *whisky* coa *coca-cola*. *—¿É que ninguén gusta da xenebra con tónica ou dunha cervexa?, a decir verdade non me disgustaría un café. Ben, o presuposto non dá para máis e co whisky case que acertamos sempre», foi Luís Silvoso quen leu os meus pensamentos; ofréceme entón a única alternativa: un vaso de auga.*

—¡Calados, que imos!... «La chica de ayer» deixou de dar voltas nas cabezas dos de Nacha Pop.

— Alucino! O convidado, o rapaz que chegara tarde e penso que o coñezo de algo, está a contar unha historia increible pero real, tan real como que é a súa propia.

—Así que, Luki Bouzas, segues coa teima de atopa-la guitarra e só encontras un golpe baixo inmerecido.

—Si, si, contesta Luki unha pelexa da que aínda me resinto e que prefiero esquecer.

—¿Que ten que ver Princesa en todo isto?

—Princesa é unha aparición marabillosa, marabillosa e real aparición que alimenta o meu morbo; mentres ela estea aí, eu hei seguir adiante.

Mentres tento comprender un pouco, saber de onde sae este personaxe, lembro a rúa, o café, o instante gravado na miña memoria. Perdo o fio da conversa. Sorpréndeme agora falando dunha complexa historia do gobernador envolto nunha historia de tráfico de armas, de contrabando. Un tenente de Garda Civil, un comisario... ¡Que sei eu! A sabe-lo que se está cocendo. Ata a música de Blues é axeitada e está a ton coa conversa.

Temo que en calquera momento o estridente son do teléfono rompa o feitizo e que a xente tente descubrir máis cousas, que o mesmo gobernador, o tenente, traten de pedir responsabilidades. Seguro que xa se decataron de que Luki Bouzas está destapando a pota que conta os chanchullos en que están implicados.

Pero nada aconteceu. Nin soaron os teléfonos, nin advertín caras de sorpresa. Tarde comprendín que Luki Bouzas era un personaxe de ficción recreada aquela noite polo propio autor, Roque Morteiro, artífice da obra *Seis cordas e un corazón*. A radio foi o sopro que lle deu vida á Princesa e ó Luki.

—¡Hola Andrea! ¡Boas noites!

Andrea fala e fala sen parar durante seis minutos. Esfórzase por refrescárno-la memoria coas historias tinguidas de rosa e, se a isto lle engadimos un fermoso ton de voz e un certo aquel no xeito de contárno-las cousas, o resultado semella ser un petisco que contrarresta a fria noite de chuvia e vento que se empeña en bater contra a fiestra. Andrea prívame da súa presencia, pero deixa ó descuberto o floreiro e as flores que coma cada día procura que non falten.

En cualquera momento, en calquera lugar hai circunstancias que requieren taparse

Soa o grilo do teléfono.

—Radio Autonómica Galega, ¿diga?

—¿Victoria, por favor?

—Si, son eu.

—Quería saber algo máis do que me dixeches pola análise grafolóxica.

—Non, é que non sou eu, é Victoria Díaz Cabanelas...

¿Victoria Díaz? ¡Xa! A encargada de descubrilos máis íntimos segredos da personalidade por medio da letra. Eu non cría niso ata que o vin.

Decátome de que Pepe Carreira adviñou e infidelidade do meu pensamento, coa mirada de vagar polo papel e polo seu propiio maxín. Cóntame, antes ca a ninguén, como Rosa Pereira, rapaza de infancia triste e ollada tenra, loita por non perde-lo tren da esperanza. Non, non é unha historia simple, pero tampouco é real.

Rosa Pereira vive nas historias en branco e negro, historias sensibles, que non sensibleiras, segredos a voces, *vox populi* para todo aquel que queira prestar oídos.

O fondo musical, con Bruce Hornsby and the Range, pon o resto... Antes de que se apague a luz vermella, todo é testemuña de que mañá a historia vai continuar.

As doce están a piques de chegar. Lilian de Celis...

Una noche de agua clara, al entrar en la bañera le decía a su bañero que... Tápame, tápame, tápame que tengo frío.

Aneiros, ¿lesme a man?... Catro cativos e dous amores... Claro, con razón, o home evade a consulta, non gusta de facer prediccións de corredor, insiste en que non é adiviño; como moito con dotes e instinto herdado dos seus antepasados celtas de Cedeira.

—Cóntovo-lo que queirades, porque alí, de onde son eu, hai unha forza especial da natureza que fai que moitas das xentes do lugar sintan unha especial vibración extrasensorial, non sen motivo, xa que alí existe un lugar máis coñecido polo nome da «terra das meigas» ca polo seu nome oficial. Alguén insiste: ¡Bótame unha olladá a man! Dous amores e catro cativos...

O estudio dous sufriu unha lixeira transformación: as luces menos intensas, unha botella de *whisky*, unha coca-cola e os vasos de plástico animan o convite, xa se sabe que a conversa se fai máis lixeira cun grolo. Nos cinseiros vanse esgotando os primeiros cigarros da noite; os das mulleres co bico de carmín... A coquetería non se pon a mal co traballo.

Transcorreu o tempo, parecía tan longo e queda xa tan pouco.

Adela Cano cruza, entre minutos de oráculo e misivas preocupadas pola saúde, o diñeiro e o amor, as cartas do Tarot na mesa do estudio coa práctica da experiencia.

Bowie canta con bángoas na voz: *«I'll be king, and you... yoy will be Queen, and nothing...*

Os últimos acordes da melodía nocturna; mentres xa nos retiramos descalzos, abandonámo-la máquina de Oz. Ata mañá... *Tápame, tápame, tápame que tengo frío.*

TÁPAME, TÁPAME

EQUIPO: Victoria Rodríguez. Nacho Lema. Pepe Carreira. Andrea Fernández. Manuel Aneiros (Tarot). Victoria Díaz Cabanelas (Grafoloxía). Adela Cano (Tarot). Fernando López (Cinema). Luís Silvoso (Productor). Santi Vázquez (Control de son). Ramón Díaz (Control de gravación).

Colores para toda la vida.

PROA

PROA

Pinturas, esmaltes y barnices

TEL.: 23 16 13 - 23 18 30 • FAX: 239952 • TELEX 83787 PROV-E • TELEG.: PINTURAS • APDO. 280 • FCA. ESPEDRIGADA, 14 • 36200 VIGO (ESPAÑA)

ALVI-VIGO

Tip e Col afirman que sempre se soportan ben e que, señón fosen amigos, «esta historia sería absurda».

COLL CONFESASE CON TIP NA TVG

"O HUMOR É TAN SERIO COMO A MULLER"

● Por: Carmiña Blanco
■ Fotos: César Quián (Voz Noticias)

A habitación de maquillaxe convertéuse nunha sala de humor coa chegada da parella máis dispar do escenario: Tip e Coll. No ar nervioso das actuacións, os dous brindaron unha serenata previa de improvisacións, que marcou que as distancias son cosas efémeras e que eles volven ó seu mellor tempo de inxenio e complicidade, que volven a se aliar para que a sátira e a burla fina brillen con valor propio. «Separacións?, cada vez que a un lle veña ben por motivos profesionais... pero sempre nos soportamos ben.»

Os dous parlamentarios de ficción poñen voz á crónica do acontecer. A «señoría» Tip fala polo «Partido Espaladín Don Mangalofa», mentres que a señoría Coll faino polo «Partido Independente Según» (PIS), voceiros ámbolos dó son da actualidade cotía. Os dous seguen levando os seus chapeus e «smokings» no máis puro estilo da etiqueta, como facendo unha reverencia á risa e á saudade que provoca, porque rir é necesario.

Tip (o alto) espállase mellor que Coll cando un se pon a falarlles, mentres que Coll semella estar acostumbrado a fiarse de Tip e delega nel cuestions «de sociedade», por exemplo, quedar con alguén a unha hora. Tip é puntual e Coll faise agardar para parecer retraído. Así, en «Noite de Estrelas», Coll demostrou levar con xeito, no xa a dobre personalidade da parella, senón a triple, coa figura do «manager», que é Luís Sánchez Polack, ou sexa Tip.

Tip e Coll puxeron en escena na TVG, un «show» da súa creación, con moito absurdo aparente, moitas referencias á actualidade e ás confesións que Coll lle fixo a Tip, o monseñor. E, mentres tanto, moitos «lingotazos» para asimila-la parodia. Saúdo previo, presentación e noticias da Prensa... «si, da actualidade do ano pasado» (di Tip, bromeando). A parella mostra a tranquilidade e ademais o pulo de ter moitos anos sobre o escenario. Coa paciencia, tamén, dos que saben mofarse e acepta-las mofas que o público pon por riba deles. Por iso, semellan afoutados e non teñen problema para mostrarse coa súa imaxe, unha imaxe convexa de si mesmos.

Tip e Coll non teñen problema para parecer coa imaxe de cómicos intelixentes e absurdos.

O humor é infalible neles e xorde dun xeito natural, a pesar da timidez inicial de Coll ou da aparente seriedade de Tip. Os vinte tres anos de parella artística callaron neles máis alá das diferencias. Tip foi moito máis do espectáculo ca Coll. *«Comecei no teatro no ano 44, e no 47 xa formei o dúo Tip e Top, xunto a Joaquín Portillo. Foi no ano 67 cando naceu o actual Tip e Coll, do que son un pouco fundador»,* di o máis alto ó lembrar que o humor deles non cambiou co paso do tempo porque se basea no mesmo xogo de palabras e conceptos: *«neste senso, nós non rompemos con nada».*

Quizais o que rompeu foi o panorama da xente que facía humor daquela. Eles foron o inicio de certo elitismo; «humor para intelixentes» tal e como eles din. *«Estamos moi compenetrados e improvisamos por*

igual no escenario; quizais eu estea máis tolo», bromea Tip. *«O humor é sempre algo moi serio... cando non é groseiro. Eu compároo coa muller: hai que respectalo e admiralo. De todo se pode quitar algo, en todo hai humor», aínda que tamén inflúe o seres gracioso por natureza, pero é que eu son así.*

Tip e Coll pensan que non hai límite para facer humor... mentres exista o mundo. Eles tiñan unha frase feita, coa que o público se identificaba: «mañá falaremos do Goberno», e afirman que seguen a falar daquilo porque sempre está de actualidade. Sen embargo, recoñeceron certa autocensura, *«para previr, e por iso traballamos para xente intelixente. Con nós, ninguén se incomodou, aínda que agora os políticos están máis nerviosos».*

Esta seria parella ten tamén en mente facer un programa de humor en televisión, e para isto pensan nunha parodia dun telexornal, «... que ten moito campo. *Non imitariamos a ninguén, falariamos das coudas actuais»,* comenta Tip. Pero ningún deles acerta a dicir por que televisión ficharon. *«Hai cousas no aire, no eter das privadas...», «iremos á que mellor pague, porque somos profesionais»,* di isto último Coll, con sorna contida.

Nós autocensurámonos para previr males maiores, por iso traballamos para xente intelixente.

O certo é que das súas supostas separacións forma parte da lenda da parella. *«¿Se algunha vez houbo separación?... non. Actuamos por separado (aínda que a Coll se lle nota máis) porque non imos dicir: "ou os dous ou ningún". De tódolos xeitos, eu son moito máis lacazán ca Coll.»*

Eles afirman que seguen tal cual, «máis caritativos co xénero humano», pero non se sabe moi ben se realmente gozan de boa amizade: *«se non fosemos amigos, despois de tantos anos, esta historia sería absurda. Noutro caso sería de película. Soportámonos ben, máis ou menos»,* declara Coll baixo a acertada mirada do seu alto amigo. O que ocorre é que pode ser que un teña máis dominio ou poder ca outro: *«Non ho! Sabes o da moeda?, pois igual: as posibilidades de que saia cara ou cruz. Creo que Tip é máis intelectual do que semella e que eu son máis intuitivo tamén»,* afirma Coll convencido.

Tip e Coll traballaron moito en Galicia e din admira-la intelixencia do público galego: *«ten moito sentido do humor»,* unha virtude que admiran Trouleando con violíns na TVG, fixeron lembra que sempre hai alguén danzando ó redor para esconxura-los malos fados.

O próximo día 18 ábrese a veda da troita en toda Galicia

MÁIS DE CEN MIL GALEGOS SAIRÁN A PESCAR ESTE ANO

Os ríos galegos e a súa paisaxe intrigante recobran este ano un especial protagonismo, amais do que lles concede agora a apertura das vedas. Unha tempada inusual para os pescadores galegos que agardan as datas claves do inicio da pesca fluvial: as licencias concédense gratuitamente, e ademais vai se- la última vez que o pescador poida saír ó río sen amosar antes a súa preparación mediante un exame.

Por: Carmiña Blanco
Fotos: Serxio López, Xurso Lobato (Voz Noticias)

O pracer deste deporte á beira das augas doces xúntase coas malas trazas ecolóxicas das ribeiras continentais. Pero a afluencia masiva ós ríos supera as revisións.

Ás veces, a natureza podería semellar unha grande nai disposta a darnos todo o que lle pedisemos sempre que quixeramos, e da que colleriamos ó noso antollo e sen limitacións. Pero como nai, sofre sen acougo os excesos. Os ríos discorren misteriosos e belos e, ó mesmo tempo, teñen as súas regras do xogo. O 18 deste mes ábrese en toda Galicia a veda da troita, e péchase o 31 de agosto, quitado en Pontevedra, onde se pecha o día 5. Esta mesma data de apertura aplícase ó salmón para A Coruña e Pontevedra, mentres que para Lugo está fixado o día 4 deste mes.

As previsións para esta tempada van superadas. Poden servir de exemplo as preto de 1.800 solicitudes de licencias que houbo na Coruña nun só día. Producíronse reas de xente inverosímiles respecto doutros anos. Foi unha riada de demandas nas que se observa unha mior inquietude nos mozos e noutros membros da familia.

A inhabitual expectación resulta lóxica debido a dúas particularidades desta tempada de pesca, consecuencia dun baleiro legal momentáneo. O feito é que este ano non se lles pode aplicar taxa ningunha ás licencias porque aínda non está feita a regulamentación autonómica para esta materia, que agarda sorpresas para o seu día, como a obrigatoriedade dun exame.

«Este ano superáronse as expectativas, e o número de licencias disparáse; o que pasa é que o ano que vén vaise complica-la cousa co tema dos exames... e poida que cheguen a proliferar mesmo escolas como as de conducir», comenta Rafael Menéndez de la Vega, xefe do Servicio do Medio Natural da Coruña. O ano pasado houbo en Galicia ó redor das 100.000 licencias.

Os tipos de licencia establecidos ata o de agora para esta pesca eran o **A**, para todo residente no Estado español; o **B**, para estranxeiros non residentes; e o **C**, para os menores de 18 anos e maiores de 65. O prezo da licencia galega era de 540 pesetas, e o da española de 820, mailas sobretaxas segundo fose pesca de troita ou de salmón. Pero a partir da nova aplicación *«calquera persoa de calquera autonomía que quixese pescar máis aló da súa comunidade tería que sacar dezasete licencias distintas, unha por cada comunidade autónoma á que fose pescar»*, explica un funcionario da Consellería de Montes e de Ambiente. O caso é que este ano non hai en Galicia ningún prezo que se poida aprobar por non estar aprobada a lei de taxas.

Actitudes e coñecemento

A regulamentación consonte á nova norma está pendente. O Artigo 35 da Lei 4 de **Conservación de Espacios Naturais e da Flora e Faunas Silvestres,** aprobada o ano pasado e publicada no BOE do 28 de marzo, dino seu punto primeiro: *«para o exercicio da caza e da pesca será requisito necesario a acreditación mediante o correspondente exame de aptitude e o coñecemento preciso das materias relacionadas coas ditas actividades, consonte ó que regulamentariamente se determina».*

No punto dous da devandita Lei 4, dise: *«A superación do devandito exame habilitará os interesados para a obtención das correspondentes licencias de caza ou pesca que expedirán os órganos competentes das Comunidades Autónomas e que serán válidas para o ámbito territorial de cada unha delas».*

«O que eu penso que pode chegar a haber son convenios de colaboración para que sirva a mesma licencia para tódalas comunidades autónomas», apunta Rafael de la Vega.

E no medio desta riada de demandas, ¿cómo se presenta a tempada para os pescadores habituais ou para aqueles mozos iniciados? A cada un vaille i-la festa á súa maneira, segundo a sorte, alimentada coa experiencia e a habilidade. As perspectivas non son moi boas no tocante á ecoloxía do ambiente, debido á contaminación crecente e ós cambios climáticos que inflúen moito nas vidas dos ríos, como as chuvias a destempo que fan que as enchentes non veñan ó seu tempo.

As enchentes tiñan que vir a finais de setembro, *«que é cando a troita inicia a peregrinación para a desova, e entón as troitas veñen, soben, desde os ríos grandes ata os ríos nais, os ríos pequenos, que son os máis recónditos e os máis limpos. A troita busca a zona limpa e a zona alta: enrosca a cola e dá saltos de dous ou tres metros. Este ano morreron milleiros delas pola contaminación e tamén polo furtivismo»*, comenta Ildefonso Díaz Mayoral, presi- ●●●



TEMPADA HÁBIL DE PESCA 1990

ESPECIE	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
SALMÓN	18 MARZO	4 MARZO	18 MARZO	18 MARZO
	25 XULLO	15 XULLO	5 AGOSTO	5 AGOSTO
TROITA	18 MARZO	18 MARZO	18 MARZO	18 MARZO
	31 AGOSTO	31 AGOSTO	31 AGOSTO	5 AGOSTO
REO	18 MARZO (1)	18 MARZO (2)	18 MARZO	18 MARZO
	31 AGOSTO (*)	31 AGOSTO	31 AGOSTO	5 AGOSTO

(*) Prorrógase a pesca do Reo ata o trinta de setembro nos coutos de Ombre e Noia.
(1) Nos tramos en réximen especial comeza o 22 de abril.
(2) No río Eo (nos coutas de Abres, San Tirso, A Pontenova, Salmeán e Xinzo) do 1 de maio ata o 31 de xullo.



TODOS Á FESTA DA TROITA

Aló polo ano 1978 xurdía no concello da Pontenova (Lugo) unha nova festa popular para marcar no calendario a xolda da pesca da troita en Galicia. O que un día foi un pequeno concurso popular, converteríase co paso do tempo nun grande acontecemento que reúne o 1 de maio pescadores dos lugares máis variados, mesmo do estranxeiro.

Sería o **Centro de Iniciativas Turísticas da Pontenova** o que lle ía da-la forma a esta iniciativa, a este ambiente de eurforia, ó redor dun dos ríos máis sinalados de Galicia; o Eo. O pobo envizcábase neste concurso local, no que o Eo domina pola súa limpeza e atrae os pescadores toda a tempada. Cos anos, a sona da **Festa da Troita,** que consta do concurso popular de pesca e das festas do lugar. Espallouse por toda Galicia, e hoxe en día veñen pescadores de Asturias, León, Madrid, Holanda e tamén de Francia. *«Mesmo veñen en autobuses, con toda a familia»,* di Conchita García Rodil, presidenta do Centro de Iniciativas Turísticas, ó relata-lo auxe da festa, que este ano celebra a XIII edición.

O primeiro de maio hai unha cita na Pontenova, referencia ineludible para os pescadores no seu itinerario de concursos. Hai no Eo catro treitos ou coutos reservados especialmente para a **Festa da Troita** durante o día do concurso, que son A Pontenova, Salmeán, Xinzo e Vilarmide. Estes coutos entran a sorteo, e á mañá xa marchan ó río os pescadores, en transportes que pon a organización, amais dunha bolsa con comida.

A xornada dura ata a unha e media do mediodía. Os vixiantes están atentos para facer cumpri-las normas e para que ningún pescador reciba axuda. Nas bolsas numeradas que dá a organización deberanse mete-las troitas pescadas. De volta, xúntanse na praza do concello, onde un xurado se dispón a medi-las pezas. *«O gañador é o que maís troitas pescase, pero tamén conta o peso. Para elas hai un premio especial»,* comenta Conchita.

Un dos momentos máis divertidos é cando se fai a pesaxe na praza do concello *«porque, cando se está a facelo, ninguén sabe de que pescador se trata; ata o final mantense o suspense»,* di Conchita, que lembra ademais a diversidade de xente que se xunta no concurso, xente da Banca, médicos, mecánicos ou paisanos ribeiregos do lugar. *«Hai unha boa irmandade. Baixan ó río e saben estar, respetan as normas».* Finalmente a euforia da pesca xúntase coa festa popular.

Mobil

Protegemos la ingeniería de su motor.



Si usted está pensando qué marca de aceite es la mejor para su coche, o si alguien le pide consejo sobre qué



lubricante protege mejor el motor, le ofrecemos la mejor respuesta del mundo: **Mobil 1**, el lubricante sintético para motores desarrollado por la Mobil Oil Corporation, aplicando la misma tecnología de vanguardia que la empleada en la lubricación de los sofisticados motores de los Fórmula 1 o de los motores a reacción de los Boeing 747.

La tecnología Mobil de lubricantes sintéticos desafía a las temperaturas y a los esfuerzos a que están sometidas las más avanzadas máquinas del mundo, incluyendo flotas de camiones comerciales, gigantescos equipos de obras públicas, trenes de alta velocidad...

Mobil 1 es el producto clave de la tecnología Mobil. Benefíciese usted de esta avanzada tecnología en lubricación. Mobil le propone para su coche, **Mobil 1**, el lubricante especialmente indicado para proteger el motor de su coche con la



misma eficacia y esmero que un Fórmula 1.

Cambie a Mobil, más que por un sentido de marca, por sentido común.





Mobil®
Lubricantes

UN PESCADOR LEXENDARIO EN MONFORTE

O maquinista da RENFE xubilado Roxerio Ruiz Méndez, de 69 anos, é unha lenda viva do home entregado ó río, como que tivese un encantamento na infancia.
Captura troitas incribles, acadou numerosos premios en Galicia e fóra dela, e ten unha apaixonante historia reflectida no magnetismo do río.

«Eu creo que xa foi un soño: cando era un neno só vivía para ir ó río, era a miña tolería. Meus irmáns e mais eu saíamos para o Cabe, un dos ríos bos da península, agora estragado, e pescabamos nunha barca que fixera o noso pai, da que caiamos sempre. Así pasabámo-la vida, todo o día aló, era como unha febre», lembra Roxerio, pescador de pluma.

Este forte sentimento polo río levouno a deixalo todo cando se abría a veda da troita, nun acto de sagrada vocación: **«de maquinista, endexamais traballaba cando se abrían os ríos; sempre encontraba a escusa necesaria para ausentarme; pedía a baixa no médico e, aínda que perdía de gaña-los cartos, marchaba toda a tempada. Os xefes xa o sabían, pero daquela non importaba».**

O triúnfo máis grande da súa vida como pescador tívoo no río Cabe, con 15 anos: a troita pesou 8 quilos, e dábanlle por ela cincuenta e sete pesetas das daquela. **«Pero non a vendemos; comémola na casa. Collina con arpón aínda que non estaba permitido».** Outra captura incrible foi a da troita de seis quilos que sacou do río Neira e que lle regalou ó médico que lle daba as baixas: **«lembro que me levou sacar esta troita exactamente unha hora e cinco minutos».**

Roxerio podería gardar sabios segredos para imita-la súa prodixiosa pesca e bo acerto. **«O importante é ir só a pescar. A troita non debe ve-lo pescador; non se debe fumar e tampouco achegarse á beira do río. Hai que tira-lo saltón á cola (se vai á cabeza, a troita ve o engado) e lanza-la cana fóra, de abaixo arriba. Ademais, é bo ter psicoloxía con ela, porque á troita hai que excitala, é moi torpe, pero moi voraz».** Roxerio asegura que, a pesar da súa fama non o perseguen ata o río.

Uns 25 premios enchen os recordos de Roxerio, pero non lle gusta presumir deles. É subcampión de España de equipos de pesca de pluma (no Lor); gañou tres veces o concurso da Festa da Troita no río Lor, e foi campión local.

Como sempre, este ano vai sair a pescar desde o primeiro día da apertura da veda, e tódolos días ata o final.

«Un día, o meu fillo indicoume un regato chamado Río Cereixa, no que seica non había nada. En cinco días pesquei máis de cen troitas. Os de alí quedaron abraiados, e eu tamén. No verán, teño un lema: pescar de oito a dez da noite, alá pola tardiña baixa, e sempre me dá bo resultado no río Lor». Roxeiro, cando non pesca, bota moito tempo lendo, sobre todo os premios Nobel.

dente da Federación Provincial de Pesca de Lugo.

A medida permitida para a venda ou a comercialización da troita é dun mínimo de 19 centímetros, mentres que para o consumo privado ten que ser de 17 cm. Para o profesional deste deporte, furtivo non é só o que pesca fóra da veda, senón o que bota grandes redadas ó río para que caia o que sexa, o que bota lixivia... *«Este tema segue a estar igual porque non hai suficiente vixilancia nin sancións adecuadas. A Lei de Pesca, do ano 1944, está desfasada»*, engade Díaz Mayoral.

Soidade e riscos

Pódese dicir que o pescador ten por oficio a perfecta soidade, se ben tamén hai un perfil para o que leva con el a familia. De calquera maneira, as saídas ó río non soen ser masivas, senón por parellas ou, como moito, por pandas. O primeiro día da pesca celébrase a apertura. Determinan un sitio (a cantina) para verse, e saen a tarde anterior ó día clave. Na cea coméntanse tódolos preparativos e fanse as comprobacións: os cebos, os aparellos, as botas, o engraxamento do carrete... e cadaquén bota a sorte ó aire, sen que falte unha pequena botica, *«non vaia se-lo demo»*.

O pescador madruga moito. Ás cinco da mañá xa está indo polas rutas da pesca. Agarda o amencer camiñando por vieiros moi complicados e, ó chegar ó río, tenta as *posturas*, é dicir, os puntos idóneos para ter *boa fama* coa troita. Para non estragárense as troitas uns ós outros, os pescadores deixan unha distancia entre eles. Ó almorzo, despois do pracer da soidade, xúntanse e comentan. A xornada remata coa última luzada do día. Chegan a percorrer ata 20 quilómetros diarios.

«Os mellores pescadores son aqueles que van ós ríos máis inaccesibles, máis arriscados e perigosos. Lembro un rapaz que ía por zonas polas que non se atreven a ir nin as cabras; estaba pescando enriba dunha pedra do río Lor, esvarou e rompeu a perna. Así foi andando 5 quilómetros ata o coche, por sitios incribles, cunha cesta chea de troitas. Unha odisea», conta Díaz Mayoral.

Algúns ríos galegos notorios, ben pola súa calidade, ben pola súa lenda ou polo costume, son o Eo, o Miño, o Navia, o Neira, o Lor, o Ladra, o Asma, o Mao, o Ouro, o Landro, o Sarria, o Cabe e o Magdalena en Lugo; o Eume, o Mandeo, o Tambre, o Baio, o Xallas, o Xubia, o Cambre, o Sar, o Neira e o Sor na Coruña; o Arnoia, o Arenteiro, o Limia, o Mao, o Sil, o Avia e o Bibei en Ourense; e o Ulla, o Deza, o Miñor, o Termes, o Louro e mailo Lérez en Pontevedra, amais dunha lista longa de ríos menores e regatos que o propio pescador aprende a descubrir.

Facendo un clixé clásico do equipo imprescindible para facerlle fronte á pesca, este debe contar cunha cana adecuada (unhas 4.000 ptas.), un carrete de tipo medio (5.000 ptas.), unhas boas botas altas de goma (4.000 ptas.), cebos artificiais, *«cucharillas»* ou mosca (dez de cada, 6.000 ptas.), unha cesta, un chuvasqueiro (5.000 ptas.), amais do viño e mailo queixo para acompañaren a soidade. ●

MARIA MOREIRA:

Novas liñas, texturas e cores

tendencias primavera-verán 90

O deseño coma expresión da personalidade

A moda, no particular, está, como cada linguaxe, ó servicio da expresión de cada quen; aínda que algúns o propoñan, tampouco se pode (nin se debe), aillar do contexto social no que se move. Hai unha silueta sicolóxica de muller, en directa relación coa vestimenta que suxire, pola que aposta Maria Moreira. Unha muller definida, activa, independente, con capacidade de ruptura e, asemade, de xogar coa insinuación e a coquetería, o atrevemento, mesmo a provocación. As roupas non agachan as formas, nin suxiren nidiamente ningún determinado periodo, ningunha determinada época. Maria Moreira cré que a tradición, aínda respetándose, debe ser tódolos días permanentemente reinventada. As tendencias que para esta primavera-verán nos amosa a deseñadora viguesa, falan de liñas axustadas ó talle, amplas faldas e pantalóns, largos tres cuartos e totais. Evassés, con aplicacións de bordados, arabescos, volutas e ornamentos. As texturas máis utilizadas serán as de gasas e organzas; liño e popelín; e a seda. As cores, lembrando á terra queimada polo sol, a cor do ouro; o deserto, con ocres, tellas e marróns; o fogo, con vermellos, marelos e mostazas; o primitivismo das antigas tribus na mesma pureza de matices. Os relumbróns de luz sobre as pedras. ●

DAF

Porque nadie da lo que DAF.

GALIMOTOR, S. A.

Ctra. Vigo-Vincios, Km. 8 "A Pasaxe" - Tel. 46 80 01 - VIGO
Exposición abierta sábados de 9 a 21 horas en GRAN VIA, 157 - VIGO

A XENTE FINA PONSE A TRABALLAR

● Por Rosa Villacastín
■ Fotos: Angela Martín

Nati Abascal, duquesa de Feria, cotizada modelo nos seus anos mozos, dirixe unha tenda de moda famosa. Desafortunada en amores, triunfadora no traballo.

Dun tempo para acó a algunhas famosas entráronlle-las ardias laborais. Pasaron de ser parásitas de luxo a convertérense en choiantes de primeira categoría. Esta élles unha nova, coa que todos temos que bailar no pico dun garabullo, pois significa que a política de «pleno emprego» deseñada polo ministro español de Economía e Facenda, Carlos Solchaga, está a dar unha anada ben boa. Pena que a medida non chegue a tódolos parados do Estado, pero iso sería como pedirlle auga a unha pedra e tampouco andan os tempos para lerias nin para tirar foguetes.

A primeira en poñerse a traballar foi a Isabel Preysler. Da noite para a mañá a ex-dona de Julio Iglesias converteuse en espelida entrevistadora dunha «revista do corazón». As preguntas da nena Isabel deron a volta a España por ousadas. Non tódolos días pode un falar con personaxes da sona de Vargas Llosa –que ninguén pense que a mención do afamado escritor peruano leva segundas intencións, pero é que é un personaxe de acceso difícil para a prensa–, ou de Ted Kennedy, ou de artistas cinematográficos da altura de Richard Chamberlain.

Sen entrarmos en demasiadas profundidades,

abondaranos decir que as entrevistas de Sabeliña non destacaban polas súas preguntas melévolas, nin sequera polos temas que nelas se trataban. O importante destas entrevistas eran as fotos, era aparecer xunta o entrevistado compartindo a súa sona. O texto escribíallo un «propio». Por posar e poñe-lo magnetófono en marcha, a susodita revista pagáballe un soldo mensual de un millón de pesetas, billetes de avión e hotel incluídos. Cousa de nada de termos en conta que a Isabel é a raíña do *papel-couché.* Un soldo que, aforrando e aforrando peso a peso, permitiulle un nivel económico e social á man só dos millonarios. Despois habíanlle vir outros contratos saborosos como o que ten con «Porcelanosa» e polo que, a dicir das malas linguas, cobra cantidades astronómicas, cantidades que andan polos cen millóns de pesetas ó ano. Con estes vimbios o máis parvo fai reloxos.
Seguindo o exemplo de Isabel, a súa amiga Carmen Rossi pegou a laborar arreo despois, iso si, de divorciarse do triste do duque de Cádiz. A Carme fai crónica da moda. En París a vida estalles moi cara, e o anticuario que ten de marido séntese sumamente compracido cos cartiños que lle gaña a parenta. Con este traballo a Carme mata dous paxaros dun tiro: fai o que máis lle gusta —pode ir a tódolos desfiles dos deseñadores máis afamados— e regálanlle a roupa que loce con tanto xeito. Non lle hai nada que obxectar, como vostedes comprenderán, a que tódalas mulleres sen excepción se incorporen á vida laboral. E o soño das feministas máis radicais. Agora, unha canle privada en

Matilde González —ex de Carvajal— non necesitou «enchufes» para ter unha profesión onde triunfar.

A política de pleno emprego levada a cabo por Solchaga está dando os seus froitos.

Isabel Preysler, Carmen e Jean Marie Rossi, «pioneiras» no mundo laboral de Jet-Set.

Carmen Rossi, experta en modas, asinou un contrato millonario con Antena 3-TV.

televisión –Antena 3– contratou a Carmen para o mesmo que fai na dita revista, pero desta volta en vivo, Carmen Rossi vai ter que ir a Madrid tódolos domingos do mes. Chega de mañá e marcha de noite. Por ese traballo crebador páganlle millóns a embute. Para gabarse dos seus coñecementos lingüísticos, a Carmeliña solta de cando en cando unha frase en francés. Iso non llo podemos tomar a mal nin criticarllo, todo o contrario; está moi ben que estas famosas saiban idiomas, é o menos que se lles pode pedir, ¿ou non é verdade?

Pero non termina aquí a festa, non. María Suelves, a cuñada de Carmiña, a dona de Francis Franco, tenta competir coa Carmen, e isto si que lles é unha novidade que sorprendeu a moita xente. Ata hai pouco vivia das argalladas do seu home e das exclusivas que ámbolos dous lles vendían ás revistas interesadas por todo o que lle pasa á xente fina.

Outra das famosas, esta ben repolida, Nati Abascal, ex-duquesa de Feria e ex-compañeira sentimental do presidente do Real Madrid, Ramón Mendoza, intenta, o mesmo cás outras, reface-la súa vida afectiva e laboral dirixindo unha tenda de sona internacional.

Está claro que é no eido da moda e das relacións públicas onde mellor se colocan estas raparigas. Digamos que se moven coma o peixe na auga. Delas deberían ir aprendendo Matilde González, ex-muller de Carvajal, que triunfou por merecementos propios, e Carmen Romero ou Isabel Tocino, dúas asisadas deputadas. Non lles é o mesmo describir un traxe de noite que interpretar ó goberno. Non ten nada que ver.

Do goberno español e mais das irmás Koplowitz habemos falar outro día. ●

CRUCIGRAMA



HORIZONTAIS.—1: Misiva, epístola. **2:** Risos leves. **3:** A galiña é unha. Certo froito de sabor acedo. **4:** Desaparición do sol polo horizonte. Tabaco en pó para aspiralo polo nariz. **5:** Doas, cedes voluntariamente. Crenza na verdade dunha opinión non demostrada. Bebida de piratas. **6:** Existes. Aposento individual nun convento. Símbolo do Níquel. **7:** Artigo. Cortiza dunha árbore. Advervio de lugar, designa o lugar no que se fala. **8:** Calificacións académicas. Naquel lugar. **9:** Soño desagradable e obsesivo. **10:** Indicio ou sinal dalgunha cousa.

VERTICAIS.—1: Edificio destinado a audición de obras musicais. **2:** Sacos grandes. Do revés, masa de partículas que fluctúan no aire. **3:** Cavidades subterráneas, grutas. Una con ataduras. **4:** Fagas sucos co arado. Grosa, gorda. **5:** Consoante repetida. Danos morais que unha persoa recibe ou causa. **6:** Acento ortográfico. Pronombre persoal de terceira persoa. Nota musical. **7:** Coller algo coa man. Preposición. Do revés, madeixa de liño. **8:** Do revés, algo que se pon ó remata-las obras. Planta liliácea con cabeza e dentes. **9:** Desmaio. **10:** Canto fúnebre, alexia.

SOPA DE LETRAS

Nesta sopa de letras agáchanse os nomes de 12 animais mamíferos. Descúbraos.

A	E	L	A	B	A	C	D	X	Z
X	T	E	Q	M	N	O	F	A	G
R	P	B	H	I	L	Ñ	R	B	A
N	B	R	G	T	U	T	O	A	A
A	C	E	T	Q	N	Z	X	R	Z
C	I	M	N	O	Q	U	R	I	U
M	E	O	L	B	D	O	L	N	D
N	O	L	A	B	A	C	Q	Q	N
C	I	R	D	Z	E	F	N	G	O
I	U	L	C	T	U	I	O	Z	R
R	Q	X	A	E	Ñ	P	B	X	U
O	S	V	B	A	G	A	O	Q	F
T	E	I	X	U	G	O	L	N	M

ENCRUCILLADO FOTOGRAFICO

HORIZONTAIS.—1: Nome do personaxeda fotografía. Símbolo químico do fósforo. **2:** Modelo, cousa que se utiliza para copiar. **3:** Parte do porto onde atracan os barcos. **4:** Artigo. Composicion medieval de carácter lírico e narrativo. **5:** Comías pola noite. **6:** Moverse cara un sitio. Sen valor ou utilidade, fútil. Agarradeira dun recipiente. **7:** Programa da TVG que presenta o personaxe da fotografía (dúas palabras). Vocal. **8:** Tostei algo no lume. Un. Fogar. **9:** Representacións gráficas dun determinado fenómeno. **10:** Río galego. O mesmo ca *eira*. Desprazábase dun lugar a outro.

VERTICAIS.—1: Tempo que leva vivido unha persoa. **2:** Parte de terreo sen cultivar que rodea unha finca. **3:** Utensilio para pór en marcha o muíño. **4:** Apelido do personaxe. **5:** Facer pacas de herba ou palla. Expresa alegría a gargalladas. **6:** Móvase polo aire. Pasa-lo fío polo ollo de agulla. **7:** Da asilo. Vocal. Contracción dos pronomes *me* e *a*. **8:** Realizar unha actividade con esforzo. **9:** Areais. Desta maneira. **10:** Ó. Ir de dentro para fora. Vocal.

O HUMOR DE ANTONIO GALAN

¿COMO CHEGARA A ABELLA A FLOR?



AUTODEFINIDO



SOLUCIÓNS

ENCRUCILLADO FOTOGRAFICO



CRUCIGRAMA



SOPA DE LETRAS



AUTODEFINIDO

● Por: Alberto Avendaño.
■ Fotos: Arquivo e Documentación da TVG.

O SABEDOIRO EN OITAVOS DE FINAL

**Todos demostraron a súa preparación e o seu entusiasmo. Absolutamente todos abraiaron ós telespectadores polas súas respostas rápidas, seguras e acertadas.
Hai que dicir tamén que a súa sabedoría estivo en todo momento apoiada polos seus compañeiros de escola, que presenciaron os encontros no Plató 300 da Televisión de Galicia. As súas campartas- pancartas, as súas mascotas e os seus aplausos. O final, só dezaseis das trinta e dúas escolas en concurso, pasaron á seguinte fase. ¡Noraboa a todos!**

NOVOS ENFRONTAMENTOS

O sorteo celebrouse diante das cámaras, no ARESTORA do día 9 de febreiro, venres. Así quedaron os oitavos de final:
C. P. Dices (Rois)/C. P. San Isidro (Neda). Celebrouse o 16-2-90. Clasificado S. Isidro (Neda).
C. P. Practicas Anexo (Lugo)/C. P. Os Tilos (Teo). Celebrouse o 23-2-90.
C. San Fermín (Caldas)/C. Abrente (Portonovo). 2-3-90.
C. Sagrado Corazón (Ferrol)/C. P. Mosteiro (Bembrive-Vigo). 16-3-90.
C. Belén (Ferrol)/C. P. Ibáñez Martín (Ferrol). 23-3-90.
Escolas Nieto (Vigo)/C. P. Hermanos Villar (Ourense). 30-3-90.
C. P. Raiña Fabiola (Santiago)/C. P. Barrié de la Maza (Santa Comba). 6-4-90.

O SABEDOIRO FÓRA DA ESCOLA SEGUE A REPARTIR PREMIOS

Son moitos, cada vez máis, os cartóns recibidos para concursar no noso Sabedoiro «para o exterior». Todos aqueles que nos deron as respostas acertadas ás preguntas que se formulan nestas mesmas páxinas, entraron no sorteo. Velaquí o resultado:
Os lotes de libros foron a mans de Xosé Cudeiro Nieves e máis de Patricia Novelle Álvarez, ámbolos dous de Ourense. Os ordenadores persoais gañáronos Marcos Hernández Rey, de Santiago de Compostela, e mais Juan González Iglesias, de Castro de Ribeiras de Lea, na provincia de Lugo. E dúas rapazas foron as agraciadas coas dúas bicicletas. Trátase de Consuelo García López, de Cedeira (A Coruña), e de Patricia Pérez Campos, de Ourense. ●

CIENCIAS NATURAIS

Hai animais nos que a cría se desenrola dentro da mesma nai, nun órgano especial chamado útero ou matriz. Cando lle chega o tempo, a femia pare. ¿Que nome reciben estes animais?

a) Ovíparos.
b) Animais metamorfoseados.
c) Vivíparos.

LINGUA

A expresión «¡Vaite rañar!» podémola escoitar...

a) Cando a alguén lle proe o corpo.
b) Para indicar que alguén está tolo.
c) Se alguén está dando a lata e queremos despedir our darlle unha contestación un pouco brusca.

HISTORIA

Tralo descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago, Compostela converteuse no máis importante centro de peregrinación de Europa, sobre todo desde o século XII. A maioría dos peregrinos chegaban a Compostela por unha ruta que comezaba en Francia e percorría todo o norte da Península. En Galicia entraba polo Cebreiro e tras pasar por Portomarín, Palas de Rei, Melide e Arzúa, chegaba a Santiago.

¿Que nome recibía esta rota?

a) Camiño de Compostela.
b) Via Láctea.
c) Camiño de Santiago.
d) Roncesvales.



EDUCACIÓN VIAL

O rapaz do debuxo está a cometer unha infración:

a) Non pagar.
b) Falar co conductor.
c) Non leva-la carteira.

XEOGRAFÍA

Lagos, ríos, mares e océanos forman a capa líquida da esfera terrestre. ¿Cómo se chama esta capa?

a) Estratosfera.
b) Atmósfera.
c) Litosfera.
d) Hidrosfera.

MATEMÁTICAS

Das seguintes ecuacións, ¿cal *non* ten solución, no conxunto dos números naturais?

a) $3 - x = 0$
b) $4 + x = 6$
c) $5 + x = 0$

DOUTOR:
PEDRO QUIROGA
GAYOSO

HIPERTENSIÓN ARTERIAL SISTEMÁTICA

Definición: A OMS define a hipertensión arterial (HTA) como unha elevación crónica da presión sanguínea sistólica (máxima), diastólica (mínima) ou de ámbalas dúas, nas arterias. Pódense elixir varios límites por riba dos cales unha persoa é hipertensa.

Cómpre lembrar que a tensión arterial aumenta cos anos e que as cifras tensionais varían segundo a hora do día, o tipo de aparello de rexistro, o observador, etc. Etioloxicamente, clasifícase en ESENCIAL cando non se coñece a causa e SECUNDARIA cando existe un factor coñecido desencadeante (renal, endocrino, toxemia, etc.). A hipertensión arterial pertence á familia de enfermidades cardiovasculares, que son na actualidade a primeira causa de morte nos países industrializados. A

A hipertensión arterial é unha causa moi importante de morte nos países industrializados.

Como cifras orientativas, indicámo-las seguintes en mm.Hg.:

	Sistólica ou máxima	Diastólica ou mínima
PA normal	140	≤ 89
HTA lixeira	140-159	90-104
HTA moderada	≥ 160	105-114
HTA severa		≥ 160

prevalencia sóese situar ó redor do 10% da poboación adulta e forma, xunta a diabete e as elevacións do colesterol, as tres causas máis importantes da arteroesclerose que favorece unha maior incidencia de cardiopatía isquémica (anxina de peito, infarto), accidentes vasculares, cerebrais, etc.
Os órganos sobre os que repercute unha tensión arterial elevada son:
– O CORAZON; produce hipertrofia (agrandamento). insuficiencia cardíaca, patoloxía coronaria.
– O RIL; insuficiencia renal.
– OS VASOS; aneurisma disecante, arteriopatía oclusiva.
– CEREBRO; encefalopatía ou hemorraxia cerebral.
– OLLOS; retinopatía.
Os estudios epidemiolóxicos demostran factores de risco relacionados coa hipertensión. Enumeramos algúns:
– IDADE: a TA aumenta cos anos.
– SEXO: maior incidencia en varóns.
– HERDANZA E AMBIENTE.
– PESO: aumenta a incidencia co sobrepeso.
– ALCOL: a súa inxestión crónica aumenta a HTA.
– EXERCICIO FISICO: o exercicio físico diminúe complicacións.
– DIABETE: é factor de risco.
– TABACO E CAFE: poden aumenta-la HTA.

TRATAMENTO:

– NON FARMACOLÓXICO:
- Restricción do sal na dieta.
- Aumenta-los vexetais e as fibras na dieta.
- Evita-las graxas animais.
- Reducir peso.
- Reduci-la inxestión de alcol, tabaco, café.
- Exercicio físico.

– FARMACOLÓXICO:
Segui-la indicación sanitaria en cada caso: diuréticos, antagonistas do calcio, betabloqueantes, inhibidores da ECA, etc.
Resumindo; a hipertensión arterial é unha causa moi importante de enfermidades cardiovasculares (anxina de peito, hemorraxia cerebral, etc.) que pode ser controlada se actua mediante a detección de novos casos, se trata de forma preventiva os factores de risco (obesidade, sedentarismo, dietas graxas ou saladas, etc.), se o seu médico realiza controles periódicos da tensión arterial e, nos casos nos que se precise, se realizan tratamentos farmacolóxicos segundo a medicación que se indique. ●

¿ quieres comprar un piso ?

...adelante!

cuentas con todo nuestro apoyo

En Caixa Ourense disponemos de una ayuda especial financiera **"SERVI-CAIXA"** pensada exclusivamente para tí, para que puedas hacer realidad tu gran ilusión... ... la de tener tu propio piso.

Ven y coméntanos tu proyecto, en Caixa Ourense apoyamos las ilusiones con futuro... ...adelante con el piso!

SERVI CAIXA
SERVICIO A LA FAMILIA

CAIXA OURENSE

Dirección Xeral de T.F. de la Consellería de E. y Facenda · XUNTA DE GALICIA · Autorización 8979

PLANOS OURENSE

● Por Araceli Filgueiras

■ Fotos: Angeles Alonso

O SALMON

Un pensa que os manxares que hoxe se valoran sempre foron apreciados polas xentes, é ben certo que cambian os gustos e as costumes.

Noutros tempos, os salmóns foron a dieta diaria de moitos galegos xa que «o príncipe do río» volve cada ano a onde nacera e subía a desovar ó Ulla, o Eo, o Tambre, o Umia, o Mandeo...

Comíase con tanta frecuencia que nos contratos de servidume doméstica ou labrega os criados esixían que os amos non lles desen de xantar salmón máis que os venres, por seren vixilia, e outros dous días á semana.

Xa na época romana era enormemente valorada a pesca dos nosos ríos, e quédannos testemuños disto. Consérvanse parte das construccións das pesqueiras do Ulla e das de Arbo, robustas construccións de pedra. Temos tamén documentación do que lle tiña que pagar en salmóns ó Arcebispo de Santiago a vila de Padrón. Os primeiros que se pescaban, o número de cestas de peixe, etc. ¡Ainda hoxe o salmón é un bo galano!

Tódalas provincias contan con coutos salmoneiros. Na de Pontevedra teñen sona os do Ulla, Couso, Xiamonde e Ponte Ledesma. En Lugo péscase nos ríos Sor, Masma e no Eo, na parte baixa ata a poza de Xinzo. Na Coruña no Mandeo, no Eume, no Ulla, sobre todo na zona de Padrón e no seu afluente, o Liñares, e tamén os hai no Tambre e no Sar. En Ourense atópanse salmóns no Limia pero só ata a primeira presa.

A principios da primavera os salmóns comenzan a remonta-lo seu río de orixe e reciben distintos nomes segundo o mes en que fagan a remonta: abrileiros, maiolos... As artes de pesca son moi variadas desde o trasmallo, a cabeceira, o alxerife e o voitirón ata a secada. Na zona norte utilízase a rede salmoneira que leva cortiza na parte superior e na inferior unhas pesas de laxe e a tralla de pandullos.

Na nosa cociña son moi variadas as formas de condimentalo. O «Picadillo» ten moitas receitas de salmón: á tártara, ó xeito de Xénova, asado, cocido, en empanadillas, en papel, en pasteliños, en salsa de ovos, fritido... Hoxe cocíñase con cogomelos, asado metido dentro de papel de aluminio, á grella... Pero quizais como resulta máis sabroso sexa cocido. De feito é un peixe que pola calidade de súa carne non precisa de receitas excesivamente sofisticadas. O limón ou a laranxa acentúan o seu delicado sabor.

Nestes días volvemos ter salmón na praza a prezos bastante accesibles o que pode facer que de aquí a poucos xa non sexa un prato tan extraordinario e poida que pase como co polo, que de ser un xantar de festa e de días grandes converteuse nun manxar que se come a cotío. ¡Benvido sexa de novo á nosa mesa!

SALMON A LARANXA

6 toros de salmón.
3 cebolas pequenas.
1 laranxa.
1 vaso de aceite.
Sal.
Patacas cocidas ó vapor.

Poñede aceite nunha tarteira e as cebolas cortadas èn rodas moi fiiñas e deixadeas estufar ata que estean case transparentes. Botádelle logo a ralladura da monda da laranxa, colocádelle por riba os toros de salmón, salgádeos e rosádeos co zume de laranxa. Tapade a tarteira e deixádeo cocer uns dez minutos a pouco lume. Retirádelle unha terceira parte da cebola para adornala fonte, e o resto pasádeo pola batedora ou o coador chinés, e arrimádeo de novo ó lume. A esta salsa podémoslle engadir unhas culleradas de nata, se queremos facela máis cremosa.

Colocade nunha fonte o salmón, adubádeo con patacas cocidas ó vapor, leituga, escarola e as rodas de cebola, e cubrídeo coa salsa.

FLOR DE KIWI

6 kiwis.
3 laranxas.
1 copiña de viño doce.
4 vasiños de queixo fresco ou.
1/4 Qg. de requeixo.
Confeito de laranxa.
Almibre de laranxa.

Coas paras das laranxas facemos un confeito. Temos que deixalas a remollo unhas vintecatro horas e cambiarlles varias augas. Logo cocémolas en auga e botámoslles azucre. (Temos que ter en conta que se queremos que se conserve tempo, a proporción de azucre ha de se-la mesma cá de monda e líquido.) Poñédelle a cocer unha rama de canela e cando a laranxa estea transparente, logo de máis de 2 horas de cocción, é que xa está feita. Tamén se pode facer, en menor tempo, na ola exprés. Consérvase en botes de cristal. Se leva pouco azucre podémolo gardar no conxelador.

Para forma-la flor colocade nun prato ou fonte redondos as rodas de laranxa e de kiwi mondadas, e no centro un queixiño con anaquiños de confeito picados moi miúdos. Regádeo con media copiña de viño doce mesturado coa mesma cantidade de almibre. O resto

dos queixiños batédeos con almibre, engadídelle-la monda da laranxa confeitada moi picadiña e servídeo en salseira áparte. (Se non témo-lo confeito podémolo substituír por marmelada.)

VIEIRAS A TRES GUSTOS

Vieiras.
Cebola.
Perexil.
Pementón.
Nata.
Sal e aceite.

Limpade ben as vieiras deixándolle-la parte negra se é o gusto, e botádelle sal e un bo chorro de limón. Picade moi fiiña a cebola e fritidea en aceite ata que estea transparente.

O NATURAL

Poñede en cada vieira unha cullerada de cebola, outra de aceite do refrito e espolvorexar un pouco de pan relado.

A CREMA

Colocade en cada vieira unha cullerada de cebola ben escorrida do aceite e tres culleradas de nata.

O NOSO XEITO

Engadídelle á cebola unha cullerada de perexil nada máis retirala do lume e unha culleradiña de pementón. Botade dúas culleradas deste rustrido sobre as vieiras e cubrídeas de pan relado.

Hai quen gusta de poñerlles un pouco xamón, pero nese caso é mellor que estea ben picadiño para que lles quite menos o sabor ás vieiras. As veces fanse cunhas culleradiñas de salsa de tomate, suprimíndose, xa que logo, o pementón.

XENARO SANCHEZ PAZ

Novos métodos de selección para os concertos das grandes estrelas

Cando aínda faltan varios meses para o verán e, polo tanto, para os días nos que teñen lugar as grandes actuacións internacionais de pop-rock, xa xorden as primeiras noticias e rumores sobre a xente que poderemos ver en directo nos principais puntos de España (Barcelona, Madrid, Donostia, Valencia e pouco máis). É moi posible que moitos estean centrando as súas viaxes nos posibles concertos de Prince e os Rolling Stones, pero, hoxe en día, e non só en España, a xira que está levantando máis rumores é a David Bowie. O «Duque» estivo en España hai, aproximadamente, dous anos e medio. A pesar da lóxica expectación, por aquilo de que era a primeira vez que Bowie actuaba en España, os seus concertos pecaron de irregularidades por unha inoportuna afonía que fixo que D. Bowie non estivese ó nivel habitual. Agora, contando con que non aconteza o mesmo, existen algunhas variantes que fan da xira de Bowie algo inusual dentro de circo do rock. En principio, normalmente, os artistas aproveitan o lanzamento do seu último LP para promocionalo aínda máis ó interpreta-la maioría das cancións que aparecen nese disco nos seus concertos. Esta vez todo vai ser diferente. A xira levará o nome de «Sound & Vision» e as cancións que vai interpretar Bowie non as vai elixi-lo artistas británico, senón o público de cada país. En Londres hai un número de teléfono a onde poden chama-los fans de Bowie para, a cobro revertido, elixi-las cinco mellores cancións de toda a discografía do «Duque». Segundo isto, cada país pode escoitar un concerto diferente, tendo como clave a exclusiva votación popular.

Para quentar un pouquiño máis a devandita xira, D. Bowie acaba de edita-los seus tres primeiros LP's, únicos discos sobre os que aínda exerce os dereitos o artista británico, cunha pequena sorpresa. Cada disco conta coas cancións que aparecían orixinalmente na primeira edición, pero, ademais, aparecen unha serie de temas inéditos que fan dos álbums o obxectivo de coleccionistas. Como último apuntamento, significar que estes tres LP's nin apareceron nin, posiblemente, aparecerán no mercado discográfico español.
Cambiando de tema, os novos discos dos Christians e Tanita Tikaram son os que están tendo máis vendas hoxe en día no noso mercado. En canto ó segundo LP de Tanita Tikaram, producido polos mesmos personaxes que traballaron no primeiro álbum desta rapaza, hai que salientar que transcorre polos mesmos camiños do «Ancien Heart» pero, cun pequeno matiz, a meirande parte das cancións ten un toque máis intimista que fai que o disco non sexa tan atractivo á primeria escoita. Sen embargo, isto non debe levar a engano. A calidade das cancións está fora de toda dúbida.
Finalmente, por fin se lle fai caso a un dos mellores guitarristas que deu o rock americano dos últimos quince anos. Acaba de aparecer no mercado discográfico español un LP recopilatorio de éxitos de John Hiatt baixo o título «Y'all caught?», con cancións que pertencentes ós discos que editou Hiatt entre os anos 79 e 85.
Como eses LP's non chegaron a editarse nunca en España, mellor ca mellor.


MOTO,
Moto,
Capitán Eloy, 13 - ORENSE
Moto,
Príncipe, 30. VIGO
Moto,
Dr. Castro, 6 - LUGO
Moto,
San Andrés; 149 - LA CORUÑA
Moto,
Real, 119 - FERROL
Moto,
Sagasta, 5 - PONTEVEDRA
MOTO

Xosé Ramón Sanz de Siria e Núñez

Horóscopo

OS NATIVOS DO SIGNO ZODIACAL

DOS PEIXES

O xigante Tifón, principio das tebras e flaxelo de Grecia, inimigo permanente dos deuses do Olimpo, era moi temido e a súa esposa, Equidna, enxendrara monstros terroríficos, como Cerbero, a Hidra de Xerna e a Esfinxe. Este malfeitor perseguía co seu odio á deusa Venus, ideal de beleza e dozura, e ó seu fillo Cupido. Tamén quería vingarse do fauno Pan, deus novo que axudou a Hermes-Mercurio a loitar contra él. Foi Pan quen suxeriu a Venus, cando fuxía con Cupido, o seu fillo, que se afundira no fondo do mar para escapar de Tifón, pois este tiña pánico á auga. Así é como a deusa Venus volvía ó seu elemento orixinal, pois, segundo a mitoloxía grega, xurdira da escuma do mar.

Informado o deus Neptuno, enviou á deusa Venus dous golfiños para que ela e o seu fillo Cupido subisen a cabalo deles e os levasen fóra do alcance do temible Tifón.

En recompensa estes dous peixes mamíferos foron colocados no centro do firmamento... para que fosen lembrados por sempre eternamente co nome de Constelación dos Peixes.

Os Peixes soen ser persoas moi agradables, no só polo seu temperamento, senón tamén polo seu aspecto físico. O seu carácter sensible e xentil reflíctese no suave óvalo da cara; de testa bela, ollos expresivos e adorables, recoñecibles pola súa mirada soñadora e de notable fascinación. O aspecto case etéreo queda acentuado polo seu pequeno nariz, as suaves meixelas e o pescozo fino. Os Peixes teñen a miúdo os pés cruzados e, ó sentarse no chan, fano de xeito semellante ó dunha mítica serea. Estes nativos están marabillosos tanto cun modelo de París coma cun feito por eles. A ámbolos sexos lles favorecen os tecidos de veludo ou brillantes que lembren as escamas.

A MULLER PEIXE, toda sensibilidade e tenrura, ten un estraño e misterioso encanto. Hai algo de fráxil (aparentemente), místico e inocente nelas. Son etéreas, gráciles e posúen decote unhas figuras encantadoras. Caracterízanse por ama-la auga e algunhas non poden vivir máis ca á beira do mar, dun río ou dun lago; outras, en vista dunha derivación desta peculiaridade, tañen un organismo que retén a auga e, axudadas pola influencia do planeta Xúpiter, teñen tendencia natural a engordar a pesar de tódolos seus esforzos por mante-la liña.

A tendencia dos Peixes é seren moi emotivos e de gran intuición. Todas estas cualidades se ven afectadas moitas veces pola lentitude con que toman os problemas da súa vida privada e, a causa disto, resultan fáciles presas de tormentas pasionais e abandono da súa vontade. É impresionable, pero gran batallador á vez. Cando ten un ideal, reacciona sempre a tempo fronte ós atropelos, poñendo as cousas no seu lugar.

Estes nativos están rexidos polo planeta Neptuno, que representa o misterio, o sobrenatural e reunido á intuición, ás tendencias místicas ou de médiums. Confiren unha poderosa imaxinación e moitas veces o xenio creativo.

NATIVOS UNIVERSAIS DOS PEIXES. Miguel Anxo, un digno representante do Renacemento; o excelso Nijinski e Nureiw, bailarins de renome do ballet contemporáneo; o músico Maurice Ravel, de compases de grande refinamento; Frederico Chopin, cunha intuición anticipada; o gran escritor Víctor Hugo, creador de personaxes con vida; a xenialidade científica de Einstein, que aportou unha nova forma de ve-lo Universo; a poderosa voz de Enrico Caruso, un dos mellores tenores de tódolos tempos; o mítico Bufalo Bill, héroe do Oeste; Xesucristo, o nacemento dunha nova era; Casanova, o máis coñecido seductor da historia galante.

GALEGOS FAMOSOS DO SIGNO. Rosalía de Castro, Menéndez Pidal, Otero Pedrayo, Frei Martín Sarmiento, Xosé María Castroviejo, Anxo Amor Ruibal e Francisco Asorey.●

CARNEIRO
21 marzo-20 abril.
Un bo mes para facer inventario dos valores pasados e as metas futuras. Será tamén bo para os negocios. A saúde poderá presentar algúns problemas, se te excedes no comer ou no beber. Hai encontros apaixonados con seres queridos que regresan. Os mellores números son o 3 e o 5. Os días máis propicios son os luns.

TOURO
21 abril-20 maio.
Os asuntos profesionais necesitan novos métodos e técnicas máis innovadoras. Terás un amor idealista conectado co profesional... pero... hai un desengano e tamén unha formalización dun compromiso agardado. Pódenseche presentar algúns contratempos cos xefes ou compañeiros envexosos.

PROGNÓSTICOS PARA O MES DE MARZO



XEMELGOS
21 maio-20 xuño.
En marzo apareceranche viaxes repentinas, inesperadas, a lugares moi apartados. Este mes é adecuado para as reconciliacións amorosas, pero perigoso para asinar papeis legais. No traballo preséntanse accidentes que poden prexudicarte. Nos estudios podes triunfar en materias complicadas... esas que che preocuparon ultimamente.

LEÓN
21 xullo-21 agosto.
Os asuntos do fogar aconsellan un enfoque sincero. Libérate dos hábitos e costumes negativos do pasado. Enerxías planetarias positivas crean unha boa aura para o romance; preséntanseche momentos de grande intensidade polas influencias do planeta Venus e do Sol, que é o teu rexente. Aproveita as oportunidades que che brinda este renovado erotismo.

BALANZA
23 setembro-22 outubro.
O traballo asociado ós desfavorecidos ou xente con problemas pode ser satisfactorio agora; os desempregados terán tendencia a obter un traballo fixo. Sigue adoptando un enfoque práctico no referente ós nenos e amantes. O azar dos primeiros días do mes serache propicio.

SAXITARIO
23 novembro-20 decembro.
Bo para reanudar compromisos e asinar papeis legais. Hai algúns contratempos no traballo por incidencias de persoas malintencionadas. Non te deixes levar polas apariencias. En canto á túa vida sexual, preséntaseche unha etapa moi favorable para que proxécte-la túa verdadeira imaxe erótica coa persoa que amas.

ACUARIO
21 xaneiro-18 febreiro.
É hora de decisións solitarias, baseadas no espírito práctico aplicando a experiencia, o instinto ou a conxectura. Se ti fa-los teus deberes na casa, destacarán excelentes oportunidades para realizacións progresivas de obxectivos. Evita confundi-las emocións coas finanzas. Hai vibracións positivas de alto contido romántico.

CANGREXO
21 xuño-20 xullo.
O mes de marzo, por tradición astrolóxica, non é un mes bo para os do signo do Cangrexo... aínda que podes sacarlle partido ás influencias negativas permanecendo na túa casa o maior tempo posible. No fogar tes un bo aspecto que che dará tendencias confortables e agradables coa túa parella e amigos.

VIRXE
22 agosto-22 setembro.
Evita os enfrentamientos cos veciños e parentes. ¡Coidado cos celos e as explosións sentimentais, porque poden crearche graves problemas! Adopta un punto de vista de longo alcance. O traballo continuará o seu avance progresivo, pero necesita fundamentos. Os días 10, 11, 24 e 25 serán moi bos en xeral.

ESCORPIO
23 outubro-22 novembro.
Os deberes e as responsabilidades destacan agora. Os rapaces e os parentes necesitarán a túa axuda; fai uso nisto dun enfoque con sentidiño. O mes é bo para as mudanzas. O traballo está moi beneficiado. Unha persoa do signo zodiacal do Cangrexo aparecerá na túa vida e traerache moita alegría.

CAPRICORNIO
21 decembro-20 xaneiro.
A túa sorte está favorecida aqueles días que terminen no número 3 ou que sumando indiquen esa cantidade (como o 12 e o 21). Debes xogar con combinacións numéricas que unan a data de nacemento co número 3. No sexo existe unha desgana sexual sorprendente... tanto nas mulleres coma nos homes Capricornio.

PEIXES
19 febreiro-20 marzo.
Coidado coas precipitacións á hora das decisións porque o planeta Marte está influíndo negativamente no teu signo zodiacal. No amor e sexo os primeiros días do mes serán importantes, sobre todo polo trígono que afecta o planeta Venus co Cangrexo; terás unha gran vitalidade. ¡Ama ata o cansazo!

SANTIAGO PEMÁN

A PRIMAVERA

Querida amiga:
No inverno do ano pasado gozamos de bo tempo en xeral, aínda que o frío e as xeadas abundaron especialmente en zonas do interior. Este mes estamos a despedir unha estación escura e chuviosa con abundantes precipitacións, especialmente na vertente atlántica, que superaron en moitos puntos e momentos os valores propios da época. Esto provocou, tristemente, a aparición das inundacións. Sen embargo non debemos mirar para atrás, senón para adiante e con optimismo; por eso espero de ti, PRIMAVERA, que nos traias bo tempo, seco e soleado, aínda que xa vexo algúns días anubrados, con precipitacións en xeral con pouca sarabia; esto non deixa de ser relevante, pois nunha estación en que toda a naturaza se pon en marcha florencendo non é conveniente que nos xogue unha mala pasada.

Canto ós ventos, non deberían pasar de moderados, como moito, e travesíos, xa que de ser así —así o espero— as temperaturas, en xeral, deberán ser moi suaves, con algúns días en que van superar, probablemente, as propias desta época do ano. Mais, naturalmente, tamén vai haber ramallazos e incluso nevadas en zonas altas do interor, pero serán máis espectaculares ca importantes.

Comvén recordarche, PRIMAVERA, o que fixeches en anos pasados no estado español. Así, en 1967, o día 12, chegábase ós 33,7 graos en Albacete, a mesma temperatura que tiñan en Badaxoz o día 29 de marzo do ano 1905; estas eran mesmo superadas polos 35,4 graos que había en Santa Cruz de Tenerife o día 24 de marzo do ano 1951. A máis baixa foi para Teruel, con 11,6 graos baixo cero o día 6 de marzo do 1971. Xa no noso país, represéntovolas nun cadro ó pé, onde aparecen os datos correspondentes o que vai de século.

Antes de rematar, falemos un pouco de Fenoloxia; coido que é a amendoeira a que máis destaca, pois, sendo oriunda de Asia Centra e Oriental, dáse incluso en rexións onde o solo e o clima lle son pouco favorables. As flores da amendoeira, brancas e rosáceas, aparecen antes cás follas. A súa floración, unha das máis temperás nas árbores froiteiras, soe ocorrer cando a temperatura media diurna do aire supera os 8ºC. A floración da amendoeira comunícalle á paisaxe un aspecto cautivador. E a amendoeira o «heraldo da Primavera». A súa floración coincide co voo das abellas que visitan as súas temperás flores para obte-la materia prima con que elabora-lo mel.

Por todo eso pídoche, PRIMAVERA, que non fagas honra a aquel dito «Marzo, marzán, pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can»; sería mellor aquel de «Marzo ventoso e abril chuvioso traen o maio florido e fermoso».

TEMPERATURA EXTREMAS DO QUE VAI DE SÉCULO NO MES DE MARZO EN GALICIA

	MAX.	DIA	ANO	MIN.	DIA	ANO
A CORUÑA	28,2	29	1965	0,8	2	1970
LUGO	26,5	27	1944	–5,2	16	1980
OURENSE	27,2	11	1989	–3,0	9	1964
PONTEVEDRA	29,3	28	1965	–0,6	11	1935

rag

RADIO AUTONÓMICA GALEGA

A radio galega - Canal Autonómica

Da lo mismo. Ya estés a 2.000 metros de altura o cómodamente apoyado en la barra del bar, lo importante, lo verdaderamente esencial, es que tengas a mano tu Estrella Galicia. Que puedas saborear su inconfundible carácter. Su poderosa personalidad de cerveza superior. Sí, allí donde vayas, en la tierra o en el cielo, asegúrate de tener Estrella. Cervezas Estrella Galicia.

Tu buena Estrella.

Estrella Galicia